



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 33

Sesión plenaria
17 de decembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Textos legislativos

1.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (doc. núm. 13638, 12/PL-000004)

1.2 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 13639, 12/PL-000005)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión e, como non hai ausencias, comunica que se vai entrar na orde do día. (Páx. 7.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente expón a ordenación do debate e comunica as emendas que permanecen para o seu debate en pleno. A continuación, dálle a palabra á señora presidenta da Comisión 3.^a para que faga a presentación do ditame. (Páx. 7.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños). (Páx. 7.)

Debate do articulado

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: (O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención) (Páx. 9.), Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 9.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 12.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 17.).

Rolda dos grupos parlamentarios para definírense sobre as emendas mantidas polos demais grupos: (O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención) (Páx. 21.), Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 21.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 22.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 24.).

Debate conxunto sobre os estados de gastos

O señor presidente dá paso ao debate conxunto dos estados de gastos. (Páx. 26.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 26.), Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 29.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 36.) e Sra. Prado del Río (P) (Páx. 45.).

Rolda dos grupos parlamentarios para definírense sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 53.), Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 55.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 57.) e Sra. Prado del Río (P) (Páx. 60.).



Votacións do Ditame, emitido pola Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025

O señor presidente expón o esquema que se vai seguir para as votacións do texto orzamentario. (Páx. 63.)

Votación das emendas ao articulado

Votación das emendas ao articulado núms. 1 a 63 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e 1 abstención* (Páx. 64.).

Votación das emendas ao articulado núms. 8, 10, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27 e 32 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: *rexeitadas por 25 votos a favor, 39 en contra e 10 abstencións*. (Páx. 64.)

Votación das emendas ao articulado non votadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e 1 abstención*. (Páx. 64.)

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais

Votación da emenda número 1 ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do G. P. Mixto ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: *rexeitada por 26 votos a favor, 39 en contra e 9 abstencións* (Páx. 65.).

Votación da emenda número 2 ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do G. P. Mixto ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: *rexeitada por 26 votos a favor, 39 en contra e 9 abstencións*. (Páx. 65.)

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e 1 abstención* (Páx. 65.).

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: *rexeitadas por 35 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 66.)



Votación do texto articulado, coas emendas incorporadas, se é o caso

Votación do texto articulado do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: *aprobado por 39 votos a favor, 34 en contra e 1 abstención.* (Páx. 66.)

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas incorporadas, se é o caso

O señor presidente comunica as seccións que se van votar por separado en primeiro lugar. (Páx. 66.)

Votación das seccións Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo de Galicia do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: *aprobadas por 39 votos a favor, ningún en contra e 35 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación das seccións e das entidades públicas non votadas do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: *aprobadas por 39 votos a favor, 35 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Rematadas as votacións, o señor presidente comunica que queda aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 e anuncia que se vai pasar deseguido ao debate do seguinte texto lexislativo. (Páx. 67.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3^a, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas que permanecen para o seu debate en pleno e, a continuación, dálle a palabra á señora presidenta da Comisión 3^a para que faga a presentación do ditame. (Páx. 67.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 3^a, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños).* (Páx. 68.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: *(O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención)* (Páx. 69.), *Sra. Iglesias Rey (S)* (Páx. 69.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 74.) e *Sr. García Comesaña (P)* (Páx. 78.).

Rolda dos grupos parlamentarios para definírense sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *(O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención)* (Páx. 82.), *Sra. Iglesias Rey (S)* (Páx. 82.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 85.) e *Sr. García Comesaña (P)* (Páx. 86.).



Votacións do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

Votación das emendas formuladas e mantidas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 9 votos a favor, 39 en contra e 26 abstencións.* (Páx. 88.)

Votación das emendas formuladas e mantidas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e 1 abstención.* (Páx. 89.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *aprobado por 39 votos a favor, 35 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Remata a sesión ás tres e nove minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Non hai xustificación de inasistencias. Entramos na orde do día, que ten un punto único: textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025

O señor PRESIDENTE: En primeiro lugar, haberá unha presentación do ditame da comisión, logo virá o debate do articulado cunha rolda dos grupos parlamentarios por un tempo de quince minutos e unha réplica de cinco minutos. Logo pasariamos xa ao debate conxunto do estado de gastos, no que habería unha rolda dos grupos parlamentarios por un tempo de trinta minutos e unha réplica de dez minutos.

As emendas foron mantidas polos grupos: hai do Grupo Mixto, do Grupo Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Comezamos. Para a presentación do ditame da comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, dona Noa Presas.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Presas Bergantiños): Bo día.

Procedo a presentar o ditame sobre o proxecto de Lei de orzamentos xerais para a Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2025. O Proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 19 de outubro de 2024. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 19 de outubro, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento*. As emendas á totalidade foron cualificadas o 11 de novembro de 2024. Os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia formularon emendas de devolución global dos orzamentos xerais e dos orzamentos das seccións, así como emendas non devolutivas que transferían créditos entre aplicacións de diferentes seccións ou modificaban a contía total dos estados de ingresos e gastos. Todas as emendas foron desbotadas na sesión do pleno do 18 de novembro de 2024.

As emendas parciais que detallamos a continuación foron cualificadas o 22 de novembro de 2024. Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia: 4 emendas ao articulado, 7 aos estados numéricos; un total de 11 emendas. Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: 32 emendas ao articulado, 516 aos estados numéricos; un total de 548. O Grupo Parlamentario Socialista presentou 63 emendas ao articulado, 583 emendas aos estados numéricos; un total de 646. Finalmente, o Grupo Mixto non presentou emendas ao



articulado e presentou dúas emendas aos estados numéricos. En total, hai 99 emendas ao articulado e 1.108 aos estados numéricos, que suman un total de 1.207 emendas parciais no seu conxunto.

A Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 25 de novembro de 2024, designou as e os ponentes para a tramitación: por parte do Grupo dos Populares, o señor Alberto Pazos Couñago como titular e dona Cristina Sanz Arias como suplente. Por parte do BNG: Noa Presas Bergantiños titular e Olalla Rodil Fernández suplente. Por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia: María Espinosa Mangana titular e dona Patricia Iglesias Rey suplente. Por parte do Grupo Mixto: o señor Armando Ojea Bouzo.

A sesión de ponencia tivo lugar o 26 de novembro de 2024 e nela rematouse o informe que contén as recomendacións que lle fixo á Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. En relación coas restantes emendas, a ponencia, por maioría, recomendoulle á Comisión o rexeitamento das presentadas ao articulado, tanto polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego como dos Socialistas de Galicia. As emendas ao estado de gastos presentadas por estes grupos quedaron pendentes para a Comisión. A emenda número 2 do Grupo Parlamentario Popular presentada á sección 5 foi retirada. A Comisión, reunida os días 5, 9 e 10 de decembro de 2024, aprobou por maioría o informe emitido pola ponencia e rexeitou as presentadas aos estados de gastos polos grupos parlamentarios da oposición, coa excepción dunha transacción elaborada coa emenda número 371, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas á sección 13.

O número de emendas mantidas para o pleno é o seguinte. Por parte do Grupo Parlamentario do BNG: 32 emendas ao articulado e 516 aos estados numéricos; un total de 548. Por parte dos socialistas: 63 ao articulado e 582 aos estados numéricos, que suman un total de 645. Por parte do Grupo Mixto: 2 emendas. En total, temos vivas 95 emendas ao articulado e 1.100 emendas aos estados numéricos. Polo tanto, quedan pendentes de tramitación neste pleno 1.195 emendas.

O ditame consta dun texto articulado e duns estados numéricos constituídos polos estados de ingresos, de gastos e financeiros. O orzamento total consolidado ascende a 15.740.540.499. O texto articulado consta dunha exposición de motivos seguida de 65 artigos agrupados en 6 títulos, 17 disposicións adicionais, 3 disposicións transitorias, 3 disposicións derradeiras e 7 anexos.

O título I refírese á aprobación dos orzamentos e ao réxime de modificación de créditos. O título II regula os gastos de persoal. O título III é o referido a operacións de endebedamento e as garantías. O título IV regula a xestión orzamentaria. O título V está dedicado ao financiamento das corporacións locais e o título VI é o referido ás normas tributarias, que inclúe un único precepto en relación cos criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico, xa que a meirande parte da regulación tributaria contense no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que proximamente se tramitará tamén neste pleno. Finalmente, determínase o prazo de vixencia da futura lei, así como a data da súa entrada en vigor.

Grazas.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Debate do articulado

O señor PRESIDENTE: Comezamos, polo tanto, o debate do articulado.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto. (*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Non intervén.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Presidente, conselleiro, deputadas, deputados, bos días a todos.

Señor Corgos, a influente publicación inglesa *The Economist* —por certo, un medio que adoita ser referencia para liberais e para a dereita— publicou recentemente o índice de cales eran as mellores economías do mundo e situou España como a primeira na clasificación das economías da OCDE. É dicir, que sitúa o noso país entre as 37 economías máis avanzadas do mundo. Sabemos que é unha tradición dese medio de comunicación, que ten en conta cinco indicadores combinados para dar esa nota: o crecemento do produto interior bruto, que é forte e próximo ao tres por cento; que o paro caeu ao nivel máis baixo da década, e destaca a dinamización do mercado laboral que achegaron factores como a emigración, que levan á produción económica; a bolsa con variación anual positiva; a inflación, o balance fiscal... E o informe fala tamén dunhas contas moi saneadas, que é o paradigma económico que cambiou. Paradigma que cambiou desde a covid, e que este cambio ten impactos positivos en varios países, como é o caso de España.

Señor Corgos, o que escoitamos moitas veces é o Partido Popular nos seus discursos políticos dicir xusto o contrario do que di *The Economist*. E quero poñer isto en contraste co que sucede en Galicia. E isto que sucede en España, que é positivo, faino mentres o goberno da Xunta de Galicia, primeiro con Feijóo e agora con Rueda, estivo sempre máis preocupado do que pasaba en Madrid que de resolver os problemas de Galicia, dos galegos e das galegas. E o que pasa en España é que a economía é positiva. Non o dicimos nós, non o dicimos os socialistas, senón que tamén o din expertos que non debemos cuestionar en absoluto.

E, con todo, desde o noso punto de vista, o Goberno da Xunta de Galicia non foi capaz de aproveitar a oportunidade histórica que se nos ofrece cos fondos extraordinarios europeos, os fondos de recuperación, transformación e resiliencia, conseguidos grazas ao esforzo e o liderado do presidente do Goberno, de Pedro Sánchez. Tampouco a situación económica de España serviu para mellorar a situación económica de Galicia.

E así nos atopamos cunha Galicia que, despois xa de tantos anos de goberno do Partido Popular con maiorías absolutas, as súas políticas públicas non serviron para mellorar a vida dos galegos e as galegas, pero tampouco serviron para a defensa do medio ambiente ou para cambiar o noso sistema produtivo. E, agora que estamos na recta final para a aprobación



dos orzamentos do ano 2025, nada cambiará, porque estes orzamentos tampouco van cambiar as políticas que a Xunta de Galicia vai pór en marcha no ano 2025.

Non tardarán en pasar uns días para que, de novo, vexamos a Xunta de Galicia e o Partido Popular culpando o Goberno de España ou culpando os concellos de algo. Dá igual do que sexa, porque o goberno da Xunta de Galicia nunca será responsable dun problema que teñamos en Galicia e moito menos será responsable de falta de iniciativas.

E, señor Corgos, por moito que digan que estes orzamentos son históricos, desde o punto de vista socialista queremos repetir que é case unha obviedade. Isto vai suceder sempre, salvo circunstancias excepcionais, e vostede sábeo. Se estamos en etapas inflacionistas, con só aplicar o IPC —ou parte do IPC— xa teríamos unha contía superior á do ano anterior.

Pero estes orzamentos non dan respostas ás necesidades que ten Galicia. Non as dan para ter unha Galicia máis verde, máis dixital, máis feminista, máis cohesionada desde o punto de vista social. Unha Galicia onde non siga existindo unha brecha entre o mundo rural e o mundo urbano. Unha Galicia que defenda a nosa lingua, a nosa identidade. Unha Galicia que se preocupe polos máis vulnerables, pola educación, pola vivenda. (*Aplausos.*) Uns orzamentos que non contemplan medidas para que baixe a taxa de desemprego dos mozos e das nosas mulleres. Uns orzamentos que non van revertir os recortes e a precarización dos servizos públicos, pero que tampouco poñen en valor as nosas capacidades e as nosas fortalezas. Uns orzamentos que non van colocarnos na primeira clasificación entre as comunidades autónomas; nin no ámbito social, nin no económico nin no industrial.

Este orzamento que, como instrumento, vai marcar a maior parte das políticas que a Xunta de Galicia vai pór en marcha no ano 2025, non nos gusta, porque, como dicíamos, non dá resposta ás necesidades da poboación galega. Pero, como instrumento de planificación, estamos convencidos de que caerá nos mesmos vicios e defectos que en anos anteriores; é dicir, manterá a mesma planificación nefasta que en anos anteriores. Nada máis iniciarse o ano atoparémonos coas modificacións orzamentarias; algunhas que se repiten ano tras ano, como é o uso do fondo de continxencia para o Sergas, e que o Consello de Contas plasma nos seus informes ano tras ano. Porque a maior parte destas modificacións van dirixidas a cubrir as necesidades de contratación de persoal e de compra de material.

E, falando do Sergas, vou facer un pequeno cálculo para que non nos chamen demagóxicos. É certo que a Consellería de Sanidade é máis que o Sergas, pero tamén sabemos que o Sergas é o que ten o maior peso dentro dos orzamentos desa consellería. Pois ben, o Consello de Contas mediu as desviacións que acabamos de dicir e que no ano 2022 supuxeron 458 millóns de euros sobre o orzamento inicial. O incremento total da consellería para este ano son 269,7 millóns de euros e, sumados ao do ano anterior, 467,7. ¿Dáse conta, señor conselleiro, de que os incrementos non alcanza nin para tapar os buracos, e todo iso sen aplicar o IPF? ¿Como non van ter que facer uso das modificacións orzamentarias e do fondo de continxencia? ¿Como van pagar calquera posta en marcha dunha acción máis? Estamos a falar de Sanidade, pero isto podería traspasarse a calquera consellería.



Hoxe imos aprobar uns orzamentos para o ano 2025 que alcanzarán case os 14.000 millóns de euros; en concreto, 13.954 millóns de gastos non financeiros. Pero case idénticos a como se iniciou a súa tramitación, cunhas mínimas modificacións para xustificar o Partido Popular que algo acordaron. Os socialistas presentamos 63 emendas ao articulado e non admitiron ningunha. O gran argumento é que a maioría das mesmas foron tamén presentadas en anos anteriores. Por suposto, nós non cambiamos de idea ano tras ano. (*Aplausos.*) Defendemos as nosas ideas, as ideas socialistas e, como non incorporaron ningunha nos anos anteriores, seguiremos defendéndoas.

Non vou entrar nas 63 emendas, pero si indicar cales eran as nosas pretensións con esas emendas. Por unha banda, mellorar a transparencia e bo Goberno da Xunta de Galicia. Un claro exemplo é a emenda número 2, que pretende que, para cada un dos beneficios fiscais establecidos, se establezan os obxectivos que se perseguen e os indicadores de cumprimento, cun estudo anual para coñecer o impacto das políticas económicas e sociais ás que van destinados. Outras van tamén no ámbito da transparencia, pero vinculadas con recomendacións do Consello de Contas; como son a 19, a 20 e a 21, referentes ás transferencias de crédito entre [*Inaudible.*]. Porque os orzamentos para un exercicio non se axustan ás necesidades reais, como xa sinalamos no exemplo que lle puxen antes co Sergas. Outras van tamén nese mesmo ámbito de transparencia, como pode ser que se elabore un plan de publicidade e comunicación institucional. Isto, señor Corgos, facémolo ano tras ano porque vostedes prefiren a opacidade á transparencia. (*Aplausos.*) Queremos un plan que recolla todos os gastos que en información, publicidade ou propaganda leva a cabo o Goberno galego. E que acabemos para sempre o que ano tras ano fai a Xunta de Galicia escondendo as súas partidas e aparecendo gastos en sitios do máis surrealista, como pode ser o inmovilizado inmaterial. Ou tamén pretendemos con outras a transparencia e o financiamento dos concellos e dotalos con fondos suficientes para atender as súas necesidades; disto van as emendas 45 e 46. E para ir acabando con iso que aplica a Xunta de Galicia cos concellos: «eu convido e ti pagas».

Hai outras emendas referentes a debates que vivimos e que vimos mantendo neste Parlamento con iniciativas presentadas, como pode ser a número 48, con respecto á vivenda. Outras pretenden mellorar o articulado, porque, en definitiva, somos conscientes de que ese articulado é un pouco a columna vertebral na que se basea a xestión orzamentaria para o ano 2025.

Por iso queremos tamén axustar o contido da emenda transversal presentada polo Grupo Socialista con variacións no total do gasto non financeiro e o incremento orzamentario que pretendía atender o contido desa devandita emenda transversal. Emenda transversal para subsanar a falta de políticas ou as debilidades da Xunta de Galicia en materia de cultura, de lingua, de educación, de benestar social, de sanidade, de financiamento local e vivenda —que xa os citamos antes—, de medio ambiente, de enerxías limpas, de emprego, de medio rural, de deporte, de igualdade ou de memoria histórica. Son emendas que pretenden dar solucións aos problemas presentes de Galicia; para situarnos aos galegos e ás galegas pensando, si, nos máis vulnerables, nos servizos públicos, especialmente na educación, na sanidade, no benestar social e no gran problema que hoxe temos en Galicia coa vivenda.

Como puxemos antes o exemplo do Sergas, vou seguir co mesmo exemplo. Se antes simplemente esgotamos os incrementos tapando os buratos que o Consello de Contas nos dicía no



ano 2022, agora preguntome: ¿como van abordar estes orzamentos as estimacións da propia consellería de que as consultas nos centros de saúde van crecer un quince por cento no próximo ano? E alégrome de que estea aquí o conselleiro de Sanidade, para que tamén oia en directo a pregunta. Ou ¿como van solucionar que teñamos o terceiro coeficiente peor de enfermeiras por mil habitantes en Galicia con respecto a toda España? Ou ¿como van responder á insatisfacción coa sanidade pública? Porque aumentou o 65 por cento a insatisfacción, segundo Eurostat, nun ano. Insatisfacción porque o sistema sanitario non atenden ás nosas necesidades. E así poderíamos seguir cun sen fin de cousas máis, pero isto mesmo podería ser aplicado a todas e cada unha das seccións ou a todas e cada unha das consellerías.

Pero, señor conselleiro, con todo o respecto, nada disto ten resposta nos orzamentos, e acábolle de pór un exemplo moi claro. Vostede, que é de números, espero que non vaia ter argumento para refutar o que eu lle acabo de dicir. E dígolle que isto mesmo, se tivésemos tempo, poderíamos traspasalo a todas e cada unhas das consellerías e deixar sen ningún argumento a Xunta de Galicia para as políticas que queren pór en marcha. *(Aplausos.)*

E xa remato. En comisión diciámoslle ao Partido Popular que tiña unha oportunidade para dicir «si» ás nosas emendas. Sería non unha oportunidade para os socialistas; sería unha oportunidade para Galicia, para os galegos e para as galegas. E agora reiterámoslles: señoras e señores do Partido Popular, aínda poden rectificar; aínda poden pensar en positivo, que é pensar en todos os galegos e ás galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e todas.

Bo día, señor conselleiro.

Hai hoxe 22 anos e 16 días Galiza daba unha lección de dignidade, inzando as rúas de Compostela de paraugas baixo o berro de «Nunca máis». E hai case 48 horas volveu pasar. Cunha mobilización histórica, Galiza volveu dar unha lección de dignidade; a Galiza que non se resigna berrando, alto e claro, «Altri, non». O que aínda non pasou nas últimas 48 horas é escoitar o Partido Popular pedir desculpas a todos os galegos e galegas aos que vostedes lles faltan ao respecto, criminalizándoos, caricaturizándoos ou minusvalorando a xente deste país, señores do Partido Popular. Xente que pensa por si propia; que non se deixa manipular por ninguén, tampouco pola TVG ou pola propaganda institucional que vostedes e as súas empresas amigas pagan. *(Aplausos.)*

Señores do Partido Popular, este domingo estivemos nas rúas os galegos e galegas do «si»; os que dicimos «si» á vida, «si» á defensa da terra, «si» á defensa do noso mar e dos nosos ríos, «si» ao futuro do sector primario e do emprego que xera a actividade na Ulloa



e na Arousa. A defensa do progreso e do avance, señores do Partido Popular, neste país é dicir, alto e claro: «Altri non, si Galiza.» Non a esa bomba ambiental de Altri. (*Aplausos.*)

E hoxe volvemos dicir «non» a eses orzamentos e mantemos vivas as nosas emendas ao articulado porque, como demostrou o debate nos últimos meses, ese mesmo Goberno que actúa de comercial de multinacionais tráenos uns orzamentos que non pensan nas necesidades nin nos intereses de Galiza. Dirixen as súas políticas económicas e as súas decisións políticas ao baleirado da Administración e á desregulación económica. E son uns orzamentos que un ano máis, señor Corgos —non me mire con esa cara de sorpresa, que non é a primeira vez que llo digo—, están pensados para drenar recursos públicos e dirixilos cara á privada. Son, como xa dixemos no debate de totalidade, os orzamentos máis neoliberais da historia deste país, os máis antisociais e os máis antigalegos. Nunca antes houbo un orzamento máis deseñado para privatizar servizos públicos, para incrementar o papel de colonia enerxética deste país e para favorecer a rapina de grandes sectores económicos. Non lles chegaba xa con favorecer o *lobby* eléctrico, que este ano incorporan medidas de calado profundas para favorecer a especulación coa vivenda.

Antisociais e antigalegos, insistimos, nun contexto que non é un contexto calquera. Somos conscientes de que vimos dun contexto histórico de acumulación de crises que deixaron secuelas no noso país. E poden vostedes rir o que queiran, pero están aí. Acabamos de coñecer o último informe da Rede Galega contra a Pobreza, por exemplo, e dinos que máis dun cuarto da poboación deste país —o 25,5 por cento— está en risco de exclusión ou pobreza. E dinos, ademais, que esas cifras aumentan respecto ao ano anterior en 50.000, chegando ás 690.000 persoas.

Só nos últimos catro anos enfrontamos circunstancias que nalgún momento foron impensables. Vivimos unha pandemia sen precedentes, unha crise crónica de prezos que aínda non acabou de se resolver e recruouse unha crise enerxética e climática que non ten precedentes na historia da humanidade.

Estes orzamentos, basicamente, o que fan na súa proposta de gasto e nas súas medidas é poñer unha venda a esta realidade. Este articulado colabora con esa venda que tapa os ollos do Goberno; nas medidas, nas grandes cifras e na súa estrutura. Para mostra, un botón: o gasto non financeiro nin sequera incrementa a carestía da vida; aumenta só un 2,5 por cento, cando só a inflación media do ano 2023 foi dun 2,9 por cento. Nin sequera compensa esa inflación. Polo tanto, estes orzamentos non son nin históricos nin suficientes. É practicamente un conxelamento orzamentario, conxelado nas cifras e conxelado tamén nas súas ideas. Non hai un aumento real da capacidade financeira da Xunta e non se avanza tampouco en medidas que sexan útiles para os galegos e galegas.

O articulado que hoxe debatemos nesta parte primeira do debate orzamentario basicamente o que fai é abrazar esa rutina. É un articulado practicamente idéntico ao dos últimos quince anos e, polo tanto, as emendas que presenta o Bloque Nacionalista Galego son similares tamén ás dos anos anteriores. Presentamos un total de 32 emendas —todas elas, para sorpresa de ninguén, rexeitadas— que pivotan arredor de tres grandes eixos, que propoñen, dentro deste marco orzamentario —que de por si é limitado—, facer unha transformación



das prioridades e da súa organización: o primeiro, a defensa do autogoberno económico e financeiro; o segundo, a defensa dos servizos públicos de maior transparencia e de mellor xestión; e o terceiro, a defensa dos dereitos das e dos traballadores públicos e tamén daqueles traballadores e traballadoras que dependen, en última instancia, do sistema público.

Son emendas en coherencia coas restantes emendas parciais que presentamos ao estado de gastos, que se debaterá a continuación, e tamén en coherencia co debate que demos na fase de totalidade. Basicamente demostran dúas cuestións moi claras. A primeira, a nosa oposición e a alternativa de goberno do Bloque Nacionalista Galego fronte ao programa do Partido Popular. En segundo lugar, algo no que queremos insistir: que, aínda dentro do limitado marco orzamentario, sería posible facer as cousas doutra maneira e seguir por outra liña económica. Gústame remarcar esta cuestión, porque nas últimas semanas estamos vendo ese intento do Partido Popular de reescribir a historia e de autoxustificarse as súas decisións económicas neoliberais en que non lles queda outro remedio. Pois non, señores do Partido Popular, afortunadamente a súa política económica ten remedio e ten alternativa, como demostran as emendas que presentamos desde o BNG.

Presentamos, como digo, propostas para a defensa do autogoberno económico e financeiro. Parécenos importante sinalar un ano máis que estes orzamentos manteñen medidas restrictivas e recortes de dereitos aprobados desde o ano 2009, particularmente polo señor Montoro no ano 2012, que nos demostra que a historia certifica unha cuestión moi clara: a dereita, cando quita un dereito, é para sempre; non é para volvelo restituír.

E, por riba, nestes orzamentos, ademais de manter moitas cuestións que se decidiron nese momento, abrázase unha vez máis a mordaza da normativa de déficit. Unha normativa, quero recordar, centralista e antisocial que o Partido Popular, como non está gobernando en Madrid, critica coa boca pequena, pero que despois ao mesmo tempo abraza nestes orzamentos e lauda constantemente, dentro desa contradición permanente na que vive o Partido Popular pretendendo soprar e sorber ao mesmo tempo.

E, ao mesmo tempo, tamén hai que denunciar que estes orzamentos están secuestrados pola débeda pública e que temos que ver como, nin no seu articulado nin en feitos recentes —como a última conferencia de presidentes do pasado venres—, temos un Partido Popular que asuma a realidade, que asuma a defensa do que é mellor para este país e que estea disposto a negociar a quita da débeda. Cada vez con argumentos —tamén teño que dicilo, con todo o respecto pero con toda contundencia— máis ridículos; cada día un argumento peregrino máis e cada día inventando unha cifra distinta. Desde logo, para ser o Goberno do rigor, a etiqueta estalles quedando bastante grande, señor Corgos.

Eu só quero recordar aquí que a débeda é a terceira partida de gasto máis importante destes orzamentos e que, se non incorren en máis débeda é porque non lles deixan, non porque a vostedes non lles guste. E, aínda así, a débeda supón nestes orzamentos un incremento do gasto. Aumentan os xuros en 14 millóns de euros e aumenta a amortización en 226 millóns, grazas á nefasta xestión do Partido Popular. Neste contexto, hai unha negociación impulsada polo BNG. Conséguese avanzar en que Galiza estea incorporada na negociación desa quita e o Partido Popular decide que non lle interesa, porque teñen que ser vostedes os máis servís



a Madrid. É que, mire, incluso a semana pasada o Parlamento andaluz, onde governa o Partido Popular, aprobou unha proposta para negociar bilateralmente co Estado. Pero aquí non; en Galiza foinos tocar o Goberno máis servil á estratexia centralista de Madrid. (*Aplausos.*) Os máis aplicados do centralismo, o Goberno máis lesivo da nosa a historia en materia de defensa de autonomía e autogoberno. En fin, ¿canto máis nos vai custar a súa pleitesía?

Presentamos tamén unha batería de emendas que están destinadas a blindar os servizos públicos. Insistimos, estes orzamentos manteñen cuestións como negarse a comprometer aquí a non afectar o gasto dos servizos públicos esenciais. Se tan expansivos son estes orzamentos, se tan históricos son estes orzamentos, se tan suficientes son para os servizos públicos, ¿por que esa negativa a poñer un punto na lei de orzamentos que diga que, se hai que recortar gasto por ese marco de déficit —porque sobe a carestía da vida ou porque non se compensa o IPC—, comprometemos aquí nestes orzamentos que non se van tocar as partidas dos servizos públicos esenciais? Pero, unha vez máis, o Goberno galego nega a aprobación desa emenda.

Tamén presentamos emendas destinadas a reducir a privatización dos servizos públicos. É unha obviedade que ese foi o camiño dos gobernos do Partido Popular. Temos informes do Consello de Contas no ámbito das residencias ou no ámbito da Sanidade que certifican esta cuestión, e estes orzamentos van por ese mesmo camiño. Quero recordar que aumentan máis de nove millóns de euros a partida para a asistencia sanitaria con medios alleos, mentres a investigación sanitaria baixa tres millóns de euros. ¿Serviunos esta estratexia do Partido Popular para ter mellores servizos públicos? Non. ¿Válenos esa estratexia para ter menos lista de espera, por exemplo —aproveitando que temos aquí o conselleiro de Sanidade—? Pois non; díllelo unha persoa que vive cerca do hospital que ten as listas de agarda máis grandes de todo o país.

E, mire, señor Corgos, tamén cremos que estes orzamentos seguen afondando neste modelo privatizador. Polo tanto, nas nosas emendas propoñemos dar un xiro, reforzar os servizos públicos e blindar ese orzamento. Se o PP tivese iso claro, votarían vostedes a favor desta emenda, estamos convencidas. Pero o problema non é que as nosas emendas sexan repetitivas ou que algunha emenda non estea tecnicamente ben formulada, como seguramente argumentarán, senón que o problema é político de fondo, porque o seu historial de traballos e a súa folla de servizos fala por si mesma. Só tres exemplos no ámbito da política social: o 22 por cento só das residencias de maiores son públicas e só o 8 por cento centros de día ou dos centros de discapacidade. Esa é a folla de servizos do Partido Popular.

Continuando co debate do articulado, presentamos tamén unha batería de emendas simbólicas para demandar, en función do que se negocie no ámbito do Estado, a revalorización e a actualización dos salarios das e dos traballadores públicos e que se recuperen dereitos que seguen conxelados. Unha vez máis, temos que emendar a revogación desa suspensión do 5º convenio colectivo de persoal laboral da Xunta; un convenio colectivo que afecte a cuestións como as libranzas. Emendas, tamén, para limitar a contratación temporal nos servizos públicos, singularmente no ámbito do ensino público, que hoxe segue cunha temporalidade do nove por cento cando a propia Xunta se marcou o cinco como obxectivo. Ou outra emenda para impedir esa cláusula de bloqueo da suba das pensións non contributivas que incorporan vostedes no arti-



culado. Insistimos unha vez máis: vostedes subiron apenas un euro en quince anos. É absolutamente insuficiente e aumenta o empobrecemento das e dos nosos maiores. O autogoberno está para empregalo para mellorar a vida da xente, e por iso emendamos tamén este punto.

En todo caso, creo que neste contexto hai outro punto absolutamente relevante do articulado dos orzamentos, que desde o BNG sempre sinalamos e que este ano é especialmente importante volver facelo, que é a necesidade de poñer límites aos contratos de colaboración público-privada. Despois do escándalo do Álvaro Cunqueiro e despois do escándalo dese informe do Consello de Contas, absolutamente demoledor, por moito que vostedes estean empeñados en tapar e amordazar esa comisión de investigación que impulsou o BNG, aprobar esta emenda, facer un pouco de propósito de emenda e de autocritica, sería o mínimo nun sistema democrático. Porque quedou sobradamente demostrado nestas semanas que o Consello de Contas é fidedigno, é incontestable. Quedou demostrado que si houbo sobrecusto. Quedou demostrado que o modelo escollido polo Partido Popular —señor Corgos, vostede sábeo perfectamente non era o único posible. (*Aplausos.*) Tiñan vostedes alternativa e escolleron outra. Tiñan vostedes alternativa, e quedou demostrado neste Parlamento.

Demostrouse que, anteriormente, outro goberno estudou todos os modelos e apostou por outro e que foron vostedes quen cambiaron esa decisión. Unha decisión que non só precarizou e hipotecou o noso sistema sanitario público, senón que incluso en termos absolutos capitalistas, como lles gustan a vostedes, supuxo un sobrecusto para a Administración pública. Pagaron vostedes de máis, por riba por unha infraestrutura que tiña menos cobertura, menos espazo e menos servizos dos que vostedes asinaron. É difícil ser máis incompetentes. E isto é só a punta do iceberg dun *modus operandi* que propoñemos corrixir nestes orzamentos, tendo en conta que as colaboracións público-privadas —e o que non sabemos, os escándalos que haberá como o Álvaro Cunqueiro— dentro da nosa autonomía supoñen unha enorme hipoteca para os galegos e ás galegas: máis de 1.700 millóns de euros; máis do que supón, volvendo a unha comparación habitual, a consellería enteira de Política Social. O que se suma á débeda histórica que vostedes acumularon nestes anos.

Polo tanto, en conclusión, señores do Partido Popular e señor conselleiro, estes orzamentos son unha oportunidade perdida para este país. Vostedes gobernan cunha maioría absoluta e lexítima. Poden aprobar estes orzamentos. Tamén sabemos que o día seguinte da súa aprobación comezarán a ser transformados con modificacións e cambios. Pero tamén lles recordamos, unha vez máis, que ter a maioría absoluta non significa acertar e non significa tampouco estar en posesión da verdade. Polo tanto, entendemos que Galiza merece outra cousa, que hai unha Galiza que non se resigna, que é a que representamos desde o BNG e a nosa alternativa. Poderán vostedes pasar o rodillo, pero non poderán cambiar cuestións que neste país xa cambiaron e que reclaman máis transparencia, mellor xestión e a defensa dos servizos públicos e dos intereses e os recursos deste país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.



O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Permítanme poñer un pouco de ledicia entre tanta amargura. *Annuntio vobis gaudium magnum: Habemus* orzamentos, señorías. Non se preocupen. Eu lamento moito que esta boa nova, sen dúbida fundamental para o futuro de Galicia, cause tanta infelicidade entre aqueles que fixeron do catastrofismo o cerne da súa identidade política. Entendo a frustración. Fronte ás profecías emitidas hai un ano por sibilas nacionalistas e augures do socialismo, os de 2024 non foron os orzamentos do anunciado fin de ciclo do Partido Popular de Galicia. Aquí estamos unha vez máis. Xa van dezaseis anos consecutivos completando a tramitación da principal ferramenta lexislativa de calquera goberno que pretenda transformar a sociedade: a Lei de orzamentos. (*Aplausos.*)

Esta simple realidade numérica, ese dezaseis, debería bastar para que calquera que aspira a representar o noso pobo entenda a importancia que as galegas e galegos conceden ao valor da estabilidade; da estabilidade social, estabilidade política e, por suposto, da estabilidade económica. E non debería sorprender esta crenza nun pobo como o galego, profundamente vencellado ao mar e acostumado a facer longas travesías a través dunha historia, en moitas ocasións, convulsa e axeitada. Os galegos, case mellor que ninguén, sabemos cales son as virtudes que adornan un bo capitán: ergueito na cuberta fronte aos embates do mar, firme a man no temón para non perder o rumbo e ollada longa atisbando o horizonte, onde se agochan perigos e se adiviñan oportunidades.

Consultados o pasado 18 de febreiro, os galegos non tiveron dúbidas para identificar o candidato que cumpría as súas expectativas, o candidato que debía capitanear esa nave chamada Galicia. Por iso estamos hoxe aquí aprobando o primeiro orzamento da lexislatura. E, por iso, ben podería dedicarlle ao señor Rueda aqueles versos de Whitman versionados por Delgado Gurriarán para homenaxear a Castelao — a cuxa memoria dedicaremos o vindeiro ano 2025 —: «¡Ouh Capitán! ¡Meu Capitán!, xa findou a nosa témera viaxe. O barco aturou tódolos trebóns, xa conquerimos o premio arelado». E, señorías, o premio ben merecía o esforzo. Por iso queremos dicir unha vez máis: grazas, Galicia, por tanta confianza. (*Aplausos.*)

Como afirmaba o virólogo Jonas Salk: «a recompensa do traballo ben feito é a oportunidade de facer máis traballo ben feito». Por iso o 1 de xaneiro Galicia disporá dun orzamento axeitado para esta nova singradura, para que o Goberno elixido polos galegos poida seguir traballando en beneficio dos galegos. E farao dispoñendo do maior orzamento da historia de Galicia: case 14.000 millóns de euros centrados no importante.

En primeiro lugar, en blindar e mellorar o benestar social dos galegos, dedicando por primeira vez máis de 10.000 millóns de euros a consolidar a magnífica sanidade pública galega, o sistema de ensino público máis exitoso da nosa historia, un escudo social sen precedentes e fomentando a creación de emprego como nunca antes se fixera.

En segundo lugar, impulsando unha importante aposta pola vivenda que nos leve a duplicar o noso parque público antes de que finalice a lexislatura, tal e como comprometemos no



noso programa. E imos abordar, ademais, estes compromisos ao tempo que realizamos unha decidida aposta pola industria e a innovación como motores de oportunidades e situándonos, como sempre, a carón dos nosos sectores produtivos.

Todo isto namentres construímos unha Galicia máis xusta e máis cohesionada, grazas a unha fiscalidade centrada en axudar aqueles que máis o precisan. Eses eran os nosos compromisos, estes son os nosos feitos. Galicia será un ano máis unha illa de estabilidade en medio das turbulencias da política nacional. Pode que esta sexa unha mala noticia para a oposición, pero sen dúbida é unha excelente noticia para os galegos.

Señorías, será probablemente pola cercanía do Nadal, sempre propicio para a xenerosidade e os bos desexos, pero non me gustaría baixar desta tribuna sen destacar, polo menos, unha virtude reseñable da nosa sempre benquerida esquerda galega. Cómpre recoñecer que, do mesmo xeito que o Partido Popular acode puntual á súa cita anual co orzamento, a oposición, con idéntica puntualidade, nunca falta ao seu encontro coa demagogia, o tremendismo e a falta de rigor. Señorías, a súa constancia resulta admirable. Mágoa que sexa a súa unha infatigable perseverancia no erro, pero é xusto recoñecer que cada ano voltan, co mesmo convencemento que o ano anterior, a repetir as críticas mil veces repetidas, os mesmos mantras mil veces escoitados e a facer as mesmas propostas mil veces rexeitadas polos galegos. E aí seguen, dispostos a sacrificarse no altar do nacional-progresismo para salvarnos aos galegos deste inferno de gobernos populares que voluntariamente decidimos prolongar ano tras ano, elección tras elección.

Señorías, tan conmovedora resulta a súa insistencia que me sinto na obriga de recordarlles a máxima de San Agustín: «Errar é humano; perseverar voluntariamente no erro resulta diabólico». Pero a vostedes isto parece darlles igual. Vostedes, coa mesma nostálgica reiteración das panxoliñas, ou igual que os anuncios do turrón, este ano voltaron coas tradicionais críticas da oposición ao proxecto de orzamento. Permitiranme que faga un breve repaso por algún dos seus máis destacados *hits*.

O primeiro, un clásico entre os clásicos: «un orzamento pensado para os ricos». Sen dúbida poderíamos cualificalo como o Almendro da esquerda galega, un mantra que ano tras ano *vuelve por Navidad*. Nada importa que Galicia teña unha das mellores fiscalidades para as rendas baixas de todo o Estado. Nada importa que o 87,3 por cento das bonificacións fiscais contidas e previstas no orzamento teñan un marcado carácter social. Nada importa que beneficien a inmensa maioría dos galegos que máis o precisan. ¡Que máis ten todo isto! Para a oposición galega, garantir unha educación gratuíta dende a escola infantil ata rematar os estudos universitarios ou de formación profesional é cousa de ricos. Mellorar o programa de cribados preventivos ou converter o calendario de vacinación galego no máis completo do mundo son prebendas que só favorecen os poderosos. Por suposto, facilitar o acceso á vivenda pública ou a compra dun vehículo de segunda man son medidas pensadas só para beneficiar os millonarios. E, á luz do elevado número de galegos beneficiados por estas medidas, cabe deducir que Galicia se está a converter nunha especie de «Emiratos Galaicos Unidos», onde una pléiade de novos ricos desfruta das vantaxes dun paraíso fiscal construído á súa medida.

É certo que cabe outra alternativa, que seguro que as súas señorías non contemplaron, e é que poidan vostedes simplemente estar equivocados e que os galegos pensen que unha xes-



tión razoable do erario lles pode proporcionar servizos públicos de calidade sen necesidade de esquilmar os seus bolsillos coa habitual voracidade da esquerda patria. Eu recoméndolles que lle dean unha nova volta.

O segundo mantra, moi repetido durante a tramitación orzamentaria deste ano, é o do IPC. Señor conselleiro, trata a oposición de convencernos de que este non é un orzamento histórico porque, se lle aplicamos o IPC, nin os distintos investimentos, nin as partidas de sanidade nin as de vivenda alcanzarían aquel idílico orzamento aprobado polo sempre añorado Bipartito. Un argumento brillante, aínda que, na miña opinión, aplicando de xeito demasiado restritivo. Por iso, hoxe gustaríame ampliar ese cálculo a outras partidas que, sen dúbida, nos permitirán unha visión máis global desta comparativa.

Señorías, comecemos polo máis obvio: apliquemos o IPC ao burato de 2.600 millóns de euros que nos deixaron PSdeG e BNG tras o seu paso polo goberno. Aplicar o IPC ás trolas do Bipartito permitiríanos, señor conselleiro, dispoñer hoxe de 3.500 millóns de euros adicionais para o orzamento do 2025. É certo que son cartos inventados, ingresos inexistentes que nunca chegarían ás arcas públicas, pero que, sen dúbida, nos permitirían realizar un bo número de promesas como as que fixeron vostedes; desas promesas que a esquerda tarda segundos en facer e séculos en cumprir, se é que algunha vez chegan a cumprirse. E supoño que, dispoñendo xa dun orzamento tan falso como o do Goberno bipartito, tamén poderíamos copiar algunha das medidas que tanto lles gustaban a vostedes cando gobernaban. Por exemplo, se aplicamos o IPC á partida que dedicaban vostedes a altos cargos e persoal de gabinete poderíamos, conselleiro, gastar este ano dez millóns máis de euros dos que temos previstos para esas partidas. Porque, señorías, vostedes, que agora pretenden sumir na escravitude o persoal dos gabinetes da Xunta, eran moito máis xenerosos nestas partidas cando os beneficiarios eran outros e non parecían despertarlles tanta preocupación.

Quero dicir, señor conselleiro, canto se alegraría a sanidade privada se o actual Goberno aplícase o IPC aos concertos sanitarios asinados durante o Bipartito. Porque hoxe, na súa propia terminoloxía, señorías, estaríamos enchendo os petos desas empresas con 51 millóns de euros máis ao ano. Por non falar das farmacéuticas, que poderían facturar en 2025 ata 300 millóns máis se aplicásemos o IPC ao compromiso que vostedes tiñan con esa industria que tanto critican —cando están na oposición, claro—.

Señorías, a súa demagogia non parece ter límite e por iso se atreven a comparar un orzamento que non era máis que unha coartada para mentir descaradamente aos galegos con dezaseis anos de orzamentos serios, realistas e rigorosos dos sucesivos gobernos do Partido Popular. O IPC que realmente cambiou para os galegos neste ano foi o Índice de Promesas Cumpridas. Ese si foi o baremo que experimentou unha espectacular subida e, sen dúbida, marcou a diferenza entre un Goberno que abandonou a Xunta ás primeiras de cambio e outro que acaba de conseguir a súa quinta maioría absoluta consecutiva. (*Aplausos.*)

Señorías, non quixera rematar este repaso aos grandes éxitos da oposición sen mencionar un último mantra moi repetido durante as últimas semanas: o contubernio para beneficiar as empresas amigas. E creo que, en relación a este tema, debemos agradecer á oposición a oportunidade que nos brindou de desmontar as mentiras que tantos anos levamos escoi-



tando. Porque algúns xa sabíamos que nunca a sanidade privada saíra tan beneficiada como cando gobernaban vostedes. Aí están os datos para demostralo: aumento do corenta por cento nos concertos durante o Bipartito; pacto pola sanidade de Vigo, garantindo que a construción do novo hospital non afectaría a viabilidade de Povisa; garantía de renovación do concerto con Povisa. E hoxe sabemos que aqueles que nos criticaban por construír o Álvaro Cunqueiro a través da colaboración público-privada querían formar unha sociedade mixta, noventa por cento capital privado e dez por cento capital público, para construír os hospitais de Vigo e de Lugo, para ampliar ou renovar outros sete hospitais públicos galegos e para construír seis centros de alta resolución. Hoxe sabemos que, os mesmos que levan anos paseando a pancarta en defensa da sanidade pública, tentaron levar a cabo a maior operación de privatización sanitaria da historia de Galicia. Son vostedes unha fraude, señorías. ¡Unha completa fraude! (*Aplausos.*)

Pero aínda atopamos un instante para descubrir algunha cousa máis. Señorías, ¿que teríamos escoitado neste hemiciclo se Novas Xeracións —a organización xuvenil do Partido Popular— organizase un festival e este fose financiado por institucións gobernadas polo Partido Popular? Pois iso aconteceu en Galicia, pero aconteceu nas filas do nacionalismo. E, como Galicia Nova e o BNG queren ter bula para este tipo de apaños, pois asegúranos que todo é moi normal. E non é normal, señorías. ¿Que teríamos escoitado neste Parlamento se a responsable de campaña do Partido Popular de Galicia tivese unha empresa facturando traballos a un concello no que a súa parella fose a coordinadora da alcaldía? Pois iso aconteceu en Galicia, pero, como aconteceu no ámbito nacionalista, non se senten obrigados a dar ningunha explicación. Cando eu creo que si resulta imprescindible que se dean explicacións públicas. ¿Que teríamos escoitado nesta Cámara se coñecésemos que unha exalcaldesa contratase os servizos dun avogado —destacado militante do seu partido— para facer os pregos de contratación dunha adxudicación que rematou beneficiando a empresa do xefe de campaña dese mesmo partido? E, aínda máis, ¿que non teríamos que escoitar se esa exalcaldesa e ese avogado acabasen compartindo escano neste Parlamento? Pois, señorías, non é ciencia ficción. Iso está acontecendo na bancada nacionalista. ¡A mesma bancada que hai semanas exercía de Torquemada e que agora pretende victimizarse afirmando que contar estas coincidencias é cousa de malas persoas! (*Aplausos.*) Vostedes deben pensar que os galegos somos parvos, directamente, señorías. Miren, levamos semanas soportando a incesante moralina dos mesmos que aplauden con entusiasmo a un líder nacional afogado pola corrupción ou dos que son incapaces de responder unha sinxela pregunta: ¿son vostedes quen de garantir que cumpren as súas propias exixencias de transparencia? Poderíalle preguntar á señora Pontón —agora ausente— por enésima vez: ¿pode garantir que ninguén do seu contorno familiar se beneficiou de contratos menores outorgados por institucións gobernadas polo BNG? Nunca un silencio de poucas semanas resultou tan revelador.

Señorías, tempo haberá de profundizar nestas cousas que descubrimos namentres estabamos traballando en tramitar un orzamento pensado para a Galicia real. Esa Galicia que habita fóra destes muros e que cada día se levanta pensando en como gañar un mellor futuro para os seus, pensando en como dar a mellor educación aos seus fillos, pensando en como prestar a mellor atención aos seus maiores, pensando en como sacar adiante o seu pequeno negocio ou como chegar con algo máis de folgura a fin de mes.



Eses son os problemas reais que preocupan os galegos e eses son os problemas reais que ocupan o Goberno. Eses son os obxectivos que conforman o orzamento máis alto da nosa historia e, por iso, ese orzamento vai contar co apoio da maioría parlamentaria que escolle- ron os galegos. Porque estes corenta deputados foron elixidos cun único obxectivo: traballar pola Galicia que funciona. Por iso, imos garantir co noso voto que en 2025 Galicia seguirá funcionando.

Máis nada por agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos saudar agora os alumnos de 5º e 6º de Primaria do centro Barouta de Ames, que hoxe nos visitan aquí no Parlamento. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos agora xa coa rolda de réplica. Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas de novo, señor presidente.

Permítame que antes de nada nos posicionemos sobre as emendas presentadas polo Partido Popular e polo Bloque Nacionalista Galego, porque, se non me equivoco, Democracia Ourenzá non presentou emendas; refírome ás emendas á Lei de orzamentos. Tamén, se non me equi- voco, o PP presentou 4 emendas e o BNG, 32. Consideramos que as do Partido Popular, dende o noso punto de vista, son máis erros técnicos; erros que se cometen, como é normal, moitas veces cando se elaboran uns orzamentos e agora o que aproveitan é o método da emenda do Partido Popular para subsanalos.

En comisión tivemos oportunidade de comentar estas emendas; tamén de comentar as do BNG, que son moitas delas coincidentes co noso grupo. Pero, respecto das emendas do BNG, imos pedir votación separada das emendas número 8, 10, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27 e 32, onde nos absteríamos. Pedímolo porque, estando de acordo no fondo do que recollen estas emendas, cremos que nuns casos teñen que ser obxecto de negociación previa e noutros casos supoñen cambios normativos antes de entrar como tales emendas. O resto das emendas apoiariámolas.

Permítanme que lle responda un pouco ao señor Pazos. Señor Pazos, dende o noso grupo ninguén cuestionou o resultado electoral; díxollo moitas veces o noso voceiro, o señor Bes- teiro. Ninguén cuestiona os orzamentos. Sempre dixemos que eran o instrumento principal para pór en marcha as políticas da Xunta de Galicia. Pero, señor Pazos, eu sabía que vostede, ou quen interviñese, ía falar de demagogia. Por iso fixen os números, aínda que nun debate os números moitas veces resultan complexos. Fixen os números co Sergas, e fíxenos refe- rentes a un informe que fai o Consello de Contas, que supoño que non cuestionarán. Pero tamén dixen que estaba disposta a facelo, se tivésemos tempo, doutras seccións. Isto non é demagogia; isto é simplemente intentar plasmar aquí que eses orzamentos non son sufi- cientes para pór en marcha as políticas que vostedes queren. (*Aplausos.*)

E nós tampouco dixemos, creo —non sei vostede a quen se dirixía, porque falou a nivel xeral—, que eran algo así como os «presupostos para os millonarios». Creo que nunca uti-



lizamos ese termo. Pero si lle vou aclarar que nestes presupostos hai xente que se beneficia, e esa xente que se beneficia coa redución do imposto de patrimonio si que son as clases altas; non son as clases medias nin son as clases baixas. *(Aplausos.)* Pero aquí para min ten unha explicación moi fácil e a explicación é que vostedes, a Xunta de Galicia e o Partido Popular apoiando a Xunta de Galicia, non queren perder a carreira que iniciou Isabel Ayuso en Madrid coa diminución do imposto de patrimonio. Por iso se suman a esa carreira.

A min non me gusta mesturar os debates e suelo separar. Pero, como vostede fixo alusión aquí á Comisión de investigación sobre os contratos, tamén lle quero dicir que nesa comisión compareceron dúas exconselleiras e esas dúas exconselleiras deixaron moi claras as facturas e a cantidade de cartos desas facturas que o Partido Popular deixou nos caixóns cando empezou a gobernar o Bipartito. E iso si que é grave, porque eran facturas no caixón sen contabilizar. *(Aplausos.)* Non recordo as cifras, porque non as teño aquí, pero calquera pode ir ás actas e pode comprobalo. Pero bueno, señor Pazos, estamos cerca de Nadal e non nos imos enfadar.

Eu quero rematar dicindo que estes presupostos non van mellorar a vida de moita xente. Pregúntelles aos parados; pregúntelle á xente que está nunha lista de dependencia; pregúntelle á xente que está esperando para unha atención sanitaria; pregúntelles ás mulleres que moitas veces son incapaces de atopar un emprego; pregúntelles ás nais e aos pais dos nenos que non encontran unha escola para menores de tres anos e que teñen que acudir a unha escola privada; pregúntelle á xente que ten que utilizar o transporte público e non ten como, porque non temos un transporte que recolla as necesidades; pregúntelle á xente que vive no rural se ten as mesmas condicións que a xente que vive no mundo urbano. Así poderíamos seguir con centos e miles de preguntas. Esas preguntas que nós, como socialistas, si nos facemos, porque pensamos na xente —pensamos nos homes e nas mulleres de Galicia, nos mozos, nas mozas e na xente maior— son ás que nós queríamos dar resposta coas nosas emendas. Posiblemente ao Partido Popular non lle preocupe esta xente e por iso non se fan ningunha pregunta e non dan resposta nos orzamentos ás necesidades que temos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Eu nunca pensei verme en tal situación de, no medio dun debate orzamentario, ter que recorrer a unha cita do reguetón, pero vouno facer, señor Pazos. Porque, mire o seu co Bipartito, citando a Romeo Santos e Aventura, «*no es amor, es una obsesión*». É unha canción do 2002. Queda un pouco antes desa época que tanto o obsesiona, pero creo que o define perfectamente. *(Aplausos.)*

Eu non fixen unha soa mención ao Goberno bipartito. Non teño problema, como xa temos dito noutras ocasións, en ter un debate monográfico comparativo das dúas políticas econó-



micas. Efectivamente, os orzamentos falan moi ben das dúas maneiras de facer as cuestións: blindar os servizos públicos ou favorecer a privatización, Pero, mire, vou cambiar de terzo e recordar algo que dicía a filósofa Hannah Arendt, que precisamente se está recuperando moito nestas últimas datas ao fío da desinformación e dos bulos que a dereita e extrema dereita practican, especialmente con traxedias como a dina: «Mentir constantemente non ten por obxecto facer que a xente crea unha mentira singular, senón garantir que xa ninguén crea nada. Un pobo que non distingue a verdade e a mentira non poderá distinguir o ben do mal.» E, polo tanto, parafraseando a Hannah Arendt, iso facilita a quen goberna intentar facer o que lle peta pensando que así non vai ter consecuencias. Pero mire, señor Pazos, por moito que mintan e mintan hai unha realidade obxectiva que demostra os seus chanchullos, o escurantismo, o sobrecusto que tivo o Álvaro Cunqueiro para este país, que a decisión privatizadora foi única e exclusivamente do seu Goberno; e o que queda por saber, señor do Partido Popular: máis de mil cincocentos contratos de coincidencia, que se saiba, porque se guen ocultando os que houbo entre 2009 e 2018. (Aplausos.) ¿Que me está contando?

Pero voume deter nesta cuestión porque o meu grupo parlamentario somos dos que cren que en política non vale todo. Non vale todo, señores do Partido Popular. E vostedes poden seguir difamando, que algo quedará, efectivamente. Pero, mire, eu garántolle que poñemos a man no lume polos compañeiros e compañeiras que vostede citou: polo señor Souto, polo señor Cela, polo señor Insua e pola señora Pontón, non só porque fun unha privilexiada podendo traballar con todos e cada un deles, senón porque, por extensión, esta organización, o Bloque Nacionalista Galego, de 42 anos de historia, ten un historial impoluto canto a corrupción. (Aplausos.) Xa podería vostede poder vir aquí a esta tribuna falar co mesmo orgullo e coa mesma conciencia tranquila coa que podo falar eu polo historial de servizos que este movemento político fixo a este país, señor Pazos. E xa tamén poderíamos rematar co refraneiro popular e dicir que «sempre vai falar da merda o máis cagado.» En fin. (Risos.) (Aplausos.)

Volvendo á cuestión orzamentaria, unha vez máis o Partido Popular creaba a súa realidade paralela de *la estabilidad frente al caos*. Home, unha vez máis, ter maioría absoluta e aprobar uns orzamentos é o máis normal do mundo. Só non se aproban os orzamentos cando hai inestabilidade política, como lles pasa agora mesmo a vostedes noutras comunidades autónomas cos señores de Vox. En todo caso, a consecuencia en termos materiais de vida, de condicións da poboación e de estímulo económico da estabilidade que vostedes nos ofrecen é: ter máis do cincuenta por cento da poboación que chega con dificultade a fin de mes; ter máis dun cuarto da poboación galega en exclusión ou pobreza nestes momentos; ter a Rede Natura, por exemplo, cambiando de ámbito, absolutamente conxelada desde hai máis dunha década; que, por exemplo o produto interior bruto, indo á macroeconomía, siga sendo inferior ao do Estado; ou que na distancia cos indicadores que temos, por exemplo, en termos de competitividade, emprego xuvenil ou innovación coa parte portuguesa da eurorexión sexa cada vez máis evidente que uns converxen e nós diverxemos; ou na perda de autónomos etcétera etcétera; no aumento das listas de agarda sanitaria etcétera etcétera. Se esa é a estabilidade que vostedes nos ofrecen, unha estabilidade que consiste en drenar recursos públicos para favorecer a privada, descapitalizar o sistema público e cada vez ir a unha xestión máis neoliberal, máis economicista e máis centralista, tamén, que pon os recursos galegos en mans foráneas, pois mire, esa estabilidade evidentemente desde o Bloque Nacionalista Galego non a queremos. Ás mesmas propostas económicas presentamos unha alternativa,



tanto no capítulo de gastos como nas cuestións que teñen que ver co articulado e que defendemos anteriormente. E por moito que teñan esa maioría —que, xa lles digo, é lexítima e democrática e van aprobar este orzamento, que é o seu orzamento, con todo o dereito—, ter ese dereito non implica que teñan a razón nin que estean acertando para este país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señorías.

Comezarei pola señora Espinosa, que lle crin escoitar que non cuestionaba o orzamento. Suporto que contamos co voto afirmativo do Grupo Socialista, porque, se non, eu debín de estar noutras xuntanzas durante todas as da Comisión 3ª e durante a súa primeira intervención de aquí. Señoría, ¡non fixo outra cousa! ¡O único o que fan é cuestionar o orzamento! E di cousas que a min me resultan sorprendentes. Di que non se falou aquí de millónarios. Leva vostede pouco tempo aquí. Deixe apenas unhas semanas, que isto é algo que vai escoitar, e moito. De feito, escoitámolo nesta maña.

Pero, mire, o curioso é que vostedes critican unha das medidas fiscais porque din que beneficia os máis podentes e esquecense de que quen propuxo a eliminación definitiva dese imposto que a vostedes tanto os molesta foi o Goberno do señor Touriño. Non seguimos a señora Ayuso; foi o señor Touriño. Pero vostedes din unha cousa cando están no Goberno, exactamente a contraria cando están na oposición e non se poñen nin colorados. Pódolle facilitar os recortes e as noticias.

Mire, sinceramente, falar aquí do legado que deixou o Partido Popular é unha broma. Eu píddolle que falemos en serio. Deixaron vostedes un buraco orzamentario de 2.600 millóns de euros. ¡2.600 millóns de euros! E 4.500 millóns de liquidacións negativas que tiña que devolver este Goberno, ao que vostedes critican, en cinco anos. ¡E aínda teñen o *cuajo* de vir criticar a débeda de Galicia, que basicamente é a que deixaron vostedes! Porque nós endebedámonos durante a crise para atender servizos públicos; vostedes, co maior orzamento da historia, ¿para que se endebedaron? ¿Para deixarlles un burato a todos os galegos? En hora boa, señoría, a verdade é que se pode sentir vostede moi orgullosa daquel Goberno. (*Aplausos.*)

E faime unhas preguntas... Vaime dicir que lles preguntemos aos parados, que lles preguntamos aos pais e nais, que lles preguntemos aos maiores, que lles preguntemos aos usuarios do transporte público. Pero, señoría, ¿vostedes a quen cren que lles preguntaron nas eleccións do 18 de febreiro? ¡A todos eses! E todos eses dixeron que non confían no proxecto do BNG, que confían aínda menos no do PSdeG e que maioritariamente están de acordo en que Galicia vai ben e que seguirá estando en boas mans mentres continúe no goberno o Partido Popular. (*Aplausos.*)



Señora Presas, a verdade é que me encanta debater con vostede, e sábeo. Reguetón por reguetón: «*que hubiera sido si antes te hubiera conocido*», querida Noa. Pero isto de acusarnos a nós de mentir constantemente, co que levan dito vostedes da débeda de Galicia, a comunidade con menor incremento de débeda de todas as de España... Co que levan vostedes contado respecto da condonación da débeda, que, honradamente, para alguén como vostede, que entende de economía, é para poñerse colorado... Co que dixeron vostedes dos *pellets*, que veña hoxe aquí falarnos de mentiras, cando menos, é arriscado.

Mire, na comisión de investigación escoiteille cousas curiosas. Que amordazarnos o Consello de Contas. ¡Pero se veu aquí o conselleiro maior e falou cunha claridade e cunha rotundidade que vostedes deberían de estar agochados debaixo dunha pedra e non dicindo as barbaridades que están dicindo!

Mire, esa comisión de investigación o único que descubriu foi unha incipiente trama de nacionalismo de amiguetes, e, por certo, un par de informes que eu descoñecía. Pero o informe de PriceWaterhouseCoopers, que di que vostedes non tiñan nin unha soa partida para financiar o Álvaro Cunqueiro, non o encargou este Goberno; encargouno o Bipartito. E, despois, o informe que lle encargaron a Garrigues para determinar cal das dúas fórmulas posibles era mellor, a da concesión público-privada —pola que optou este Goberno— ou a dunha empresa mixta con noventa por cento de capital privado e dez por cento público —porque se era un once por cento xa computaba en débeda—, decidírono vostedes. ¡Pero se veu aquí o señor de Garrigues, que o contrataron vostedes! ¡Falen vostedes coas empresas ás que contratan!, que os que apostaron por esas empresas tan malas foron vostedes.

E, ¡home! di vostede que pon a man no lume polos seus compañeiros, pois non vaia ter que comprar vostede a mesma pomada que a señora Montero. En todo caso, señoría, se non hai nada... (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) —ponse nervioso o señor Bará, enténdoo; señor Bará, máis nervioso se vai poñer agora—. Se vostedes están tan tranquilos, ¿por que o señor Lores negou unha comisión de investigación en Pontevedra? Ou, como din vostedes, ¿por que a vetou? (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Porque di a súa recén chegada xefa de filas: «o que nada ten que temer, nada ten que agochar», e vostedes levan tres semanas calados coma pitos, señoría, ¡calados coma pitos! Entón, imos ter que sospeitar que o que tanto cala será porque tanto ten que tapar, efectivamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E, por último —e remato xa—, é certo, señora Presas —e nisto teño que darlle a razón—, que ter unha maioría absoluta non dá a razón en todo. Iso é certo, pero ter unha minoría dáa menos, e isto é algo que vostedes deberían de empezar a asumir, porque, se non, cometen os erros de sempre. Fala vostede de reescribir a historia. Mire, a historia do BNG é a historia dunha alta expectativa que sempre se esperta despois da última manifestación histórica. Xa perdín a conta das manifestacións históricas e tamén perdín a conta das galletas electorais que levou o BNG tras cada unha desas manifestacións. Eu teño o máximo respecto pola xente que se manifesta, porque, como di vostede, non se deixa manipular.

Respecto do de pedirilles desculpas, invítoa a que o faga vostede primeiro...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...porque supoño que non terá inconveniente en pedirles desculpas a todos eses galegos que decidiron que o modelo industrial do BNG non lles gusta e que apostaron decididamente por que era moito máis acaído para Galicia o que lles propoñía o presidente que eles elixiron o 18 de febreiro. ¡Unha mágoa!, unha mágoa que por quinta ocasión consecutiva vostedes opten por facer oídos xordos. Talvez na próxima os galegos teñan máis sorte.

Moitas grazas. (Risos.)

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate do articulado, continuamos co debate conxunto do estado de gastos.

Debate conxunto sobre os estados de gastos

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Dicía antes o señor Pazos Couñago que estaba acostumado aos mantras do BNG. Pois vai ter que acostumar a un mantra máis, que é o mantra meu, de tirar sempre pola provincia de Ourense. Non sei se facer un deses muíños de oración que teñen os monxes do Tíbet, que escriben unha oración nun cilindro e cada vez que lle dan unha volta é coma se se rezase. Pois eu vou facer tamén a petición de investimentos en Ourense nun muíño deses da oración e igual tamén o poño aquí. Bueno, por empezar, cun pouco de humor.

Nós somos un partido que estamos por primeira vez no Parlamento, que estamos empezando, que estamos aprendendo, e, loxicamente, non temos ou non estamos tendo o nivel de coñecemento acerca do funcionamento interno da súa burocracia, da súa administración, como os partidos que levan aquí décadas. Esa é a razón principal pola que non tivemos oportunidade de facer emendas á totalidade do orzamento, porque estamos aprendendo os procedementos, as aplicacións informáticas que hai que usar, unhas si e outras non, e iso fixo que, co estritos que son os prazos, non tivésemos capacidade, coñecemento e experiencia para facelo. Esperemos que nos seguintes anos que nos quedan por aquí si solventemos esa dificultade.

Tivemos soamente oportunidade de facer dúas emendas parciais. Dicía alguén que o orzamento, efectivamente, é un plan político escrito en números, en vez de estar escrito en letras, e niso coincidimos. E se é un plan político escrito en números, analizado desde a óptica que nos trouxo aquí, que foi a de pedir investimentos para a provincia de Ourense, tal e como fixemos nas sucesivas comisións, vimos que en termos cuantitativos a



provincia de Ourense saía moito máis prexudicada en cartos que o resto das provincias. Argumentouse repetidamente que iso era debido á menor poboación. Varios conselleiros, entre eles o conselleiro responsable dos orzamentos, dixo —non sei se con estas palabras, pero digamos que a idea era esa— que se investía en maior cantidade onde había máis poboación. Eu aquí voules traer a colación o que está facendo o Partido Popular, e particularmente o presidente Rueda, en Madrid, que está pedindo un financiamento para a comunidade autónoma galega que non se basee soamente no criterio poboacional, senón que teña en conta particularidades como o envellecemento da poboación e a dispersión territorial. Pois iso mesmo que está pedindo ao Goberno galego en Madrid é o que veño pedir eu agora mesmo coa miña presenza aquí para a provincia de Ourense, precisamente. Non se fíen só do criterio da poboación, teñan en conta, precisamente, estes aspectos que están facendo ou pretenden facer valer en Madrid. A dispersión poboacional e o envellecemento da poboación da provincia de Ourense fai que haxa que cambiar o paradigma. É que non soamente se teñen que concibir estes orzamentos en termos poboacionais, que é, polo visto, segundo as súas desculpas —non vou dicir os motivos, senón as desculpas—, para investir menos na provincia de Ourense.

Loxicamente, haberá que cambiar ese criterio —volvo repetir—, como están facendo en Madrid. Non se fixen soamente na menor poboación da provincia de Ourense, porque, ademais, iso leva a cabo unha retroalimentación negativa: ao haber menos poboación, invístese menos e, ao investirse menos, hai menos traballo, hai menos calidade de vida e a xente emigra para as provincias ricas. «En Ourense non se protesta, emígrase», parafraseando unha frase dalgún galeguista. Efectivamente, se non hai moita xente, pois tampouco se pode protestar, porque, para que se poida protestar, ten que haber xente.

Indo xa ás dúas modificacións concretas que levamos ás comisións e que, polos motivos que antes dixen, foron as únicas que puidemos articular, esperemos que polo menos sexan aprobadas, porque, como xa dixen na comisión, é máis fácil aprobar unha emenda illada que un colectivo de emendas que van en bloque —coas que se pode estar parcialmente de acordo nalgunhas e noutras non e, entón, resulta complicado aprobalas en bloque—. Pero, claro, se son dúas moi concretas, posiblemente son máis fáciles de aceptar.

Volvo repetir que cando un traballa nas emendas parciais, traballa sobre un substrato que non é o seu, traballa sobre uns orzamentos previamente feitos por outra organización, establecendo un marco que, ao mellor, non é o marco conceptual que un establecería; entón, ten que adaptarse a un substrato que non é o seu, pero iso xa é unha dificultade.

En concreto, pedimos, na nosa emenda número 1, 7.300.0000 euros para diversas obras en materia de deportes que están especificadas na emenda —que estou seguro de que todos vostedes coñecen— e que irían —e hai que especificar, porque hai que especificar de onde se detraen—, se detraerían, segundo a nosa proposta —porque hai que especificar de onde se detraen— dun investimento en Vigo. Nós entendemos que a cidade de Ourense está moito máis necesitada que a cidade de Vigo en moitas clases de infraestruturas e que non sería difícil por parte do Goberno aprobar isto. Por certo, vaia o noso agradecemento aos que xa aprobaron esta proposta na comisión.



Diciáseme na comisión, facendo unha especie de chantaxe emocional: Pero, ¿vostede quere quitarlle iso a Vigo? Mire, as emendas non son modificacións de crédito; as emendas son propostas novas, porque non se lle pode quitar nada que non se dera previamente. Algo quítase se xa se deu, pero este investimento para Vigo aínda non se deu. Estamos cos orzamentos. Entón, non lle estamos quitando nada a Vigo, como se nos botaba en cara. E tamén podería dicir eu que Vigo lle está quitando a Ourense, polo mesmo razoamento. Mentres non se dá, non se pode quitar. Entón, loxicamente, eu defendo máis os investimentos en Ourense que os de Vigo, por razóns lóxicas.

Eu penso que estes 7.300.000 euros solucionarían unhas cuestións moi importantes en materia de infraestruturas deportivas na provincia de Ourense. Incluso nunha visión global de país, estarían moito mellor investidos que na proposta inicial do Partido Popular. Xa digo, non é quitarlle nada; non se lle quita nada porque non se lle deu, sinxelamente; é unha nova proposta. Se se razoa desa maneira, calquera asignación de diñeiro a un servizo estáselles quitando a todos os demais. Eu espero que esta proposta se acepte.

E a outra que facemos é asignar 4.250.000 euros para a creación dun centro de saúde no barrio do Vinte e un de Ourense, outra demanda moi demandada. Neste caso, pedimos detraer dos beneficios das grandes multinacionais farmacéuticas, que poden obter co seu servizo das vacinacións. Entendemos que dentro do montante global que usa ese servizo —que xa saben vostedes cal é, en cifras de moitos ceros— detraer 4.250.000 non debe ser difícil.

A min chámame moito a atención que, cando tratamos este tema en comisión, o Partido Popular non dixo absolutamente nada, non argumentou; sinxelamente, se limitaron a votar en contra. Non argumentaron nada nin a favor nin en contra. Cando propuxen esta emenda, non sei se lles resultaba difícil xustificar o voto en contra, posiblemente, porque non dixo nada a persoa que interveu no nome do Partido Popular.

Estas son as dúas únicas emendas aos orzamentos. Xa digo, non porque non estivésemos pensando en facer moitas máis, sobre todo á totalidade, senón sinxelamente que, por ser principiantes nesta institución e estar en fase simultánea de aprendizaxe e de tratamento das cousas, non tivemos oportunidade de materializar mellor as nosas obxeccións aos orzamentos.

E nada máis. Creo que esencialmente dixen o que debería dicir, e espero que apoiem estas emendas.

Quero volver recordar que, en termos cuantitativos, o investimento de cartos na provincia de Ourense é tan abismalmente menor respecto das outras provincias que os aspectos cualitativos case toman unha importancia secundaria de en que se gasta ou se deixa gastar. Cando a diferenza de cartos é tan grande, case deixamos para unha segunda cuestión os aspectos cualitativos. Primeiro temos que mandar cartos para Ourense en cantidade e despois xa se verá se van para unha cousa ou para outra, porque, como digo, a proporción relativa de cartos que se dedica a cada concepto dá idea da importancia relativa con que se pondera cada cuestión, pero iso tamén se pode ver desde o punto de vista territorial. A proporción relativa de cartos que vai para cada provincia dá idea da importancia do peso específico que lles dá o Goberno a cada unha das provincias.



E nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Bos días de novo.

Benvido, señor presidente, a este debate dos orzamentos do ano 2025.

En varias ocasións dixemos que os orzamentos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, xa sei, xa o saudei antes; pero, a ver, en primeiro lugar, hai que ser educados, e el, se se acaba de incorporar, será normal que o saúde, digo eu. Antes non podía, porque non tiña eu turno de intervención. Bueno, empezamos con esta paréntese, que, de vez en cando, tamén nos vén ben para relaxarnos.

Bueno, en varias ocasións dixemos que os orzamentos do ano 2025 —que, con toda seguridade, hoxe se van aprobar— eran raquíuticos e faltos de ambición para cumprir coas necesidades reais dos galegos e das galegas, e os socialistas queremos uns orzamentos valentes e non uns orzamentos conservadores, como, señor Rueda, vostede dixo nalgunha ocasión.

E vou facer unha paréntese. Simplemente, señor Pazos, ten unha habilidade fenomenal para sacar as palabras de contexto. Eu falei dos orzamentos a nivel xeral, pero deixei moi clara cal era a nosa posición con respecto aos orzamentos da Xunta para o ano 2025, que non ten nada que ver unha cousa con outra.

Hoxe rematamos a tramitación parlamentaria dos orzamentos, que van ser aprobados case en idéntica situación que como entraron aquí; bueno, introduciranse as emendas presentadas polo Partido Popular, que, dende o noso punto de vista, como xa dixemos na anterior intervención, son erros técnicos que se corríxen vía emendas.

Pero a min gustaríame facer un primeiro balance. O noso grupo presentou 63 emendas á Lei de orzamentos, 583 emendas ao estado de gastos e 97 á Lei de medidas fiscais e administrativas; en total, se sumamos todo, serían 743 emendas. Pois ben, destas 743, aceptáronnos 4 e transaccionamos 1. Aínda considerando as 5, estamos falando de que representan o 0,67 por cento do total presentado.

E non quero medir isto en termos porcentuais, nin en termos cuantitativos. Nós o que queremos medir como alternativa a estes orzamentos é o que dicíamos tamén: a posibilidade que teñen de dar resposta ás necesidades de Galicia; e, desde o noso punto de vista, insistimos, non van reorientar as políticas da Xunta, nin van cubrir os baleiros e os graves problemas que temos.

Antes de entrar no estado de gasto, si me gustaría facer outra reflexión. Mentres o Goberno da Xunta de Galicia, e tamén o seu presidente, o señor Rueda, se dedican moitas veces a confrontar co Goberno de España, deixan de facer os deberes aquí, e desta forma non exe-



cutan o orzamento aprobado no ano 2024, e isto pon de manifesto a súa incapacidade para gobernar.

Vou facer unha pequena análise da execución orzamentaria no terceiro trimestre deste ano, e vouna facer tal e como aparecen recollidas as partidas. Terceiro trimestre deste ano: fomento da minaría, 0,2 por cento de execución; infraestruturas pesqueiras, 2,4 por cento; fixación da poboación no medio rural, 3,9 por cento; fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria, 9,5 por cento; acceso á vivenda, 10,3 por cento; desenvolvemento sostible das zonas de pesca, 11,2 por cento; regulación das poboacións dos mercados de pesca, 11,9 por cento; eficiencia enerxética e enerxías renovables, 16,8 por cento; construción, conservación e explotación portuaria, 17,3 por cento; Plan galego de investigación, desenvolvemento e tecnoloxía, 19,3 por cento; ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia, 23,6 por cento; fomento da rehabilitación e da calidade da vida, 24 por cento; formación profesional de desempregados 29,5 por cento; protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero, 31,4 por cento; fomento da empregabilidade, 32,3 por cento; e coordinación e promoción do turismo, 38,3 por cento. Dubido de que poidan darnos unha explicación mínima para estes datos que acabo de plasmar hoxe aquí.

Esta inexecución podíamos confrontala coa realidade galega, pero só vou entrar en dous datos: o da protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, e a vivenda. Onte soubemos que as denuncias por violencia de xénero alcanzaron en Galicia, no terceiro trimestre deste ano, as 2.043, o que supón un 10 por cento máis que no mesmo período do ano 2023. ¿E soamente teñen executado un 31,4 por cento da partida de protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero? *(Aplausos.)*

Se falamos de vivenda, segundo o último informe do barómetro trimestral de sondaxe, a preocupación pola vivenda en Galicia crece, e é a segunda cuestión que máis inquieta aos galegos e ás galegas. E esta preocupación da falta de vivenda vai en ascenso, oito puntos máis que hai só tres meses. Atopámonos con que a execución de acceso á vivenda é do 10,3 por cento, e o fomento á rehabilitación da calidade da vivenda, o 24 por cento. ¡Inaudito!, señores da Xunta de Galicia, por utilizar un cualificativo suave. *(Aplausos.)*

Ese sentidiño ao que vostedes apelan continuamente, deberíano aplicar tamén á execución dos orzamentos para atender, polo menos, as poucas políticas que plasman neles. Custa entender, señor Corgos, que veñan aquí defender e aprobar uns orzamentos que despois xa non se executan, non se cumpren.

E no ano 2025 pasará o mesmo, que non se executarán por algún outro motivo que eu non alcanzo a ver, quizá porque para a Xunta de Galicia este debate orzamentario —e a execución posterior— é un mero trámite. Para os socialistas —dicíao— é o instrumento político máis potente que debería incluír a pluralidade da nosa comunidade; un documento onde se debería configurar a Galicia que se quere e onde se deberían fixar os obxectivos que se pretenden acadar.

A Xunta de Galicia presenta eses orzamentos de 13.954 millóns de euros —que é esa cantidade que nos vai quedando a todos na memoria—, pero os socialistas percibimos que non



dan resposta á Galicia que se precisa para afrontar os retos inmediatos, nin os retos do futuro, para acadar, como dicía no debate anterior, unha Galicia máis verde, máis dixital, máis feminista, máis cohesionada desde o punto de vista social; unha Galicia onde non siga existindo a brecha entre o mundo rural e o ambiente urbano; unha Galicia que defenda a nosa lingua, a nosa identidade; unha Galicia que se preocupe máis polos máis vulnerables, pola educación, pola vivenda.

E porque non cobren estas necesidades, temos que rexeitar este proxecto; por iso presentamos as nosas emendas ao estado de gasto, porque botamos en falta unha defensa do público, da nosa sanidade, da nosa educación, do noso benestar. Non vemos medidas, nin recursos necesarios para axudar a xerar emprego de calidade para os nosos mozos e para as nosas mulleres. Non existe, a pesar do que nos dixó aquí o señor Rueda, unha aposta clara pola vivenda de protección pública. Non se localiza esa locomotora da nosa economía, nin a aposta decidida contra o cambio climático.

Vou empezar a dar a miña opinión por seccións. E quero empezar por sanidade, porque creo que a esta hora temos unha concentración fronte ao Parlamento, onde seguro que nos están transmitindo que a sanidade pública galega está enferma por falta de recursos, que os orzamentos para o ano 2025 —que é onde se ve a vontade política— apenas crecen para a sanidade. Non somos nós sós, é tamén outra xente a que pensa igual ca nós, a que pensa o mesmo ca nós; e este pensar como un con respecto á sanidade ponse de manifesto non só na enquisa de Eurostat, da que falei no debate anterior, e que di que a insatisfacción da sanidade pública aumentou o 65 por cento nun ano, senón que o último barómetro trimestral de sondaxe tamén nos indica que a sanidade é a que xera máis inquietude entre os galegos e as galegas.

E é lóxico cando as noticias recentes van sempre na mesma liña —abro aspas—: «Só Madrid inviste menos que Galicia en atención primaria». A porcentaxe está nos 13,1 puntos por baixo da contía recomendada pola Organización Mundial da Saúde, e é 2,2 puntos inferior á media estatal.

Pero tamén estes días coñecemos que Galicia está á cola en persoal dedicado á vixilancia de saúde pública. Xa evidenciamos no debate anterior a infradotación económica do Sergas nestes orzamentos, e non vou repetilo. Seguen sen dar resposta ao problema fundamental, que é a atención primaria, as grandes listas de espera na atención hospitalaria e as consultas. Pero tampouco contemplan medida ningunha para mellorar os profesionais da medicina.

Se pasamos ao ámbito en materia educativa, é un orzamento preocupante se queremos garantir o dereito a unha educación de calidade, equitativa e integradora. No inicio deste curso anunciouse a posta en marcha do Plan Mega, con dotación de profesorado para a redución das *ratios* de especialistas para a integración da diversidade e persoal de reforzo e de coidadores. Pero os orzamentos non recollen suficientemente esta subida de recursos, e as comunidades educativas e as familias de toda Galicia están reclamando que se cumpran as *ratios* acordadas e denunciando numerosas carencias na dotación de profesorado especialista.

Amosan os presupostos un desleixo coa educación pública e problemas coa formación profesional, que tampouco se adapta ás novas necesidades do sistema produtivo, sobre todo nas



zonas do rural. Ademais, non se dedican fondos suficientes para acometer as obras de reforma, melloras e adaptación da eficiencia enerxética dos centros, tanto no programa de infantil, primaria e ESO como en secundaria e formación profesional.

E daríanos para un pleno monográfico se entramos en aspectos que se abandonan, como os servizos académicos complementarios, e, fundamentalmente, se entramos no transporte escolar, no comedor escolar e nas actividades extraescolares. Tampouco dan resposta ás necesidades das universidades públicas galegas nin ao ecosistema de investigación, desenvolvemento e innovación.

En definitiva, estamos ante uns orzamentos que mostran a falta de ambición e interese da Xunta de Galicia pola nosa educación. *(Aplausos.)*

Se pasamos agora ás políticas sociais e dependencias, énchesenos a boca de dicir que as administracións con competencias teñen que outorgar un papel fundamental ás políticas sociais, pero a realidade é tozuda. E con respecto ao ano pasado, sobe puntos a pobreza estrutural, as listas de espera crecen exponencialmente para obter unha valoración e tamén crecen as listas para ter axudas a dependencias e familias que se ven abandonadas, aumentando o índice de vulnerabilidade.

Non se está a adaptar con dilixencia a renda de inclusión social. Máis de cen mil menores galegos se atopan en risco de pobreza ou exclusión. Outro exemplo claro —liámolo o domingo nun medio de comunicación— é a calefacción. Dicía este medio que era un luxo imposible para 39.000 fogares da provincia de Ourense. *(Aplausos.)*

As listas de espera de dependencia superan o prazo que marca a lei, e Galicia é unha das comunidades autónomas que menos inviste por habitante potencialmente dependente. Outro exemplo claro é que en Galicia hai 22.000 prazas en residencias de maiores, pero só 4.800 están en centros de titularidade pública. Nestes orzamentos non atopamos resposta aos problemas tan graves como os sinalados.

Se falamos de infancia e de xuventude, podemos dicir que son orzamentos irrelevantes, cando sabemos que a mocidade galega é a que máis tarda en emanciparse do noso país, a pesar de estar moi preparada para acceder ao mercado laboral.

As escolas infantís son unha mostra máis da incapacidade do Partido Popular para xestionar os fondos europeos destinados á creación de prazas públicas de educación infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos. Devolvemos, señor Corgos, 22 millóns de fondos europeos. *(Aplausos.)*

Non apostamos polas prazas públicas e preferimos seguir apostando cantidades moi importantes por escolas privadas. Non é a nosa política, señores do Partido Popular; esta non é a política socialista.

En materia de industria, necesitamos políticas activas e plans de apoio a emprendedores e ao tecido produtivo que aproveiten a oportunidade única que nos brindan os fondos europeos e, en xeral, os Next Generation da transición ecolóxica, e o desenvolvemento de enerxías re-



novables e hidróxeno verde, aproveitando as potencialidades que temos en Galicia. Temos que estar nesa vangarda de transición ecolóxica. Non podemos perder o tren. Estes orzamentos tiñan que ter en conta medidas tamén para cumprir o obxectivo que marca a Unión Europea de que o sector industrial xere o 20 por cento do produto interior bruto co horizonte que nos marca a Unión Europea, e non as contemplan. Pero tamén deberían contar con instrumentos para que a política enerxética sexa un pilar da transición enerxética e facilitar o asentamento de proxectos industriais sostibles no noso país. Hoxe mesmo tamén viamos nos medios de comunicación o que son determinadas empresas vinculadas coas enerxías renovables.

O turismo. Nós, os socialistas, defendemos un turismo sostible e de calidade, un turismo transversal —tendo en conta a diversidade de Galicia, para aproveitar todo o noso potencial—, un turismo desestacionalizado. Podemos falar de turismo de natureza, de turismo de medio ambiente, de turismo gastronómico, de turismo de sol e praia, de turismo cultural e BIC, de turismo urbano, de turismo termal, de turismo etnolóxico, de turismo deportivo, de turismo rural, de turismo patrimonial e histórico; en definitiva, queremos que se teña en conta a nosa estrutura económica, social, natural e humana.

E deberíamos axudar o sector do turismo a enfocar cambios nos patróns de consumo que estamos a ver, e potenciar este sector, pero os orzamentos non o contemplan en absoluto, sendo un pilar fundamental e con futuro para a nosa economía. É máis, os orzamentos non soben nin a media do orzamento a nivel xeral neste eido.

O sector do comercio, que maioritariamente sabemos que estamos falando de pemes e autónomos, está moi espallado por todo o noso territorio, o cal pon de manifesto a súa importancia, porque contribúe a manter unha cohesión territorial, social e económica. Pero estes orzamentos non prestan a atención debida a unha actividade que necesita modernizarse, dixitalizarse e aumentar a súa competitividade. En vez de axudalos, o orzamento redúcese.

En materia de emprego, o compromiso de Rueda, do señor Rueda, co emprego demóstrase coa baixada dos orzamentos para o ano 2025 en máis de 2 millóns de euros e en 10 millóns se falamos de empregabilidade. E se se fai isto, cando Galicia ten 35.600 parados de longa duración e o 42,1 por cento das persoas que traballan en Galicia a tempo parcial o fai de forma involuntaria, ¿por que se baixan estes orzamentos?

Estamos tamén ante un mercado laboral con pouco dinamismo, e temos novos desafíos que ao Partido Popular tampouco lle parecen preocupar: a transición dixital, a demográfica, a ecolóxica..., que xa están incidindo directamente no emprego e no mercado laboral, pero o Goberno de Galicia segue alleo a estes retos e aínda encima dedica menos cartos.

Bueno, ao mellor, por primeira vez vemos un rasgo de sinceridade cando baixan estes orzamentos, porque deixaron sen gastar 2.184 millóns de euros entre os anos 2009 e 2023; é dicir, deixaron sen gastar o 35 por cento. Por iso, ao mellor xa non concretan nestes orzamentos as cantidades totais, porque así non pasan a vergoña de non executalos. Por iso digo que, ao mellor, por primeira vez vemos un rasgo de sinceridade. *(Aplausos.)*



Pero, volvendo á realidade, faltan plans de emprego como o xuvenil, de incorporación de mulleres ao mercado de traballo, faltan melloras das políticas activas de emprego; en definitiva, políticas de innovación que fagan que o mercado laboral funcione e que cheguemos a ese desexado pleno emprego.

Vivenda. Sabemos que a vivenda é un dereito, e vivimos nunha situación onde familias, mozos e mozas teñen problemas para alugar unha vivenda, pero tamén teñen problemas para a compravenda. E tampouco vou repetir o que dixen no debate anterior, que é a segunda preocupación dos galegos e das galegas. Hoxe o orzamento está 72 millóns de euros por debaixo do que se fixo cando o Goberno o presidía Emilio Pérez Touriño. Collan o orzamento do Bipartito, aplíquenlle o IPC e verán o que lles dá.

Hai que facer uns orzamentos que garantan o dereito a acceder á vivenda, á vivenda pública. Estes orzamentos non dan resposta aos 18.000 demandantes actuais de vivenda pública, nin tampouco dan resposta á situación dos alugueiros. Necesitamos a creación dun banco público, como propoñemos os socialistas, no que a Xunta se implique, porque estes orzamentos recollen unha parte moi importante dos fondos que veñen de Europa vía Estado, pero non o esforzo real da Xunta de Galicia.

En materia de transportes e infraestruturas, o transporte público da Xunta de Galicia non cobre as necesidades de mobilidade dos galegos e das galegas, e non é un problema puntual, é un problema estrutural. En infraestruturas teríamos que reiterar tamén unha vez máis o incumprimento ano tras ano dos compromisos das vías de altas prestacións e de capacidade.

Sempre vemos que non se executan as mesmas partidas, e así seguiremos ata as próximas campañas electorais. (*Aplausos.*) Pero estes incumprimentos están lastrando a poboación e tamén está lastrando o desenvolvemento industrial, que necesita esas vías de comunicación.

En materia de medio ambiente, Galicia é rica en recursos naturais. Temos a oportunidade de xerar un modelo económico que sexa referente non só en España, senón a nivel internacional. Pero estes orzamentos non apostan pola circularidade, nin pola conservación da biodiversidade. Temos a superficie protexida por Rede Natura máis pequena das comunidades autónomas. A realidade é que dende o ano 2009 se produciu un descenso drástico do orzamento dedicado a medio ambiente.

En medio rural e política forestal, son uns orzamentos continuístas, con crecemento menor ao que fai o orzamento en xeral, e non contemplan os retos que ten plantexados o noso medio rural. Deberían dar resposta á erradicación de enfermidades animais, á modernización de explotacións, ao relevo xeracional, ao cambio climático, ao investimento en infraestruturas, e un longo etcétera. Pero non vemos apostas pola ordenación do territorio, nin a mobilización de terras. En definitiva, non vemos apostas claras polo medio rural. É unha Galicia rural, que cada día agranda os seus problemas de despoboamento, de abandono do mundo rural, onde temos a nosa maior riqueza natural e cultural.

A pesca ou a acuicultura son sectores tamén afectados, como é o caso do medio rural, polo cambio climático, polo relevo xeracional e polo impacto da climatoloxía adversa. Pero tamén



lle deberíamos dar —ou lle deberían dar— nestes orzamentos respostas a aqueles cambios que vai plantexar a Unión Europea, e deben contar con partidas orzamentarias suficientes para cofinanciar programas europeos, ou pór en marcha tamén aqueles programas que implante o Goberno de España, para non ter que vivir a situación deste exercicio, onde quedaron fondos europeos sen aplicar. E este sector, ademais, ten que enfrontarse á descarbonización da frota. Debemos apoialo porque é un reto tamén, un reto tecnolóxico moi importante.

En materia de xustiza, temos atasco xudicial e sobrecarga para os traballadores. Os profesionais da quenda de oficio fan un labor público porque están a garantir un dereito, o de asistencia xurídica gratuíta, e teñen dereito a unha xusta retribución, que tampouco se contempla. *(Aplausos.)*

En deportes, ¿onde está o Bono Deporte? ¿Onde está o Bono Deporte? Foi unha medida electoralista. Utilizaron diñeiro público para beneficiarse de potenciais votos na campaña electoral, pero agora aplican o refrán de «pasou o día, pasou a romaría». E non debería ser así, senón que deberían consideralo como unha medida de fomento da actividade deportiva, para que os nenos e as nenas crezan de forma saudable. Pero miren, por favor, a partida que destinabamos a deporte no Goberno bipartito. Hoxe é moi inferior. *(Aplausos.)*

Deixei para o final o financiamento local, non por ser menos importante. O Fondo Local leva conxelado desde o ano 2011, o financiamento é insuficiente e os mecanismos de aplicación non funcionan ben. E isto sucede porque a Xunta de Galicia aplica o de «eu convido e ti pagas». Non hai concellos, incluídos os gobernados polo Partido Popular, que non teñan problemas nos seus servizos sociais, nas súas garderías, nos seus comedores escolares, no SAF, etcétera.

E titulares tamén recentes din —abro aspas, e dino os alcaldes—: «A Xunta non dá resposta ao 60 por cento da poboación», —pecho as aspas e ábroas de novo— «Os concellos afrontamos cargas que non son nosas» —pecho as aspas—. *(Aplausos.)* Son palabras de alcaldes do noso concello, que levan moito tempo falando da falta de financiamento por parte da Xunta de Galicia, e todo iso polo que dicía antes de «eu convido e ti pagas», imponéndolles competencias que non lles corresponde, pero aos que non se lles transfiren os recursos necesarios, e como consecuencia o financiamento é insuficiente.

É certo que se incrementan con respecto ao ano pasado, pero é un engano, señor Corgos. Vexámolo, e voulle facer de novo números. O Fondo base para o ano 2025 alcanza os 112,9 millóns de euros. Pero, como dicía, leva conxelado dezaseis anos. O IPC dende o ano 2008 ata hoxe foi do 32,8 por cento. Polo tanto, só para cubrir o IPC tería que situarse en 150 millóns de euros, e estamos falando de 118. A diferenza é o déficit, sen pasar ningunha competencia impropia dende hai dezaseis anos, cousa que vostedes non fixeron. *(Aplausos.)*

Pero logo está o Fondo adicional, onde funcionan uns criterios absolutamente discrecionais. Non debería existir como tal, senón formar parte dun todo, dun único fondo base, e con criterios e baremos establecidos. E saben que a Fegamp aprobou por unanimidade a petición á Xunta de Galicia de que subise o Fondo base, ese que ten repartición obxectiva, pero nós volveremos reclamálo sempre que faga falta.



Por falta de tempo, quedaríame falar de lingua, de cultura, e profundar en temas de igualdade, de augas, pero non quería olvidarme de citalos, polo menos. Temos miles de argumentos para manter as nosas emendas. Como vimos dicindo, estes argumentos non resolven as carencias que temos, en ningún dos eidos, pero si van vir marcados por dúas cifras: os 258 millóns de euros para beneficiar, precisamente, os que máis teñen nese imposto de patrimonio e os 300 millóns de euros que regalarán ás construtoras da autovía, que nada favorecen os galegos e as galegas.

O presidente da Xunta, dende logo, ten moi claro o bando para o ten que mirar, o lado para o que ten que mirar, que é o lado da dereita, e nós temos que medir estes presupostos nese sentido. Por iso nós si que pedimos nestes orzamentos máis equipos de valoración de dependencia, máis coidadores, máis persoal da sanidade e en mellores condicións laborais...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...—remato, señora presidenta—, acceso á vivenda, aposta pola igualdade, pola nosa cultura, pola nosa lingua, pola educación, pola creación de emprego, polo I+D+i, polos homes e polas mulleres de toda Galicia e polos homes e as mulleres do mar e do mundo rural. (*Aplausos.*)

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego para fixar a súa posición sobre o ditame e defender as súas emendas.

Ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señorías.

Señor presidente ausente, señor conselleiro de Economía ausente, estes orzamentos que hoxe rematan a súa tramitación podemos dicir que son como ese agasallo de Nadal que recibes e pode ter un envoltorio moi bonito, pero que logo, cando abres, dentro o que trae é carbón. Porque iso é o que traen os orzamentos do Partido Popular: carbón para a sanidade e para a educación públicas deste país; carbón para a xente moza que quere unha vivenda e un emprego digno; carbón para as mulleres que loitamos pola igualdade; ou carbón para as persoas maiores que teñen dereito a unha vellez digna. Iso son os orzamentos do Partido Popular, carbón para os galegos e para as galegas, mentres lle poñen —aquí si— unha alfombra vermella ao *lobby* eléctrico e a multinacionais como Altri para que se forren explotando os recursos deste país, mentres aquí o que nos deixan é destrución e contaminación. (*Aplausos.*)

E si, este domingo quedou claro que vostedes non poden silenciar nin enganar todo un país. Este domingo, aínda que ao Partido Popular non lle guste, vivimos unha manifestación histórica en defensa da dignidade de Galiza; unha mobilización que expresou alto e claro que aquí hai un clamor contra esa bomba ambiental de Altri. E a pesar de toda a súa maquinaria



de propaganda e manipulación, a dignidade da xente deste país é máis forte, a dignidade da xente da Ulloa, a dignidade da xente da Arousa, a dignidade da xente que defende o territorio e o medio ambiente fronte a Altri é máis forte que a súa propaganda, e por iso teñan seguro que ganaremos esta batalla. (*Aplausos.*)

Porque estes orzamentos, igual que Altri, evidencian que o Goberno do Partido Popular non ten ningún proxecto de futuro para o país; o seu proxecto é o espolio enerxético e dos recursos naturais de Galiza; o proxecto do Partido Popular é deteriorar os servizos públicos mentres benefician a privada; o seu proxecto é un país *low cost* de vidas precarias, mentres as multinacionais se forran; e o seu proxecto é converter a nosa lingua nunha lingua residual.

Non teñen ningún proxecto de futuro para este país, porque, en realidade, vostedes son o Partido Popular do non, do non a todo o que supoña defender os intereses deste país; non a todo o que signifique mellorar a vida de galegos e galegas.

Están instalados no non a Galiza e nunha preocupante deriva absolutista e antidemocrática. Fíxense, o dialogante e sempre coa man tendida Partido Popular non acepta nin unha soa das 580 emendas que presenta o BNG para mellorar a vida dos galegos e das galegas, ¡nin unha soa! Ese é o talante negociador do Partido Popular.

¿E saben por que non as aceptan? Porque é que, claro, vostedes son o PP do non, do non á sanidade pública, por iso votaron en contra da proposta do BNG de reforzar a atención primaria con 250 millóns de euros, os mesmos que lles queren dar a Altri, fíxense. ¿Pero saben para que queremos nós que se invistan eses 250 millóns de euros? Para que haxa novas especialidades nuns centros de saúde que están colapsados, como psicoloxía clínica, logopedia e fisioterapia, para que Galicia deixe de estar á cola en investimento en atención primaria e nos poñamos á cabeza, porque o primeiro ten que ser a saúde das persoas.

Tamén votan en contra da proposta do BNG de destinar 130 millóns para loitar contra unhas listas de espera que non deixan de medrar, e iso se cremos os datos que publican, porque sabemos que hai centos e centos de persoas que están esperando en listas que non se publican.

Tamén vemos como os que presumen de grandes xestores tomaron unha decisión, que aínda teñen o morro ou a caradura —non sei como dicilo— de vir aquí defendelo, como é pagar 470 millóns de euros máis pola decisión de construír un hospital de maneira privatizada, como é o Álvaro Cunqueiro. Vostedes queren que paguemos 470 millóns de euros máis por ese hospital, pero teñen a 376.000 persoas en listas de espera. ¿E saben o que significa para unha persoa que está enferma, que está esperando por unha consulta ou que está esperando por un diagnóstico, estar nesa lista de espera? Significa a deterioración da súa saúde, significa que, se tes cartos, vas á privada e, se non os tes, esperas e te fastidias, porque na pública non che dan unha resposta rápida.

Pero a vostedes parécelles moi ben pagar 470 millóns de euros extra para as grandes construtoras, pero están en contra de destinar 130 millóns de euros a loitar contra as listas de espera, ou 38 millóns de euros para empezar a reverter a privatización do Álvaro Cunqueiro. Está claro cales son as súas prioridades.



¿Pero é que saben canto nos queda por pagar aos galegos e ás galegas pola súa exitosa decisión de pagar un sobrecusto de 470 millóns de euros polo hospital de Vigo? Pois aínda imos ter que pagar 702 millóns de euros durante os próximos dez anos; 70 millóns cada ano, e así ata o ano 2035.

É que eu non sei se son conscientes do que significan 470 millóns de euros máis. ¡É que era outro hospital! ¡É que era outro hospital! E, aínda así, a pesar diso, temos unha área sanitaria como Vigo na que doentes de cancro non teñen a atención que necesitan e teñen que ser derivados a Ourense, ou eran citados ás dúas da mañá. Esta é a gran xestión sanitaria do Partido Popular, claro que si. *(Aplausos.)*

Pero non queda aquí, porque no seu non á sanidade pública tamén figura o voto en contra a dotar de unidades de hospitalización infantoxuvenil a todas as áreas sanitarias e tamén o voto en contra a un plan urxente de atención á saúde mental dotado con 20 millóns de euros. E este é un tema moi serio, porque en Galiza encabezamos o ránking de suicidios. Coñecemos estes días algo que lles debería de preocupar. *(A señora Pontón Mondelo mostra un documento.)* A espera para ir ao psiquiatra no Sergas case se duplica en dous anos. Son 11.000 persoas as que están agardando por unha primeira consulta en psiquiatría. Pero nos orzamentos de 2025 non hai nin un só euro para o Plan de saúde mental anunciado por Rueda a bombo e prato. Aquí vemos outro bulo propagandístico máis do Partido Popular.

Señorías do Partido Popular, voten a favor destas medidas, porque coa saúde mental dos galegos e das galegas non se xoga.

Son tamén o Partido Popular do non a mellorar o ensino público, mentres, iso si, seguen re- gando o ensino privado. E iso que este foi un dos inicios de curso máis complicados e máis conflitivos, pero aínda seguen as familias reclamando os medios que non teñen, e deberían de escoitalas. Deberían escoitar os pais e nais, aos que cada vez que empeza o curso escolar se lles pon un nudo na gorxa porque saben que outro ano máis van ter que pelexar polos recursos que necesitan para os seus fillos e fillas, e neste país ou se mobilizan os pais ou en moitos centros educativos non hai os recursos que necesitan os nenos e nenas con necesi- dades educativas especiais.

É doloroso para eles, é inxusto como sociedade e nós, desde logo, non entendemos por que o Partido Popular, un ano máis, nestes orzamentos, lles trae carbón a eses nenos e nenas que necesitan apoio educativo. Propoñemos 7 millóns de euros para reforzar o persoal de apoio para necesidades educativas específicas. ¿De verdade é tan difícil en- contrar 7 millóns de euros nuns orzamentos que suman máis de 15.000, señorías do Partido Popular?

Igualmente, hoxe tamén votarán en contra dun plan de reforzo de profesorado e de gratui- dade dos libros de texto. Non sabemos por que están en contra da gratuidade dos libros de texto. Estaría ben que nolo explicasen.

Pero tamén son o Partido Popular do non á igualdade. Desde o BNG propoñemos destinar 130 millóns de euros para combater a violencia de xénero, pero ao Partido Popular parécelle



moito. Di que non se necesitan tantos recursos para preservar a vida das mulleres, e votou en contra desta proposta.

Temos algo moi claro, señorías do Partido Popular: non se salvan vidas nin se avanza en igualdade con lazos lilas e con minutos de silencio. Temos que gañarlle a batalla á violencia machista, e para iso é fundamental máis recursos. Deixen de votar en contra da loita contra a violencia de xénero.

O Partido Popular dilles non a estas propostas, pero ¿saben, señorías, a que di si o Partido Popular? Di si a que se poida facer negocio cos dereitos das mulleres, por exemplo, privatizando os centros de emerxencia ás vítimas, que, como sabemos, van estar xestionados por dúas multinacionais: OHL —unha gran construtora— e Eulen —casualidade sempre—, a empresa que dirixe en Galiza a irmá do señor Feijóo e que xa recibiu nos últimos anos 1.600 contratos a dedo por valor de 7 millóns de euros.

Cunha man abren a porta á privatización de servizos que deben velar polas vítimas do machismo e coa outra vetan as propostas do BNG para mellorar a atención que reciben as vítimas de violencia machista, por exemplo, no ámbito xudicial. Votan en contra de ampliar os xulgados de violencia con novas unidades xudiciais en concellos como Vilagarcía, Carballo, Viveiro ou Ribeira, e tamén botarán por terra a nosa emenda para reforzar a rede de centros de información a mulleres. Así é como mostra o Partido Popular o seu compromiso coas mulleres, coa igualdade e coa loita contra o machismo.

E o mesmo sucede cando se trata de avanzar en igualdade. Un goberno que lle di non a promocionar o deporte feminino, non a establecer as áreas de conciliación dos centros de traballo, un Partido Popular que tamén vota non a que se cumpran os acordos deste Parlamento, por exemplo, para as mulleres con endometriose, ou que tamén se nega a apoiar un plan de loita contra a pobreza en familias monomarentais.

Hai poucos días, con motivo do xuízo pola morte de Samuel, revivimos ese terrible suceso que demostra a necesidade de seguir educando en igualdade e tamén en respecto a todas as formas de ser e de querer. Pero votaron en contra dunha campaña de educación en igualdade e diversidade, e todo isto en coherencia co que son, o Goberno que eliminou a materia de Igualdade no ensino, ou que mantivo as subvencións aos colexios privados que segregan por sexo. E aí é onde vemos cal é o seu compromiso e a súa idea de igualdade.

Pero non queda aquí o Partido Popular do non, porque tamén vai votar non a apoiar as persoas maiores. Xa votaron en contra neste debate dos orzamentos de aumentar en 15 millóns de euros o financiamento do SAF ata que consigamos acadar os 20 euros por hora. É unha proposta razoable, viable e, sobre todo, necesaria; unha proposta que o único que busca é mellorar un servizo que é esencial para que as persoas maiores poidan estar atendidas no seu fogar nas mellores condicións. Creo que este é un obxectivo, o de atender as persoas maiores, que nos debería unir como sociedade.

E véxome na obriga de recordarlles un dato, tanto ás señorías do Partido Popular como ao señor conselleiro de Facenda. A día de hoxe a lista de agarda do servizo de axuda no



fogar é unha lista que está pechada e que só se abre cando hai falecementos. Esta é a realidade do que está pasando no servizo de axuda no fogar. Na maioría dos concellos, para que unha persoa poida recibir esa axuda, ten que falecer outra. É así de duro, é así de cruel e é así de inhumano. ¡É así de inhumano! (*Aplausos.*) Estamos falando de persoas, e necesitan esa atención.

Pero é que hai máis. Tamén se negaron a aumentar os recursos para atender a dependencia. ¿Que lles pedimos? Duplicar o persoal dos equipos de valoración da dependencia. Galiza está vendo como se incrementan os tempos de espera para resolver estas solicitudes. Hoxe a tramitación de dependencia en Galiza é de media de 387 días, o dobre do que marca a lei, e isto o que fai é que moitas persoas morran mentres están no proceso sen recibir esa asistencia á que teñen dereito.

O Goberno do señor Rueda está vulnerando —e hai que dicilo así porque é a verdade— o dereito das persoas maiores e está provocando unha deterioración tanto da súa saúde como tamén das persoas que as coidan, que na súa inmensa maioría son mulleres. E isto, señorías, é intolerable, porque o coidado non pode sosterse sobre a desigualdade e o sacrificio das mulleres.

Ese é o seu modelo, o modelo do PP, fomentar o negocio privado e descargar a responsabilidade nas familias. Por iso vostedes non potencian a rede pública, non, vostedes o que fan é seguir potenciando unha rede privatizada, e en todo caso o único que fan é vendernos un bono coidado que precariza a vida das mulleres coidadoras.

Pídolle ao señor Rueda ausente que deixe de responsabilizar as mulleres, as nais, as fillas e as netas do coidado das persoas maiores e que empece a traballar para ampliar a rede pública de residencias, a rede pública de centros de día, para que teñamos un servizo de axuda no fogar que atenda a todo o mundo igual, vivan onde vivan, porque as persoas teñen que estar atendidas.

Pídolle, polo tanto, ao señor Rueda que o Goberno asuma as súas responsabilidades e que deixen de descargar esas responsabilidades nas familias e sobre todo nas mulleres, porque esta é unha cuestión que afecta o conxunto da sociedade.

E nós xa sabemos, señorías do Partido Popular, que sempre hai máis necesidades que recursos, pero precisamente iso é gobernar, priorizar. O Goberno ten que priorizar como e cando atende as necesidades desta poboación, pero temos un goberno que prefire priorizar pelletazos fiscais, e nós cremos que sería mellor priorizar as necesidades que teñen as persoas, por exemplo, atender a pobreza, que hai moita poboación maior do noso país que está cobrando pensións non contributivas, que son pensións moi baixas. Nós o que lles estamos propoñendo nos orzamentos é que se duplique o complemento autonómico para todas esas persoas que teñen que vivir con 400 euros ao mes, señorías —¡400 euros ao mes!—, porque o Partido Popular non é capaz nin tan sequera de ter un xesto con todos e con todas elas. (*Aplausos.*)

Son tamén vostedes o mesmo Partido Popular que leva quince anos dinamitando a política social de vivenda. Agora, neste debate e nestes últimos meses, queren convencernos de que



están aí a tope con conseguir que a vivenda sexa un dereito. Pero imos ver que din os seus orzamentos e que di a letra pequena da Lei de acompañamento, esa que vostedes converteron nunha coadeira.

Pois o que vemos é que a súa medida estrela é baixarlles os impostos ás grandes fortunas, ás construtoras e aos fondos voitre que decidan comprar ou construír pisos para alugar ao prezo que lles pete, porque non están introducindo un criterio de renda, senón que están introducindo un criterio que, como veremos, o que fai é favorecer a especulación e favorecer a quen xa ten recursos. Esa é a súa gran aportación ante os mozos e mozas que non poden emanciparse.

Nós, desde logo, cremos que hai que actuar xa, que a xente moza non pode esperar a que vostedes decidan nalgún momento tomar algunha medida. Por iso dicimos que hai que poñer en marcha un novo modelo de vivenda protexida máis forte, social e sostible. E entendemos, señor conselleiro, que baixarlles os impostos ás construtoras non é o camiño para conseguilo. Por iso as nosas propostas van para mobilizar vivenda baleira, para poñer esa vivenda no mercado en alugueiro a prezos asumibles. Esta é unha vía rápida e é unha vía sostible; sobre todo é unha vía que nos permitiría mobilizar toda esa vivenda baleira que temos en Galiza, e lémbrolle que só nas grandes cidades hai 90.000 inmobles desocupados.

Outra das cuestións nas que nestes últimos anos o Partido Popular nos deixa atrás é tamén que o Partido Popular lle di non a que Galiza se sitúe como un país punteiro na ciencia e na innovación. Vostedes manteñen a Galiza na cola en I+D+i, e tamén ao mesmo tempo votan en contra da proposta dun pacto galego pola ciencia, dotado con 250 millóns de euros, que incluía a creación do Innogal.

Nós non imos permitir, nin imos, desde logo, compartir ese modelo do Partido Popular que quere que Galiza compita con baixos salarios, e que ven este país única e exclusivamente como un lugar onde veñan as grandes multinacionais a espoliar a nosa riqueza. Nós o que vemos é que o problema de fondo é que vostedes non teñen nin proxecto de país, nin tampouco confían neste país. Non confían na capacidade que temos para saír adiante, nin confían nos nosos sectores produtivos, e é que vemos exemplos cada día.

Eu quería centrarme hoxe tamén no que pasa no rural. O 90 por cento do territorio é rural, pero vostedes levan quince anos xa non de abandono, senón de desmantelamento do noso rural, porque restan servizos, as súas axudas son absolutamente ineficaces e non cren que ese sexa un vector tractor da nosa economía.

¿Que está pasando? Que nos estamos despoboando, que cada vez hai menos xente nova no rural e que, desde logo, temos un problema de futuro. Vostedes nin fan nin acollen as propostas que lles facemos desde o BNG, por exemplo, a poñer en marcha un plan para, realmente, favorecer o relevo xeracional, dinamizar o medio rural e que haxa servizos que garantan que a xente viva neses lugares. Por ser, nin sequera foron capaces de apoiar a proposta do BNG de crear un sistema de transporte baixo demanda no rural para facilitar a mobilidade de toda esa xente que vive nos concellos do país, que, por certo, ve os autobuses na televisión, porque, desde logo, diante das súas casas non para ningún.



E neste ámbito tamén temos outros vetos do Partido Popular: veto ao plan para dinamizar o sector leiteiro, veto ao programa Da granxa á mesa, para apoiar o produto local, ou tamén veto ás propostas que lle facemos para mobilizar a terra agraria. Porque esas non son as súas prioridades; a gran prioridade do Partido Popular é converter Galiza nun eucaliptal antes para Ence e agora para Ence e para Altri. *(Aplausos.)*

E hoxe, señorías, vemos como respecta o Partido Popular a legalidade cando se trata das súas empresas amigas: tirón de orellas de Europa pola prórroga a Ence concedida por Rajoy, porque a concesión non cumpre coa normativa. *(A señora Pontón Mondelo mostra unha fotografía.)* Vostedes sempre traballando en contra de Galiza e a favor das multinacionais que explotan o noso país. *(Aplausos.)*

Si, pero non quedan aí, porque non só traballan en contra moitos casos da legalidade para beneficiar esas empresas, senón que agora queren regalarlle 250 millóns de euros á multinacional Altri para que contamine o río Ulla, para que contamine a ría de Arousa, para que poña en risco 8.000 empregos, tanto no sector agrario como no sector do mar. Esa é a súa grande aposta. Con todo, van votar en contra de que destinemos 19 millóns de euros para poñer en marcha un plan de recuperación das nosas rías, que están cunha produtividade en caída libre. Estas son as prioridades do Partido Popular.

Pero esa falta de proxecto de país é que non a vemos só nos sectores produtivos, tamén a vemos, por exemplo, no ámbito industrial. E eu creo que hai un dato que nos di que é o que fai o Partido Popular no ámbito industrial. Pois desde que vostedes gobernan no ano 2009 perdemos 27.000 empregos na industria; temos 27.000 empregos menos na industria. A pesar deses datos, vostedes votan aquí non ao Plan de actividade tecnolóxico e industrial que propón o BNG, e o único que nos teñen que ofrecer en materia de industria é colocarnos en Galiza a empresa contaminante que non teñen en Portugal.

¿De verdade cren que isto é un proxecto de futuro para un país? ¿De verdade cren que así se pode construír un país que sexa capaz de encarar os retos que temos? É que vostedes están nunha política de levarnos para atrás.

Nos orzamentos do Partido Popular que lle din non a Galiza, si hai algo que nos queda moi claro, e é que vostedes son o Partido Popular dos si ás eléctricas. As eléctricas teñen unha alfombra vermella con vostedes, e vímolos en como están facendo toda unha serie de modificacións lexislativas pola porta de atrás, única e exclusivamente para seguir permitindo o espolio enerxético deste país e a destrución do noso territorio.

E ao mesmo tempo que lles din si ás eléctricas, claro, evidentemente, dinlle non a unha proposta transformadora do BNG como é crear unha empresa pública que poña a riqueza eléctrica ao servizo dos galegos e das galegas, porque aí, claro, tocámoslle o beneficio das eléctricas, e o Partido Popular sabe moi ben que portas xiratorias quere coller. *(Aplausos.)*

Si, pero tampouco lles preocupan logo as consecuencias disto, porque mentres, ao mellor, no Partido Popular se rin, neste país hai xente que pasa frío porque non pode prender a ca-



lefacción, e mentres as eléctricas se nutren e engordan os seus beneficios a custa de explotar os nosos recursos naturais, en Galiza hai miles de persoas en pobreza enerxética. E a resposta do PP é votar non á proposta do BNG de que se manteña o complemento autonómico do Bono eléctrico que suprimiron, porque de verdade que cremos que é absolutamente indecente que un país no que estamos exportando electricidade a xente pase frío no inverno. Acepten a proposta do BNG, señorías do Partido Popular.

Igual que cremos que en plena emerxencia climática é absolutamente desolador ver un PP que vota en contra de propostas como crear un fondo Clima e Natureza, de propostas para loitar contra o cambio climático, de propostas para a rexeneración de humedais ou de parques naturais, ou de propostas para que incrementemos a Rede Natura no noso país, ou de que teñamos unha estratexia galega da auga a medio e a longo prazo.

E, por último, tamén este debate orzamentario nos deixou moi claro que vostedes están instalados no non a darlle a Galiza máis autogoberno. A ver, non é que nos sorprenda... En quince anos non foron capaces de conseguir nin unha soa competencia, e isto o único que nos demostra é que a súa falta de ambición de país o que está facendo é que Galiza quede atrás mentres outros avanzan.

É certo que neste ano decidiron, polo menos, disimular, e empezaron dicíndonos que querían algunha nova competencia. Non sabemos canto é de real ou canto é de finxido, pero é que o que é raro é que sigan vostedes votando en contra dunha proposta que trae o BNG tamén a estes orzamentos como é crear un corpo de policía galego, que está previsto no Estatuto e que hai unha lei aprobada desde o ano 2007 que enterraron no caixón.

Tamén agora nos din que queren as competencias en meteoroloxía. Cando as pedía o BNG, dicíannos que se rompía España. Está ben que vostedes veñan dicilo, pero o que nos sorprende é que logo voten en contra de crear unha Axencia Galega para o Clima e a Meteoroloxía. Eu creo que a coherencia do Partido Popular, en fin, non sei se a teñen, pero, desde logo, cotiza á baixa.

Son, en definitiva, señorías do Partido Popular, o Partido Popular do non: do non a máis e mellor sanidade pública; do non a aumentar os medios para loitar contra a violencia machista; do non a deixar de facer negocio coa vellez e do non a un modelo enerxético que poña Galiza por riba das eléctricas. Son o Partido Popular do non á política social de vivenda ou do non ao autogoberno.

Pero hai un asunto que eu non quería deixar pasar porque me parece un tema fundamental para o futuro deste país e preocupante, porque son o Partido Popular do non ao galego. Vostedes levan quince anos facéndolle *bullying* á lingua galega. Fan unha política de acoso sistemático á lingua galega, que empezou con Rueda detrás da pancarta contra o galego, que seguiu co «Decreto da vergoña», que continuaron coa ruptura unilateral do gran acordo de país que era o Plan xeral de normalización lingüística e que seguiu co presidente de Galiza votando en contra de que se fale galego no Congreso. ¡O presidente de Galiza votando en contra do galego! É, desde logo, un disparate, pero é o seu espello, jé o seu espello! (*Aplausos.*) Si, e son o Partido Popular do non ao galego, porque vostedes están contentos co que pasa, porque é que están cumprindo os seus obxectivos. Claro, vostedes o que queren é impoñer o



monolingüismo en castelán; queren que o galego sexa unha lingua residual. Por iso, pese á situación crítica do idioma, manteñen o recortazo nos orzamentos e por iso votan tamén en contra das propostas do BNG, por exemplo, para poñer un plan estratéxico para un novo tempo para a lingua dotado con 30 millóns de euros.

Se realmente lles preocupase a situación do galego, non nos mandarían documentos nos que din que a situación do galego é óptima, que aquí xa existe unha situación de equilibrio e que, entón, ¿para que nos están dicindo que é necesario un pacto pola lingua?

Nós o que lle dicimos, señorías, é que se se empeñan en manter ese Decreto da vergoña, se se empeñan en manter a mesma política que nos levou aquí, o único que están facendo é demostrarnos que a súa verdadeira pretensión é colocar o galego como unha lingua residual e seguir impoñéndonos o monolingüismo en castelán. E eu quero dicir-lles que, evidentemente, a situación do galego é unha situación crítica, pero é unha situación reversible. E, por moito que vostedes se empeñen, non van acabar co galego, porque neste país somos maioría as persoas que sentimos un profundo amor e un profundo orgullo da nosa lingua. E, a pesar do Partido Popular, haberá mil primaveras máis para o galego. *(Aplausos.)*

Estes orzamentos non son...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—remato, presidente— os orzamentos que precisa Galiza, son os orzamentos das eléctricas e das multinacionais que fan negocio coa saúde, coa vellez e até cos dereitos das mulleres.

E pese á soberbia que demostraron neste debate e á súa deriva autoritaria, desde o BNG non imos deixar de traballar por este país e pola súa xente; imos facelo con máis forza e con máis enerxía que nunca, precisamente para contrarrestar as nefastas consecuencias dun goberno entregado ao centralismo, submisivo á estratexia de Madrid e incapaz de defender os intereses dos galegos e das galegas nin ante o Estado, nin ante Madrid, nin tan sequera exercendo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...as súas propias competencias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Agora saudamos os alumnos de FP dos ciclos medio e superior do IES Perdouro, en Burela. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos co debate.



Agora correspóndelle ao Grupo Parlamentario Popular fixar a súa posición, e para iso ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día. Bo día tamén aos alumnos e alumnas. Saudámoslos.

Señora Pontón, ausente estivo vostede toda a mañá ata que lle tocou este debate. Vostede non ten outra cousa que facer máis que estar nesta Cámara, ¿non? *(Aplausos.)*

Señora Espinosa, ausente o señor Besteiro, que tamén, para ser o debate de orzamentos, o máis importante que temos nesta Cámara ao longo do ano, pois, ademais de estar ausente na tan importante e relevante Comisión de Investigación, pois tamén está ausente hoxe. Suñoño que será para adiantarse xa a un cambio de opinión do Partido Socialista e dicir que aprobar os orzamentos non é importante.

E póñase de acordo co BNG, señora Espinosa, porque acaba vostede de dicir aquí que miremos para os orzamentos do señor Touriño. A ver, ¿que facemos?: ¿falamos do Bipartito ou non falamos do Bipartito? ¿Comparamos co Bipartito ou non comparamos co Bipartito? ¿Ou só para o que lles convén?

Pois, mire, voulle dar algúns datos en comparación co Bipartito. Mire, en gasto de I+D —do que vostede falou—, no 2025, 2,4 por cento de gasto financeiro, 339 millóns; no ano 2008, con ese Goberno do señor Touriño do que vostede falaba, 1,3 por cento; é dicir, 130 millóns de euros, señora Espinosa.

En emprego, baixan os fondos europeos e finalistas do Estado e soben os fondos propios en Galicia, un 3,7 por cento sobre a media.

En orzamento en vivenda, señora Espinosa, tome nota. Mire, na Consellería de Emprego, nós agora, no IGVS —orzamento do 2025—, gastamos un 106 por cento máis que en 2008, cando gobernaba o Bipartito e tiñan ese orzamento do señor Touriño ao que vostede me dicía que tiñamos que mirar.

En gasto en acción social, señora Espinosa e señora Pontón, no 2008, cando gobernaban vostedes, Touriño e o BNG, 543 millóns de euros, o 5,4 por cento de gasto non financeiro. En 2025, 1.406 millóns de euros, o 10,1 por cento de gasto non financeiro, señora Espinosa. *(Aplausos.)*

E veñen vostedes falar aquí tamén de igualdade e de violencia de xénero; as dúas voceiras de partidos que representan os partidos que apoiaron no Congreso dos Deputados a Lei do «só si é si», que puxo na rúa máis de 1.400 agresores sexuais e pederastas antes de ter a súa condena, señorías.

Señora Espinosa, mire, a taxa de violencia de xénero, de mulleres vítimas por cada 10.000 mulleres, en Galicia situouse neste trimestre nun 13,9 por cento, a terceira máis baixa de Es-



paña. ¿Sabe cal é a media estatal, señora Espinosa? ¿Sábeo? Vostede tiña o dato, ¿por que non o dixo? Pois a media está no 19,6 por cento. Galicia, o 13,9 por cento; España, o 19,6 por cento.

E cando fala vostede da partida orzamentaria de apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, lémbrolle que é unha partida ampliable; foi unha modificación que se fixo nesta Cámara dunha lei para que esa partida fose ampliable. ¿E sabe que fixo o Partido Socialista? Pois non apoiou esa modificación lexislativa. Así que, señora Espinosa, leccións en materia de orzamento para vítimas de violencia de xénero, nin a primeira. (*Aplausos.*) Aproveito para dicirlle que no artigo 7 do Proxecto lexislativo de orzamentos está esa partida, esa partida á que vostedes van votar en contra. Eu convídoa a que a voten a favor.

E, mire, se quere ser útil na loita contra a violencia de xénero, señora Espinosa, fale cos seus compañeiros, cos que gobernan no Goberno de España —eses que apoia o Bloque Nacionalista Galego—, e dígalles que modifiquen xa dunha vez por todas a Lei de asistencia xurídica gratuíta, para que se poidan acoller a ela as mulleres vítimas de agresións sexuais; porque hai dous anos que aprobaron xa a nefasta Lei do «só si é si», que incluía esa necesidade, e no día de hoxe, dous anos despois, aínda non é unha realidade esa asistencia xurídica gratuíta.

Señora Pontón, vostede non está en condicións de dar leccións en materia de igualdade. Vostede a día de hoxe aínda apoia a Lei do «só si é si». Suba a esta tribuna e diga que non apoia esa lei, señora Pontón; ¡diga iso! Porque vostedes, o grupo do Bloque Nacionalista Galego, o que fixeron foi dicir que eran xuíces fachas e xuíces machistas os que estaban aplicando esa lei. Non, señorías, esa lei tan daniña, a peor lei, a lei que máis dano fixo aos dereitos das mulleres, foi apoiada por vostedes, señora Pontón, ¡por vostedes!

E vén vostede falar da privatización dos servizos de igualdade. Mire, ¿sabe quen foron os precursores desa privatización? O Bloque Nacionalista Galego, no ano 2010. Gobernaban no Concello de Santiago co señor Bugallo. A tenente de alcalde era Socorro García Conde, hoxe man dereita da alcaldesa Goretti Sanmartín. ¿E sabe vostede a quen contrataron para o proxecto Santiago Urbana Norte, en materia de igualdade, atención a inmigrantes, a persoas de etnia xitana e persoas vulnerables? ¡Á tan nefasta Eulen! (*Aplausos.*) Á tan nefasta Eulen contratouna o Bloque Nacionalista Galego xa no ano 2010. Señora Pontón, ¿non lles cae a cara de vergoña?

Mire, eu vou facer aquí un exercicio de memoria, remontándome a 2018, ano no que o hoxe presidente do Goberno de España, o por entón líder da oposición, o señor Pedro Sánchez, acuñaba unha das súas citas célebres: «*Un gobierno sin presupuestos es tan útil como un coche sin gasolina*». Unha frase que pronunciou ante o comité federal do seu partido, e explicaba con convencemento que aprobar os orzamentos é a primeira e principal obriga dun goberno, porque sen orzamentos non hai nada que gobernar, dicía o señor Sánchez. De feito, aquel Sánchez fundamente preocupado pola gobernabilidade de España preguntábase para que necesitaban os españois un goberno que non ten presupostos e que, en consecuencia, non pode facer nada: «*Si no puede contar con una mayoría parlamentaria para aprobar los presupuestos generales del Estado, el presidente del Gobierno tiene que convocar a los españoles a las urnas*». Isto dicíao o señor Sánchez.



Volvamos agora ao presente. Hoxe, 17 de decembro, quedan exactamente quince días para que dea inicio un novo ano, e xa non é só que non saibamos nada dos presupostos xerais do Estado para o ano 2025, senón que constatamos, ademais, que xa nada queda daquel Sánchez na oposición. Mire, o Peugeot diésel co que percorría o país deu paso ao *Falcon*, co que se distancia cada día máis da situación dunha España en descomposición.

As súas obrigas como presidente deron paso ás chantaxes dos seus socios e ás corruptelas da súa familia e do seu partido, señora Espinosa. E a súa preocupación pola gobernabilidade hai tempo que deu paso ao manual de resistencia co que se blindou na Moncloa en contra da vontade dos españois nas urnas.

Señorías, non vou caer no recurso fácil de referirme ao Goberno de España como un coche sen gasolina e inútil, pero si me vou valer das reflexións de Pedro Sánchez do pasado para contraponer o reino de Taifas no que o socialismo e os seus socios pretenden converter España, coa illa de estabilidade na que os galegos e galegas temos a sorte de vivir. Porque aquí, en Galicia, si somos conscientes de que a primeira e principal obrigación dun goberno é aprobar os seus orzamentos en tempo e forma de xeito consecutivo durante dezaseis anos, señorías. Porque, como recordou o presidente Rueda na comparecencia na que explicou as liñas mestras destas contas, a nosa comunidade votou en febreiro coa tranquilidade que ofrecía contar cuns orzamentos xa aprobados e que aseguraban que as institucións galegas funcionarían fose cal fose o rumbo que se escollese nas urnas.

E como os galegos volveron confiar no Partido Popular de Galicia, hoxe aprobamos un ano máis os orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2025, sen sobresaltos, sen estridencias e sen liortas; coma sempre, como cada ano dende o ano 2009, demostrando unha vez máis que Galicia funciona. (*Aplausos.*)

Fronte á parálise estatal, digo que Galicia funciona porque mentres o Goberno central —apoiado polo BNG— prima a protección do lobo fronte á supervivencia dos gandeiros, Galicia seguirá apoiando a quen fai posible que o noso rural siga vivo.

Mentres o Goberno central —apoiado polo BNG— mantén as autoestradas estatais na nosa comunidade como as máis caras de España, Galicia seguirá mantendo as autoestradas autonómicas como as máis baratas.

Mentres o Goberno central —apoiado polo BNG— promete vivendas que nunca se constrúen e lexisla a favor dos *okupas*, Galicia o próximo ano porá á disposición dos galegos 1.600 das 8.000 vivendas de promoción pública que se promoverán nesta lexislatura.

Mentres o Goberno central —apoiado polo BNG— segue sen contribuír a financiar os servizos de dependencia, Galicia incrementará os fondos destinados ao Bono Coidado no Fogar, ao Bono Residencia e á contribución autonómica do SAF, señora Pontón.

E mentres o Goberno central fala sobre educación gratuíta, pero non fai nada para implantala, Galicia seguirá sendo a única comunidade autónoma que ofrece unha educación totalmente gratuíta dende a etapa infantil ata a universidade. (*Aplausos.*)



E mentres o Goberno central —apoiado polo BNG— se nega a actuar ante o problema da falta de médicos que sofren todas as comunidades, Galicia seguirá tomando todas as medidas posibles dentro das súas competencias para garantir unha sanidade pública á altura do que os galegos merecen.

Se todo isto é posible, é porque en Galicia si cremos no valor da palabra dada e na coherencia entre as promesas e os feitos, pero, sobre todo, porque somos moi conscientes de que, aínda que temos moito camiño percorrido, aínda queda máis por percorrer. De aí estes orzamentos que hoxe apoiamos; unhas contas pensadas para o futuro dende a estabilidade, unhas contas ilusionantes ao mesmo tempo que realistas; unhas contas avaladas polo cumprimento dos compromisos; unhas contas, en definitiva, pensadas para cumprir con Galicia e cos galegos.

O lóxico sería que as emendas que os grupos políticos presentamos a estes orzamentos fosen nesa mesma liña, na liña da estabilidade, do realismo e de ter en mente en todo momento o sentir dos galegos e das galegas, pero un ano máis comprobamos que a oposición vai xusto no sentido contrario. As súas emendas non son só un reflexo da inestabilidade que viven uns partidos que aínda non asumiron os resultados electorais do pasado 18 de febreiro, senón que, ademais, debullan unha ensoñación imposible de levar á práctica, e dificilmente poderían estar máis afastadas do que Galicia demanda nestes momentos.

Temos, por exemplo, un BNG que nun dos últimos debates de emendas poñía o grito no ceo porque estes orzamentos son os máis antisociais da historia. ¿Recorda, señora Pontón? E nunca antes en Galicia houbera unhas contas tan planificadas e deseñadas para privatizar os servizos públicos e drenar os recursos públicos cara a empresas amigas do PP —textualmente, dicían vostedes—. Si, si, di o señor Bará. ¡Ai, señorías, canto nos queda por falar do parque temático de empresas do Bloque Nacionalista Galego! ¡Canto nos queda por falar! (*Aplausos.*)

Pois, miren, o que realmente é antisocial é o que pretenden facer vostedes coas súas emendas. Mire, antisocial é a súa proposta de recortar 8 millóns de euros dos fondos públicos destinados a pagar a Risga. É dicir, deixan sen apoio económico máis de 950 persoas vulnerables ou en risco de exclusión social. Pois si, señora Pontón, imos votar en contra de que vostedes lles quiten eses 8 millóns a todas esas persoas vulnerables de Galicia.

Antisocial é a súa proposta de recortar nos gastos de funcionamento dos centros de maiores; é dicir, que quedarían sen auga, sen electricidade e sen calefacción os maiores que están neses centros. Pois claro que si, a iso tampouco imos votar que si.

Antisocial é a súa proposta de recortar as axudas destinadas a facilitar o acceso ao emprego a mozos investigadores, a mulleres vulnerables e a estranxeiros, a persoas con discapacidade ou a parados de longa duración. Pois a iso, señora Pontón, tamén imos votar que non.

Antisocial é a súa proposta de recortar 10 millóns de euros na compra de material sanitario e outros 10 millóns de euros nos gastos de subministración dos centros de saúde; é dicir, a deixar os centros de saúde sen o material que necesitan para o seu funcionamento e a deixar os profesionais sanitarios sen os instrumentos que necesitan para facer o seu traballo. Por iso, señora Pontón, claro, non imos votar que si a esas propostas súas.



E, xa por último, tamén é antisocial a súa proposta de poñer fin ao convenio coa Fundación Josep Carreras para atopar doantes compatibles en toda España para transplantes de medula. É dicir, iso é limitar as posibilidades de que calquera paciente galego que o precise poida localizar un doador óseo compatible, tanto no noso país como no estranxeiro, se fose necesario.

¿Esas son realmente as súas propostas para mellorar Galicia, señora Pontón?: ¿recortes en axudas sociais?, ¿recortes no emprego?, ¿recortes na calidade da sanidade pública? Moi social todo, dende logo.

Como tamén son moi sociais as emendas dos outros grupos, como as do Partido Socialista, que quere recortar as transferencias ás escolas infantís da Galiña Azul, ata o punto de deixar sen pagar as nóminas das traballadoras e as facturas dos centros. ¿Era iso ao que se refería vostede, señora Espinosa, cando dicía aquí que unha familia que non tiña praza para o seu cativo de 3 anos e tiña que metelo nunha escola pública? ¿Era iso ao que se refería? Si, dixo iso textualmente. Ou como Democracia Ourensana, señor Ojea, que se estrea vostede neste debate sumándose á oleada de recortes da esquerda e proponendo nin máis nin menos que un recorte de máis de 4 millóns de euros ao programa de vacinación. Mire, tamén se vacinan con ese programa os nenos e nenas de Ourense e tamén se vacinan con ese programa os maiores das residencias de Ourense, señor Ojea. ¡Claro!, é que esas son as contradicións coas que hai que cabalgar.

E xa pechando o capítulo dos recortes —aínda que daría para moito máis—, e antes de centrarme no que para nós son os principais eixos destes orzamentos, gustárame volver a esa crítica que citaba anteriormente do BNG ao referirse á suposta privatización dos servizos públicos para drenalo cara a empresas amigas, para facerlle dúas preguntas, señora Pontón. Mire, ¿está o BNG en condicións de poder afirmar que non recorre á privatización de servizos públicos nas administracións onde goberna? Señora Pontón, ¿está o BNG en condicións de poder afirmar que non drena recursos públicos cara a empresas amigas nas administracións onde goberna? Aí van ter que comprar moitos guantes ignífugos. (Risos.) ¡Moitos guantes ignífugos, si! (Aplausos.) Eu espero a súa resposta.

Pero esta fin de semana xa tivemos un adianto na clarividente entrevista da señora Rodil en *El Progreso*; unha entrevista na que se falou moito sobre adxudicacións públicas a persoas próximas ao BNG e na que a señora Rodil deu dúas exclusivas: primeira, que o BNG agora defende as adxudicacións de concursos públicos por concorrencia competitiva —¡claro, claro, claro, claro, claro!—; e, dúas, que o BNG agora non denuncia a fórmula de contrato menor, porque é legal. (Murmurios.) ¡Claro, claro, claro! O único que non dixo a señora Rodil é que para o BNG a fórmula do contrato menor é legal sempre que se trate dunha administración gobernada polo nacionalismo e o contrato menor o leve algún amigo do nacionalismo, excargo do nacionalismo ou familiar do nacionalismo. (Aplausos.) ¡Un pouco de coherencia, señorías! Xa que non son honestos, polo menos, fagan o esforzo de facelo.

Mire, é como cando a señora Pontón dicía: fagan residencias públicas. Dicíao vostede, señora Pontón. ¿A cales se refire?, ¿ás da Deputación de Lugo, na que vostedes gobernan? ¿Esas por quen están xestionadas? ¡Ah!, creo que por empresas, e tamén por algunha fundación e algunha organización relixiosa. Desas non falamos, ¿non? Esas quedan fóra. ¡Pois, mire...!



Ou cando vostedes piden máis prazas de residencia para os nosos maiores, pero opóñense á creación de 900 prazas públicas nas sete cidades galegas só porque as fai a Fundación Amancio Ortega, só porque as constrúe a Fundación Amancio Ortega; iso si, hei de recoñecer que cada día teño menos claro se realmente se opoñen ou non, sobre todo despois de escoitar declaracións como as que se fixeron na inauguración dunha destas residencias, cando unha das autoridades presentes afirmou —abro comiñas porque é textual, señorías do BNG—: «Temos que asumir colectivamente o obxectivo de ofrecer ás persoas maiores os servizos necesarios para levar unha vida activa plena e nas mellores condicións posibles, e un centro destas características contribúe a facelo posible.» —¡Atentos!— «Por iso debemos parabenizarnos e felicitar a colaboración público-privada que o fixo posible, porque esta residencia é hoxe unha realidade grazas á colaboración entre una fundación privada e as administracións públicas. É de xustiza saudar iniciativas como esta, que o que fan é redundar na oferta pública de prazas aberta a toda a poboación, independentemente dos seus condicionantes económicos».

¿Sabem quen dixo isto? ¡A señora Goretti Sanmartín! (*Murmurios.*) ¿E que van facer con ela? ¿Vana mandar ao mesmo gulag que ao señor Cela? (*Aplausos.*) ¡Claro, é que...! ¡Claro, claro! Señora Rodil, vostede xa vai aprendendo a lexislación de contratación. E a señora Goretti Sanmartín, pois tamén. ¡Claro, van, van...! Si, si, pois mire... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, ese é o listo do grupo. (*Risos.*) (*Aplausos.*) O listo do grupo. Non se preocupe que para vostede tamén hai.

Miren, pois a alcaldesa Goretti Sanmartín, cando se inaugurou, cando se inaugurou... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¡Home!, se fala, poderei referirme a el, ¿non? Se non, que estea calado, porque eu estiven calada mentres interviñeron as outras persoas. ¡Se falan, oian, asuman!, ¿vale? (*Murmurios.*)

Señorías, son prazas públicas, ¡públicas!; si, son públicas, independentemente de quen puxese en marcha a residencia. Por iso —sen que sirva de precedente—, eu concordo co que di a alcaldesa de Santiago, a señora Goretti Sanmartín. Claro, nese caso, concordo, señorías. ¿Vostedes concordan? ¿Concordan con ela? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Concordan; concordan con ela. (*Murmurios.*)

Pois ben, debemos celebrar que haxa iniciativas público-privadas que redunden nunha oferta de prazas aberta a toda a poboación, independentemente da súa capacidade económica. Tome nota, señora Pontón, para a segunda intervención. Cando diga aquilo de «prazas públicas», faga a paréntese e diga o que dixo a señora Sanmartín.

Mire, eu, deixando a un lado o BNG dos recortes sociais, das empresas amigas e da incoherencia, voume centrar no que para nós son tres dos principais eixos destes orzamentos, na medida en que reflicten catro das principais preocupacións dos galegos: a sanidade, a venda, o medio ambiente e a industria.

No que se refire á sanidade, estes orzamentos contemplan o maior investimento da nosa historia e céntranse en coidar a quen nos coida, mellorando as condicións laborais dos 43.700 profesionais sanitarios e ampliando o número de prazas ata superar as 1.400. Céntranse



tamén en seguir mellorando a calidade asistencial, tanto nos centros sanitarios como nos propios domicilios, cun novo plan de atención domiciliaria pensado para os nosos maiores e novos servizos de proximidade nas zonas rurais. E, por suposto, céntranse nun dos grandes problemas da sociedade actual, como é a saúde mental, con dúas grandes medidas, señora Pontón, como son a habilitación de psicólogos clínicos nos centros de saúde ou a ampliación da atención psiquiátrica infantoxuvenil ata os 18 anos. E todo isto mentres se segue investindo na dotación de equipamentos, na construción de infraestruturas sanitarias e na ampliación dun calendario de vacinación que xa é o máis completo do mundo.

Unha mágoa que neste sentido a oposición careza de alternativas útiles, xa que, por unha banda, o Partido Socialista prefire que os galegos sigamos sen contar co número de médicos que precisamos, só por non molestar o seu xefe de filas e reclamarlle a solución que todas as comunidades autónomas demandamos ante a falta de profesionais. Iso si, deixando esas mesmas comunidades autónomas abandonadas á súa sorte á hora de lidar coa nova ocorrencia de cargarse Muface; unha ocorrencia que suporía, señora Espinosa, para Galicia, un gasto a maiores de 170 millóns de euros ao ano, e o incremento das listas de espera, que parece que tanto lles preocupan —ás veces si e ás veces non—. Un desprezo á sanidade pública galega dun socialismo cuxa principal aportación para estes orzamentos neste eido é recortar case dous millóns as partidas destinadas á construción de centros de saúde. Mire, señora Espinosa, váialles explicar aos alcaldes e alcaldesas socialistas de Vilagarcía, Antas de Ulla, Lugo, Meis, Meira ou O Carballiño que o seu propio partido está recortando as partidas para eses centros de saúde.

¡Ollo, señor Ojea, que vostede pode votar a favor desa emenda e resulta que lle recorta nalgún centro de saúde en Ourense!

E da outra banda, temos ao BNG, que directamente quere devolvernos a hai vinte anos, a aquela época na que Ana Pontón entrou como deputada —ben, xa case vai facer vinte e cinco— neste Parlamento e aínda non existían nin Twitter nin o iPhone. (*Murmurios.*) ¿Saben por que? Porque o BNG propón cunha das súas emendas deixar o Sergas sen equipamento informático que sustenta nada máis e nada menos que a historia clínica ou as receitas electrónicas. Xa sabemos a nostalxia do nacionalismo polo pasado, pero non ata ese punto, señorías; un nacionalismo que, ademais, volve presumir de incoherencia ao reclamar a ampliación de prazas médicas cando co seu voto en contra se opuxo a que Galicia puidese utilizar o concurso de méritos para cubrir, precisamente, esas mesmas prazas que reclaman.

No que se refire á vivenda —outra das grandes preocupacións dos galegos—, o Goberno de Alfonso Rueda marcouse como obxectivo duplicar o parque público de vivenda da nosa comunidade, pasando das 4.000 actuais ás 8.000 ao remate da lexislatura. E nunha nova mostra de cumprimento da palabra dada, no día de hoxe podemos dicir que xa están en marcha 1.600 desas vivendas e que o orzamento que hoxe debatemos triplicará o investimento nesta materia, posibilitando, entre outras cousas, que os menores de 36 anos teñan reservado o 40 por cento en alugueiro e o 25 por cento en venda das novas vivendas que se constrúan.

Aínda así, temos que aguantar que o PSOE diga que as políticas de vivenda da Xunta son un fracaso; o mesmo PSOE que en campaña prometía vivendas en esqueletos urbanísticos, se-



ñora Espinosa; o mesmo PSOE que lexislou para facilitar o acceso á vivenda e acabou subindo os prezos e beneficiando os *okupas*; o mesmo PSOE que pretendía comprar a mocidade cun bono ao que en Galicia só poderían acceder o 10 por cento dos nosos xoves.

Mire, ¿sabe cal é a única aportación que fixo o Partido Socialista á vivenda en Galicia? Esas dúas vivendas que comprou en Carnota a directora do Centro Nacional de Investigación Oncolóxica, señora Espinosa.

Ben, unhas emendas coas que pide exactamente o mesmo que o Goberno galego xa está facendo. Mire, piden bonificacións á renda en vivenda protexida, e xa se aplican bonificacións de ata o 50 por cento; piden unha bolsa de vivendas baleiras a prezos asumibles, e xa existen dous programas con este obxectivo; piden o impulso de cooperativas de vivendas en cesión de uso, e xa se está a facer; piden unha prestación para a prevención, a abordaxe da perda de vivenda, e xa se atende a través do bono de alugueiro social.

Señorías, eu podería dicir o mesmo que dixo un soberbio deputado do BNG, que dixo aquilo de: iso xa se está facendo pola Xunta, pero non, o que vou dicir é que estas emendas non son útiles.

Lamentablemente, señora Pontón, non hai coincidencias no que se refire á política medioambiental e industrial de Galicia, porque, ante a imposibilidade de crear emprego e riqueza ou impoñer ideoloxía, algúns prefiren opoñerse por sistema a calquera iniciativa que poida crear postos de traballo na nosa comunidade. Nós, en cambio, fronte a ideoloxías e dogmas, sempre imos escoller traballo e crecemento económico. (*Aplausos.*) E voulle dicir outra cousa, señora Pontón: entre desenvolvemento industrial ou protección do medio ambiente, non temos que escoller, porque as dúas cousas son compatibles, porque contamos cun goberno que vela para que así sexa.

Curiosamente, os que levantan a pancarta do ecoloxismo e do «non» son os mesmos que a estes orzamentos presentan unhas emendas tan ecoloxistas que suporían recortar as partidas destinadas precisamente á protección e conservación do noso medio rural, unhas partidas que tanto PSOE como BNG pretenden minorar e nas que se inclúen as actuacións de ordenación e infraestruturas de uso público, as de conservación e protección da biodiversidade e as de protección e valorización do patrimonio natural.

Neste sentido, vanme permitir, señorías, unhas claras e contundentes palabras en nome do Partido Popular de Galicia. Como non podía ser doutro xeito, respectamos todas as opinións e manifestacións, pero sempre que sexan pacíficas. Por iso gustárame trasladar a todos os que se manifestan en defensa do noso medio ambiente e de que non se produzan agresións a Galicia que poden contar con nós e co Goberno galego á hora de garantir con criterios técnicos que os proxectos industriais que queiran instalarse na nosa comunidade sexan rigorosos no cumprimento da lei e no respecto ao medio ambiente. Fronte a iso, outros optan por manifestarse con outros fins, que nada teñen que ver co medio ambiente e moito menos coa nosa política industrial, e deixar a cidade de Santiago chea de pintadas no mobiliario público e nas paredes; ¡que vergonza, señorías!, unha cidade patrimonio da humanidade. Este mesmo domingo incluso escoitamos líderes históricos do BNG dicir que isto é unha batalla dunha guerra moi longa



e que este goberno é un usurpador do poder. Creo sinceramente que dubidar da lexitimidade dun goberno democrático e empezar a falar de batallas e de guerras é algo moi perigoso.

Por iso dende aquí ínsto a, señora Pontón, a que se desmarque desas palabras ou nos diga se está de acordo con estas posturas radicais. Fronte a todo este radicalismo, fronte a toda esta incoherencia e fronte a todo este «non» constante ao avance de Galicia, non é de estrañar que os galegos volvesen en confiar en nós o pasado 18 de febreiro para construír o futuro da nosa terra. É máis, como soubemos onte mesmo, se hoxe se convocasen eleccións en Galicia, os galegos revalidarían a súa confianza no Partido Popular de Galicia, e a vostedes eses votos que teñen prestados do Partido Socialista xa lles empezan a minguar, señorías. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, nótase que lle puxeron as cadeas da UPG na asemblea e trae hoxe aquí máis que nunca o catecismo da UPG: botar a Garda Civil e a Policía Nacional de Galicia, a imposición da lingua. A iso, señora Pontón, os galegos xa dixeron «non», e vostede, por terceira vez, foi tres veces candidata, con tres fracasos electorais, vén aquí falar cunha soberbia como se vostede gañara as eleccións, señora Pontón; vén falar de eucaliptización, cando vostede, disfrazada de capitalista ou de moderada ou non sei de que, foi visitar a empresa Finsa. ¿Non lle ulía alí a eucalipto? *(Risos.)* ¡Ah!, é que iso non pasou polo Consello Nacional, *(Murmurios.)* claro, claro. ¿Vostede explicou alí na Finsa o que pensa vostede deste tema da eucaliptización?, ¿explicáronllo? *(Murmurios.)* Claro, claro, claro. *(Aplausos.)* Volven ao redil. A UPG centrounos na ideoloxía e no dogmatismo, señorías. Eu alégrome de que, ¡joia!, non sigan enganando tanto os galegos como pretendían, pero os galegos demostraron *(Murmurios.)* o pasado 18 de febreiro que non se deixan manipular.

Mire, un proxecto, señorías, o proxecto do Partido Popular de Galicia, que votaron o 18 de febreiro maioritariamente os galegos. A expresión máxima deses compromisos cos galegos son estes orzamentos para 2025, para que Galicia funcione e siga funcionando, e cunha forza que nos permitirá este 2025 seguir sendo fieis á nosa palabra, seguir cumprindo co noso programa e, por suposto, seguir mellorando...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...esta terra, con sentidiño e con rigor.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Agora, rolda dos grupos para definirse sobre as emendas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Eu moitas veces aí sentado paro a pensar que pensarán eses alumnos que nos visitan moitas veces dos institutos. Seguramente os seus profesores ensináronlles que hai que debater pois



educadamente, en silencio, argumentando de xeito racional, sen vociferar, sen facer aspavientos, e de verdade veñen aquí ver como se debate; e non sei se levarán, a verdade, moi bo exemplo. Deixo así ese razoamento. É unha cousa que penso moitas veces, de verdade, particularmente nalgunhas ocasións en que sei que están aí arriba alumnos de institutos, e non sei tamén se os seus profesores pensarán que tiveron boa idea en traelos aquí.

A señora portavoz do Partido Popular tomou en consideración unha das nosas emendas dicindo que queríamos quitar a vacinación aos rapaces. Nós fixemos unha emenda para construír, para tratar de construír un centro de saúde nun barrio de Ourense, concretamente no barrio do Vinte e Un, cunha aportación estimada por nós en algo máis de 4 millóns de euros. E, como hai que detraelo dalgunha parte da mesma sección, porque son emendas parciais, pois escollemos, precisamente, o programa de vacinación, que manexa máis de 40 millóns de euros, nos cales van incluídos, loxicamente, os beneficios das multinacionais farmacéuticas. Loxicamente, non sei se a señora portavoz do Partido Popular pensa máis nos beneficios das farmacéuticas que na asistencia sanitaria dos veciños da cidade de Ourense. Estimo, estimamos, que non sería difícil negociar coas empresas farmacéuticas os seus beneficios e detraer 4 millóns de euros facilmente dun montante total de 40 millóns de euros. Ou sexa, que estimamos, claro, que dalgún sitio hai que quitalo. Quero dicir que estará tamén ben que saiban os habitantes dese barrio pois que o Partido Popular prefire darlles beneficios ás farmacéuticas, sen negociar, que facer un centro de saúde no seu barrio. Iso por empregar tamén —eu que sei— certa dose de demagogia á que tamén teño dereito, ¿non? (Risos.) É que, se aquí é todo demagogia, como se un tivera que ser dunha racionalidade kantiana, ¿non?

Ben, ¡que lle vou dicir! As emendas do Partido Popular son, como dixemos, como se dixo, de tipo meramente técnico; non imos falar delas. O Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego digamos que están no mesmo criterio xenómico de non ver a cuestión de xeito territorial —recoñéceno explicitamente—. Incluso a veces chámanlle localista á nosa postura de tirar pola provincia de Ourense.

Pero ben, o que si que temos visto é que, aínda que a súa visión pois non é especialmente a nosa, o Partido do Bloque Nacionalista Galego si que nas súas emendas, consideradas na súa globalidade, á marxe de que parcialmente podería non ser así, pero consideradas na súa globalidade, benefician un pouco máis a provincia de Ourense que as propostas iniciais do Partido Popular, no sentido de que son continuísta, e, de apoiar eses orzamentos, manteríamos o *statu quo* da provincia de Ourense, que é precisamente o que queremos cambiar.

Polo tanto, loxicamente votaremos en contra dos orzamentos do Partido Popular, apoiaremos as emendas do BNG, porque —xa digo— nunha visión globalizada —de feito, nalgunhas comisións particulares xa votei a favor— estimamos que non na medida en que nós quixéramos, pero si se beneficia un pouquiño máis a provincia de Ourense do que a beneficiarían os orzamentos do Partido Popular.

E, no caso do Partido Socialista, abstémonos, porque as súas propostas digamos que as estimamos neutras desde este punto de vista, que é o prioritario para nós; non entendemos nin que se beneficie especialmente a provincia de Ourense en comparativa coa proposta inicial dos orzamentos do Partido Popular.



Entón, a nosa postura en relación coas emendas do resto dos partidos é esta.

Podería empregar o resto da miña intervención en falar do divino e do humano e de Sánchez e de moitas cousas das que se falan aquí que non gardan relación directa co punto da orde do día, pero vai contra a miña natureza e entón non o farei.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa

A señora ESPINOSA MANGANA: Señora Prado, a ver, eu non manipulo ningún dato, vostede creo que si os manipula, ou polo menos os terxiversa, e, sobre todo, fala de contextos que en ningún momento son comparables. E imos falar dalgún tema concreto.

Vostede falaba de acción social e facía referencia ao Bipartito. Eu preguntolle: ¿tiñamos Lei de dependencia no Bipartito? *(Aplausos.)* Non, señora Prado, non, señora Prado. Existe a Lei de dependencia precisamente grazas a un goberno socialista, que puxo o cuarto piar do benestar. Polo tanto, non se poden comparar datos dunha época e doutra.

E nós do que estamos falando é de que vostedes prefiren subvencionar prazas en empresas privadas que crear novas prazas públicas cando falamos de dependencia ou falamos de asistencia na terceira idade. ¿Por que? Porque seguen a beneficiar as empresas en vez de facelo ao público.

E un exemplo moi claro témolo no Salnés, porque non me dera tempo a falar de todos os casos concretos que temos, pero no Salnés, cunha poboación de 100.000 habitantes no que é a comarca, non ten nin unha praza pública de residencia de maiores. Esta é a realidade do Partido Popular, esta é a realidade. *(Aplausos.)*

E antes, se me entendeu mal, ou se me expresei mal, cando falaba de escolas infantís, eu quería dicir que hai moita xente —e fale coa xente da comarca de Lalín— que ten que mandar os nenos a unha escola infantil privada, porque incluso a que estaba subvencionada tivo graves problemas e pechou e non hai prazas públicas. A iso estábame a referir eu.

Pasemos a outro tema, á violencia de xénero. Eu transmitín uns datos publicados onte, onde se di que subimos dez puntos sobre as denuncias. E os socialistas non queremos estes datos, aquí temos que remar xuntos, eu non estou culpando o Partido Popular deses datos, nin moitísimo menos. Os socialistas queremos cero defectos en materia de violencia de xénero, pero —repito— as denuncias no terceiro trimestre deste ano aumentaron e é unha realidade. E eu dicía que, fronte a esa realidade, vostedes non executaron máis que o 31,4 por cento en partidas de protección ás mulleres. *(Aplausos.)*

E saben —insisto— que temos que remar xuntos, temos que acabar con esa lacra. Olvídense, por favor, e fagamos algo todos unidos neste Parlamento e sumemos a toda a sociedade dunha vez.



E dígolle máis, porque vostedes, a Xunta de Galicia, non o Partido Popular, pero a Xunta de Galicia si ten competencia para incrementar a partida orzamentaria destinada á quenda de oficio e incluír a asistencia de vítimas de violencia de xénero.

E hai cousas das que vostedes soamente falan do que lles convén, e eu digo que a lei que xa coñecemos todos como de si é si ¿non contempla a creación de centros de emerxencia as 24 horas? ¿Teñen vostedes eses centros inaugurados cando recibiron 5,8 millóns de euros do Estado? ¿E en Galicia non van recibir axudas para...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non estou de coña. Estou dicindo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, espero que me conteste a señora Prado e non fagamos aquí un debate interactivo, señor Pazos, porque, se non, eu tamén pido interactividade de todo o Parlamento, e pode ser ao mellor pois moito máis produtivo e moito máis divertido.

Pero eu dígolle e repito as cousas realmente como son.

Falábame de saúde, pero vou volver un pouquiño atrás, de dependencia, pero permítame que dea un pouquiño marcha atrás en temas de dependencia. ¿Quen non aportou os fondos a Galicia cando gobernaba en Madrid? O señor Rajoy. O señor Rajoy é o culpable dese déficit que hoxe temos de dependencia en Galicia. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Non, é a triste realidade, señora Prado. E pódolle dicir máis: ¿que fixeron vostedes este ano? Como dende o Goberno de España incrementaron os fondos para a dependencia, a Xunta de Galicia baixou a súa aportación; esa é outra realidade, e os números cantan e os números dino todo.

Pero como falabamos de temas e vostede sacaba o tema de sanidade, tamén podemos falar del. ¿Que fixeron vostedes cando gobernaban en Madrid? ¿Quen son os responsables de que hoxe teñamos ao mellor falta de médicos? Son vostedes. E voulle dar —creo que por enésima vez— datos exactos: prazas de MIR nos anos 2017 e 2018, 6.513; prazas de MIR nos anos 2022 e 2023, 8.550; incrementáronse en preto dun 35 por cento as prazas de MIR respecto ao ano 2018. E iso foi o que fixo Pedro Sánchez, e —insisto— quen abandonou a política de planificación de recursos humanos do Servizo Nacional de Saúde foron vostedes, foi o Partido Popular cando gobernaba.

E agora están reclamando determinadas medidas, que tamén lle recordo e lle lembro que miren o Real decreto 20 do ano 2012, que marcou, por exemplo, determinadas idades de xubilación forzosa para os médicos aos 65 anos, e foi na época de Cristóbal Montoro.

Esta é a realidade e esta é a historia, señora Prado, que nós temos que padecer agora, e, como os datos están escritos, pois non haberá absolutamente ningún problema en demostralo cando queiran.

Nos temas de vivenda, máis do mesmo. Non se pode facer un *totum revolutum* como vostede fai, hai que coller os datos de vivenda e comparalos, hai que comparalos coa demanda que había nunha época e comparalos coa demanda que temos hoxe, que son demandas totalmente diferentes. Polo tanto, encaixemos a información coa seriedade que debemos ter, coa seriedade de todos nós.



E eu quero rematar cun tema. Parecíame raro que na primeira intervención do Partido Popular non saíra a relucir o Goberno de España, e agora saíu por parte da señora Prado. Eu dicíao na miña primeira intervención: o Partido Popular sempre está moito máis preocupado do que pasa en Madrid que do que pasa en Galicia. Pero, si, a min hai unha cousa que me preocupa e á que ao mellor na segunda quenda que vostede ten, señora Prado, me pode respostar.

Estamos vendo como un pequeno cambio de actitude nas declaracións por parte do señor Rueda con respecto á débeda. Eu preguntolle: ¿en que lado do Partido Popular están: dos que están apoiando xa clarisimamente a proposta de Pedro Sánchez ou dos que non están apoiando a proposta de Pedro Sánchez ou están no lado de Ayuso?, (*Aplausos.*) esa gran xes-tora que non quixo acudir a fondos públicos e por iso agora se está negando a que se faga algo coa débeda das comunidades autónomas, porque a ela non a beneficia para nada.

E eu creo que si hai un tema moi claro por parte do Partido Popular: escócelles, dóelles que a economía de España estea na primeira liña, que o diga *The Economist*, que diga que somos a primeira economía da OCDE. E eu creo que, de verdade, todos deberíamos alegrarnos porque este país vaia ben; tamén aos socialistas nos alegraría se Galicia fora moitísimo mellor, pero desgraciadamente a estas alturas non podemos dicir iso; dígollo de corazón, que, se fora ben, aquí reconeceríámolo, pero non nos deron probas nin nos deron absolutamente nada para que poidamos aprobar estes orzamentos, porque, como dicía ao principio, non son orzamentos que vaian na boa liña e que vaian na liña que nós defendemos.

E remato xa, porque vostede si que falou nun momento determinado de emendas e criticaba as emendas, pero remato con outra pregunta: ¿sabe que fixeron vostedes no ano 2009, cando estaban na oposición, con respecto aos orzamentos que se aprobaron naquel ano? Miren, consulten, porque está escrito: presentaron 900 emendas. Polo tanto, non critiquen o que facemos nós, non critiquen o que facemos defendendo os galegos e as galegas cunhas emendas serias e cunhas emendas responsables, en beneficio de todas e de todas, sen discriminación ningunha.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, noto o Goberno do señor Rueda pois moi alterado, moi nervioso, moi preocupado, (*Murmurios.*) si, si, moi preocupados, si; supoño que é porque se poñen nerviosos e preocupados ao ver unha cidadanía que está defendendo a dignidade deste país, que está disposta a seguir defendendo as súas vidas fronte á traizón do Partido Popular a Galiza, señorías do PP (*Aplausos.*) Porque terán que explicar por que lle ocultaron á cidadanía deste país cal era a verdadeira cara de Altri ata que pasaron as eleccións.



En todo caso, o ton da intervención do Partido Popular creo que é un fiel retrato de cal é o talante deste goberno, un talante, desde logo, moi alonxado dun debate de ideas. O que nos demostran é o seu talante, si, soberbio e antidemocrático. E, en todo caso, cadaquén escolle o ton no que queren traballar. Para estar tan contentos coas enquisas, veñen aquí moi enfadados e enfadadas, a verdade, teño que dicírllelo. (*Aplausos.*) E mírenas ben, porque a última enquisa que lin o que di é que o Partido Popular baixa. En fin, se estiveran tan contentos, virían aquí cun pouquiño máis de alegría.

En todo caso, teño que dicir que hoxe o PP tamén é o grupo que fixo a maior crítica a estes orzamentos, porque parece que o señor Rueda deu orde de que se fale de todo menos dos orzamentos do Partido Popular, porque son indefendibles, son indefendibles. Efectivamente, queren falar de todo menos dos orzamentos.

Tamén hai unha cousa que me quedou moi clara, e é que o Partido Popular está moi enfadado co BNG porque non apoiamos un goberno que teña de presidente o señor Feijóo e de vicepresidente o señor Abascal. Pois ben, quero dicirlles que nós fariámolo unha e mil veces, porque non queremos un goberno que vai traballar en contra deste país e ademais de ganchete cunha forza de extrema dereita que o que está defendendo é que se acabe a Autonomía de Galiza e a lingua de Galiza; nunca nos verán aí, señorías do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Tamén veu aquí o Partido Popular a darnos leccións de igualdade, repartir carnés de igualdade; o mesmo Partido Popular que chegou á Xunta e o primeiro que fixo foi aprobar unha lei para financiar con recursos públicos unha rede antiabortista; o mesmo Partido Popular que suprimiu puntos de información a mulleres e que suprimiu servizos de igualdade neste país; o mesmo Partido Popular que recortou en plena crise económica as axudas ás vítimas de violencia machista; o mesmo Partido Popular que goberna cos negacionistas que din que non existe a violencia de xénero. Señorías do Partido Popular, leccións de igualdade, ningunha, ningunha lección de igualdade (*Aplausos.*) ao BNG. E é lamentable que usen a dor das vítimas de violencia sexual para facer a súa política carroñeira; lamentable, señorías, o uso que fan das vítimas.

E tamén vemos como están pois cun argumentario que é realmente rocambolesco. Fíxense: o Partido Popular recorta 2.319 millóns de euros en atención primaria, pero antisocial é o BNG. O Partido Popular ten unha situación na sanidade de Vigo na que fai que doentes de cancro teñan que ser trasladados de área sanitaria ou atendidos ás dúas da mañá, pero o antisocial é o BNG. O Partido Popular non lle dá o financiamento suficiente ao servizo de axuda no fogar e ten asfixiados os concellos e sen atender ás persoas que o necesitan, jah!, pero antisocial é o BNG. O Partido Popular estivo durante quince anos dinamitando a política pública de vivenda, pero antisocial é o BNG. O Partido Popular provocou que 6.500 persoas morreren desde o ano 2017 agardando pola Lei da dependencia, pero a culpa é do BNG.

Así de disparatado é o argumentario do PP. Están vostedes, señorías, fóra da realidade e pretenden, desde logo, cambiar cal é a realidade deste país. (*Aplausos.*)

E tamén vemos o seu nerviosismo coa comisión de investigación que impulsou o BNG neste Parlamento, e creo que aquí vemos de novo o manual de como actúa sempre o Partido Po-



pular cando se denuncia a súa corrupción, que, por certo, señoría, son o único partido condenado por corrupción de toda Europa (*Aplausos.*), condenados por corrupción, dándonos leccións de dignidade aos demais, o partido condenado por corrupción. (*Murmurios.*) Ben, si, hoxe creo que Bárcenas xa os pode visitar, ¿non?

Ben si, si, e vemos como é... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o seu manual: o primeiro que fan é negar os feitos, despois intentaron boicotear por todos os medios a constitución dunha comisión de investigación; retáronos a crear a comisión de investigación e cando a creamos o que fan non é transparencia, non, non, o que fixeron é, desde o minuto un, boicotear esa comisión, impedindo que o grupo que promove esa comisión de investigación poida solicitar documentación ou poñer sobre a mesa comparecentes que viñeran a esa comisión de investigación; a democracia do Partido Popular. (*Aplausos.*) Pero logo, ademais, intentan comparar a actividade legal e honesta de pemes e autónomos deste país coa práctica do Partido Popular, porque, fíxense... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), escoiten con tranquilidade, non se poñan nerviosos e nerviosas, escoiten, que eu escoiteinos a vostedes con absoluto respecto, pero xa se ve como este tema os pon nerviosos, ¿verdade, portavoz do Partido Popular?

Ben, pois intentan comparar a actividade legal que fan persoas autónomas e pemes deste país con outro tipo de situacións que non teñen absolutamente nada que ver. Porque fíxense: ¿ten algo que ver con que de repente vexamos como nove de cada dez contratos que dirixe a irmá do señor Feijóo en Galiza son dados a dedo? É que estamos falando, nos únicos datos que temos, porque non publican toda a información, de 1.600 contratos a dedo por valor de 7 millóns de euros á empresa que dirixe a irmá do señor Feijóo en Galiza. Estamos falando dunha adxudicación a dedo aproveitándose da pandemia, esa na que dicían que había pillos, si, claro, á empresa na que é directivo o cuñado do señor Feijóo, 14,2 millóns de euros. Ou estamos falando dun *detallito*, un *detallito*, ¿verdade?, de que paguemos 470 millóns de euros pola súa decisión ideolóxica de ir a construír un hospital privatizado (*Aplausos.*), que faciamos dous con eses cartos, dous, dous. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, claro, e aínda se rin, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) aínda se rin. Ou sexa, entréganlles os cartos que tiñan que ir á sanidade pública a fondos voitre, a construtoras, e veñen aquí aínda rirse dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*) É que o seu descaro é de auténtico escándalo.

E xa lles digo e repítollelo: non nos van calar, non van calar o BNG, nin tampouco van calar a cidadanía, que está defendendo este país, e eu pídolles que escoiten. ¿Estannos dicindo que contaminar o Ulla non afecta a calidade da auga potable que bebemos 145.000 veciños e veciñas? ¿Estannos dicindo que a contaminación do Ulla non vai chegar en vinte e catro horas á ría de Arousa? ¿Estannos dicindo que somos parvos e isto non vai de espoliar os nosos recursos naturais de Galiza para que empresas foráneas se lucren a custa dos nosos intereses?

Altri é un proxecto contrario á creación dun emprego digno, é insustentabilidade económica e social, porque atenta contra todos os sectores económicos e produtivos do mar e do agro que xeramos riqueza. Isto non o digo eu, isto dino os convocantes que fixeron que este domingo viviramos unha manifestación histórica neste país. (*Murmurios.*) Si, si, vostedes rinse, porque se rin sempre de todo o mundo. E é unha mágoa que, en vez de escoitalos, veñan



aquí reñerlles aos galegos e ás galegas por exercer un dereito democrático como é manifestarse e, sobre todo, o dereito a defender un futuro digno para este país. *(Aplausos.)*

Tamén me quedou claro que ao Partido Popular lle molesta que visitemos empresas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Deberían vostedes, si, deberían de visitar máis, si, é que ao mellor descubren que Finsa non transforma eucalipto. *(Aplausos.)* Deberían vostedes de visitar máis empresas.

Señorías, desde o BNG trouxemos a esta Cámara propostas para mellorar a vida dos galegos e das galegas, para mellorar a atención sanitaria, para mellorar os servizos públicos, para defender emprego digno neste país, para defender a sustentabilidade, para defender a ciencia e a innovación, para defender o dereito a unha vivenda digna, para defender que os nosos maiores poidan estar atendidos na súa casa como deben; en definitiva, emendas que falan da xente e que o único que buscan é mellorar a vida das persoas. Lamentablemente, topámonos co muro absolutista dun Partido Popular que lle di «non» a Galiza e que lles di «non» aos galegos e ás galegas. Ese é o Partido Popular, e desde o BNG seguiremos traballando por mellorar a vida das persoas de Galiza, por moito que ao Partido Popular lle moleste.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, eu non sei quen lle fai a axenda de visitas ás empresas, porque, mire, en Finsa transfórmase pino pero tamén eucalipto, ¡eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, mire, mire... Non. Poden entrar na súa páxina web, ¿ve?, *(A señora Prado del Río mostra un documento.)* e ven: «Desarrollo obtención de madera termotratada de eucalipto nitens. Este proyecto persigue el objetivo de reducir el tiempo del proceso de secado de la madera de eucalipto nitens, logrando así hacer de esta especie una madera competitiva, implicando en su apertura en cuanto a aplicaciones como madera seca, como puede ser la fabricación de elementos de mobiliario, productos laminados o productos para uso exterior.» Señora Pontón, quizais vostede non o sabía, pero o Consello Nacional si o sabía, e por iso agora lle teñen controlada a Executiva, señora Pontón *(Aplausos.)*, que vostede estaba nun proceso de degradación do dogmatismo do BNG.

E mire, ¿sabe cal é a última enquisa da que nós nos fiamos? Da que houbo o 18 de febreiro, e puxo corenta deputados aquí, e aquí, señora Pontón, unha vez máis, por terceira vez, vostede perdeu as eleccións, señora presidenta. ¡Ah!, non, que agora coa UPG non se pode dicir presidenta.

Ben, mire, porque como di que estou enfadada, ¿sabe quen está enfadado? Está enfadado o BNG con vostede, ese é o que está enfadado, e por iso lle fixeron a última Executiva, señora Pontón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, quen está enfadado é o BNG. Claro, ría, ría, mellor así; dentes, dentes.



Mire, quen recortou en materia de igualdade, señora Pontón, foi o Partido Socialista. Nós non pechamos centros de información á muller, foi o Partido Socialista, o CIM de Ponte Caldelas, non sei se se lembra, señora Pontón. Mire, vostedes cando gobernaron nese Bipartito que non queren que lembremos pois querían pechar os CIM, porque montaron un tinglado que era as oficinas de I+B. ¿Para colocar a quen? Aos seus amigos, e non o dixo o PP, díxoo o representante da CIG, o sindicato que ten ese partido que se chama BNG. Mire, señora Pontón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, non, aquí hai un sindicato que ten un partido.

Señora Pontón, vostede non se desvinculou da Lei do só si é si. Eu díxenlle aquí claramente: desvincúlese desa lei, e non o fixo. É a lei máis daniña para os dereitos das mulleres, e vostede segue, segue atada a esa lei, e con iso, señora Pontón, non pode defender o feminismo nin as políticas de igualdade. 1.400 agresores sexuais na rúa ou que tiveron as súas condenas rebaixadas. Fale, fale polo baixiño.

Mire, señora Espinosa, tardaba vostede en entrar no equipo de opinión sincronizada. Xa leu aquí o argumentario que lle mandaron hoxe de Ferraz, da débeda, Ayuso, Vox, a débeda, tal. Mire, ¿sabe o que dixo *The Economist*? Dixo: «*Pedro Sánchez se aferra al cargo a costa de la democracia española*», señora Espinosa. Esa é a verdadeira realidade. Benvido o señor Besteiro. *(Aplausos.)*

Señora Espinosa, a Lei da dependencia si que estaba en vigor cando vostedes gobernaron no Bipartito. Mire, Lei 39/2006, do 14 de decembro. Claro que estaba en vigor, e por desgraza... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, claro, desarrollo, non, non, mire, señora Espinosa, desarrollábase, claro, e vostedes tiñan que poñer en marcha todas esas políticas. *(A señora Prado del Río mostra un documento.)* *El Bipartito admite que la falta de fondos dificulta la aplicación de la Ley de dependencia.* Non era por falta de desenvolvemento, era por falta de fondos, señora Espinosa. Un 12 por cento dos dependentes con dereito a axuda morreron cando vostedes gobernaban en Galicia. Si, señora Espinosa, eses son os verdadeiros datos. E o primeiro recorte que se fixo en dependencia fíxoo o señor presidente Rodríguez Zapatero no ano 2010.

Señor Ojea, mire, xa se negocia coas farmacéuticas na Unión Europea, ese programa que vostede recorta en 4 millóns xa vén da Unión Europea e xa se vén de negociar coas farmacéuticas. Eu non sei se con eses 4 millóns de euros vostede a quen quere que non vacinemos: ¿aos maiores?, ¿aos nenos?, ¿ás nenas?, ¿de Ourense?, non, doutra provincia, claro, a Ourense non. Hai que ser un pouco serios cos plantexamentos, señor Ojea.

Mire, señora Pontón, que fala vostede dos 470 millóns. Como vostede estivo ausente na tan importante comisión de investigación que impulsaron e que vostedes como grupo minoritario a impulsan pero despois de impulsala querían converterse no grupo maioritario, señora Pontón, pois mire, non. Vostede non asistiu á reunión da comisión de investigación na que o conselleiro maior de Contas dixo que non había sobrecusto e para comparar os dous modelos había que tomar como referencia o VAN, o valor de actualización neto, é dicir, 160 millóns entre un modelo e outro. ¿E sabe quen foi a única persoa que impediu que houberse un acordo no plan de traballo? Foi vostede, señora Pontón, porque foi na única negociación na



que participou e dixo que non, señora Pontón, e votáronse todos os plans de traballo nesa comisión. Así que deixen xa de facer demagogia.

Señora Pontón, vostede, co que acaba de dicir aquí, ¿que está dicindo? ¿Que o Partido Popular vai contaminar o Ulla? ¿Está dicindo iso, señora Pontón? Conteste. ¡Ah!, non contesta, claro. Pois mire, vullle dicir unha cousa: nós estamos dicindo que, se Altri contamina, non haberá Altri, pero, se Altri non contamina, haberá Altri, porque nós estamos a favor do emprego, da industria e do desenvolvemento de Galicia. (*Aplausos.*) Vostedes seguen instalados no pasado, seguen co discurso da navallada, seguen co discurso do *telón de grelos*, señorías. E así están, e cada vez estarán peor.

Mire, vostedes querían outro «Nunca Máis». Hoxe xa foi reveladora a intervención da señora Presas; veu aquí dicir que a manifestación do domingo fora outro «Nunca Máis». Querían un «Nunca Máis» o ano pasado cos *pellets*, intentárono, intentárono, fixeron esa manifestación, pero o único que fixeron foi facerlle dano ao sector do mar, señorías, dano dicindo que se estaba contaminando o mar e que o peixe non se podía comer. Iso foi o que vostedes conseguiron con aquela manipulación dos *pellets*. E agora, ben, agora queren facer un «Nunca Máis» con isto; o «Nunca Máis» dos eólicos, o «Nunca Máis» dos *pellets*, e agora a ver se lles sae o «Nunca Máis» de Altri. Pois miren, señorías, vostedes deixen de manipular a xente, porque a xente non é parva.

E vostede, señora Pontón, non me contestou ás preguntas que lle fixen. Fíxenlle varias preguntas. Primeira: ¿está o Bloque Nacionalista Galego en condicións de poder afirmar que non recorre a privatización de servizos públicos nas administracións que goberna? Non contestou. ¿Está o BNG en condicións de poder afirmar que non drena recursos públicos cara a empresas amigas nas administracións que goberna? Tampouco dixo nada. Terán que comprar eses guantes ignífugos.

E tamén lle dixen outra cousa, señora Pontón, da que vostede non se desvinculou. Eu xa sei que vostede quere meter a Beiras e a Martiño como sexa no Bloque Nacionalista Galego, pero a UPG xa lle dixo que non, que diso nada, señora Pontón. Pero vostede hoxe tivo aquí unha oportunidade de ouro, cando eu lle dixen se estaba de acordo ou se condenaba estas palabras deste señor que dixo que isto é unha batalla dunha guerra moi longa e que este goberno é un usurpador do poder.

Creo, sinceramente, señora Pontón, que dudar da lexitimidade dun goberno democrático saído das urnas, empezar a falar de batallas e de guerras é algo moi perigoso. Eu insteina, señora Pontón, a que se desmarque destas palabras ou nos diga que está con elas. Eu, como non se desmarcou, entendo que pois segue nesa liña de intentar atraer a Beiras e a Martiño ao BNG. Ben, non sei a UPG como está con ese tema. Creo que na última Executiva xa lle dixeron bastante.

Mire, señora Pontón, hoxe vostede volveu ironizar e banalizar co *bullying*. Creo que debería pedir desculpas. Hai moitísimas familias, nenos e nenas, que están sufrindo *bullying* e non merecen que un responsable ou unha responsable pública banalice con este tema. Señora Pontón, pida desculpas por banalizar co *bullying* (*Aplausos.*)



Ben, remato, señorías.

Despois de todo isto que escoitamos esta mañá aquí, vólvese constatar que os partidos da oposición seguen na ensoñación que se crearon na campaña. Pero xa é hora de espertar, señorías do PSOE e do BNG. Algúns galegos, señora Pontón, confiaron en vostede o 18 de febreiro, pero cada vez menos, cada vez menos, e xa non confían nin dentro do seu propio partido. Xa lle dixen que aquí nós estamos felices e vostedes están enfadados. Están enfadados, o BNG está enfadado con vostede, vostede saberá. Mire, eu xa lle dixen que... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Non, claro, non, rinse, rinse por non chorar, claro, rinse por non chorar.

Mire, as eleccións xa pasaron e teñen que asumir o resultado: que os galegos e galegas seguen confiando no Partido Popular de Galicia e no presidente Alfonso Rueda. ¿Por que? Porque nós poñemos á disposición dos galegos un orzamento con medidas para resolver os problemas aos que teñen que facer fronte no día a día, mentres vostedes dedican cada día a branquear un Goberno central que ocupa todo o seu tempo en tapar as súas corruptelas, e vostedes diso non din absolutamente nada, e porque nós poñemos á disposición dos galegos un orzamento con medidas para blindar o presente e garantir o futuro de Galicia, mentres vostedes seguen ancorados no pasado e apoian a quen quere e pretende cercenar o noso destino.

Porque, en definitiva, fronte ao barullo, a inestabilidade e a degradación na que a esquerda pretende sumir España, en Galicia seguiremos tendo a sorte de vivir nunha illa de estabilidade liderada por Alfonso Rueda e cuns orzamentos que blindan a Galicia que funciona.

Moi bo día. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pois rematado o debate, imos proceder ás votacións. Pechen as portas, por favor.

Ímoloo facer de acordo co seguinte esquema. É conveniente se podemos prestar atención, porque é unha votación un tanto complexa.

Entón, en primeiro lugar, imos facer unha votación de emendas de cada un dos grupos emendantes ao articulado. Logo, nun segundo punto, votaranse as emendas de cada un dos grupos emendantes ás seccións e ás entidades públicas instrumentais. O terceiro votaremos o articulado. E, como punto cuarto, votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais.

Entón, comezamos.

Votación das emendas ao articulado

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das emendas de cada grupo parlamentario ao articulado.



A primeira é a votación das emendas do Grupo Parlamentario Socialista, que van da 1 á 63.

Votamos.

Votación das emendas ao articulado núms. 1 a 63 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, nas que se pide unha votación por separado, petición que fai o Grupo Parlamentario Socialista, en concreto das emendas números 8, 10, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27 e 32.*

Votamos estes puntos por separado.

Votación das emendas ao articulado núms. 8, 10, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27 e 32 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 39; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votamos.

Votación das emendas ao articulado non votadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.



Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais

O señor PRESIDENTE: Agora imos votar as emendas dos grupos parlamentarios ás seccións e ás entidades públicas instrumentais.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Mixto.

Sométese a unha votación separada a petición do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, que é a emenda número 1.

Votamos.

Votación da emenda número 1 ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do G. P. Mixto ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 39; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda número 2 do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación da emenda número 2 ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do G. P. Mixto ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 39; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada este emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39; abstencións, 1.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación do texto articulado, coas emendas incorporadas, se é o caso

O señor PRESIDENTE: Agora pasamos a votar o articulado.

En primeiro lugar, sométese a votación o texto articulado do ditame da Comisión.

Votamos.

Votación do texto articulado do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 34; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto articulado.

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas incorporadas, se é o caso

O señor PRESIDENTE: Agora son votacións conxuntas dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais.

Comezamos votando por separado, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, as seguintes seccións: Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo de Galicia.



Votamos.

Votación das seccións Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo de Galicia do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 35.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas seccións.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as restantes seccións instrumentais de entidades públicas. E estas serían as votacións do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votamos.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, perdón, non, non, non. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Agora acabamos de votar por separado unha petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e agora corresponde votar as restantes seccións e entidades instrumentais. Isto é o que temos que votar agora. E, en concreto, pois vótase de acordo coa proposta que hai aquí. Sometemos isto a votación.

Votamos.

Votación das seccións e das entidades públicas non votadas do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 35.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas seccións.

O señor PRESIDENTE: *E, consecuentemente, despois desta votación, queda aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, e, consecuentemente tamén, quedan aprobados os presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. (Aplausos.)*

E continuamos. Agora un punto único, que é un texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: *Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.*



E para a presentación do ditame da comisión ten a palabra a presidenta da comisión, señora Presas Bergantiños.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Presas Bergantiños): Procedo a presentar o Ditame sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 19 de outubro de 2024. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 19 de outubro de 2024, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, e os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas presentaron emendas á totalidade, que foron cualificadas o 11 de novembro de 2024 e rexeitadas na sesión plenaria do 19 de novembro de 2024.

Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou 49 emendas, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego 32 emendas e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia 97 emendas, que foron cualificadas o 22 de novembro de 2024.

A Comisión 3ª, na súa sesión do día 25 de novembro de 2024, designou as e os seguintes ponentes: por parte do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, don Julio García Comesaña, titular; dona Paula Prado del Río, suplente. Por parte do Bloque Nacionalista Galego, dona Olalla Rodil Fernández, titular; dona Noa Presas Bergantiños, suplente. Por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, dona Patricia Iglesias Rey, titular; dona Elena Espinosa Mangana, suplente. Por parte do Grupo Mixto, don Armando Ojea Bouzo.

A ponencia, reunida o 26 e o 28 de novembro de 2024, estudou o texto articulado do proxecto, xunto coas emendas presentadas, e rematou o informe, que contén as recomendacións que lle fixo á comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular, entre as que estaba unha de supresión do artigo 8 do proxecto de lei, que levaría consigo o decaemento da emenda número 15 do Grupo Parlamentario do BNG e da número 8 do Grupo Socialista, por extinción do seu obxecto. Recomendouse, así mesmo, a aceptación da emenda número 29 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que quedou subsumida na 43 do Grupo Parlamentario Popular, ambas de supresión da disposición adicional cuarta, co conseguinte decaemento da emenda número 96 do Grupo Socialista.

Tamén se recomendou a aceptación das emendas números 59, 75 e 78 do Grupo Parlamentario dos Socialistas e da emenda número 28 deste mesmo grupo parlamentario, que quedou subsumida no terceiro parágrafo do punto 15 da emenda 26 do Grupo Parlamentario Popular ao artigo 14 do proxecto de lei.

Rexeitáronse por maioría as restantes emendas formuladas polos grupos parlamentarios do BNG e dos Socialistas.

A comisión, reunida o 10 de decembro, aprobou por maioría o informe de ponencia.



O texto do ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria consta dunha exposición de motivos, seguida de 83 artigos, que chegan a 101 se se inclúen os artigos reducidos, identificados cos correspondentes adverbios numerais latinos.

O articulado vai seguido de 10 disposicións adicionais (unha suprimida e outra incorporada mediante unha emenda), 5 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 3 disposicións derradeiras.

O articulado agrúpase en dous grandes títulos: o título I, referido a medidas fiscais, e o título II, relativo a medidas administrativas.

O título I, dividido á súa vez en dous capítulos, establece no seu capítulo I modificacións da normativa que regula os tributos estatais cedidos. Introdúcese no capítulo II do título I unha sección 2ª, formada por 15 artigos, que regulan o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galiza; e unha sección 3ª, dun só artigo, que prevé o establecemento dunha recarga municipal sobre o dito imposto.

O título II, dividido en 15 capítulos e referido a medidas administrativas, regula aspectos diversos de materias tales como telecomunicacións e medios audiovisuais, enerxía eólica, medio ambiente, educación, innovación, política social e igualdade, economía e industria, patrimonio da Comunidade Autónoma, xogo, vivenda, infraestruturas, sanidade, patrimonio cultural, medio rural, mar, emprego público, organización e funcionamento da Administración autonómica. Péchase o texto normativo con diversas previsións contidas nas disposicións adicionais transitorias, derogatoria e derradeiras.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos polo tanto á rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición.

Grupo Parlamentario Mixto.

(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)

Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

As socialistas de Galicia presentamos nada máis e nada menos que noventa e sete emendas parciais ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, e foron aceptadas catro. Ese ánimo de negociación e de transacción do PPdeG deixoume un pouquiño abraiada, e dígo, de verdade, con todo o respecto, pero tamén con toda a retranca galega posible.



O resultado da Lei de medidas fiscais e administrativas do 2025 é unha avalancha normativa sen rumbo definido na que os servizos públicos básicos —a educación, a sanidade, a dependencia...— non resultan fortalecidos, máis ben ao contrario, e tratarei de explicarme.

En Galicia hoxe tampouco temos unha política de transición ecolóxica e de cambio climático recoñecible. O desenvolvemento eólico en Galicia converteuse hoxe nun auténtico Frankenstein moi deforme, con disposicións transitorias que non sabemos que aplicar; unha falta de seguridade xurídica tremenda e unha incoherencia, falta de rigorosidade moi importante, bandazos e máis bandazos do Goberno galego en algo tan importante como é liderar a transición enerxética, o asentamento de industrias sustentables no noso país.

Dito o cal, reiteramos a nosa oposición ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas polas seguintes razóns:

A primeira, evidentemente, porque entendemos as socialistas de Galicia que o PP se extralimita constitucionalmente con este *totum revolutum* que fai ano a ano, modificando pola porta de atrás un número moi importante de leis. ¿Por que? Sobre todo porque non atenden a esa modificación que teñen na Lei de acompañamento ao acompañar precisamente aos orzamentos, senón que aproveitan evidentemente esta axenda conservadora do PP que queren enmarcar, e cando de súpeto e de novo modifican por décimo terceira vez a Lei do sector eólico de Galicia, trece veces modificada, sen escoitar evidentemente a sociedade civil, sen escoitar a veciñanza e sen escoitar tampouco o sector eólico, as empresas de enerxía renovables no noso país.

Esta forma de facer política, evidentemente, amosa que o Goberno galego non ten un rumbo fixo nin un proxecto ambicioso e definido, facendo un xesto desta técnica lexislativa que é inxustificable. Este ano xa foi escandaloso. Batemos un novo récord de abuso desa maioría absoluta, de apisoadora do PPdeG, ao modificar o Proxecto de lei de medidas cunha autoemenda de 128 páxinas por parte do Grupo do Partido Popular, que anunciaron con dous conselleiros do Goberno galego.

As socialistas cremos que esta forma de proceder é unha falta de respecto absoluto polos grupos da oposición, e xa non puidemos presentar emendas a esa autoemenda, evidentemente, onde reside neste Parlamento a soberanía popular. Deberíamos tomarnos en serio que somos os representantes dos galegos e as galegas e non un acólito do executivo do PPdeG.

En segundo lugar, rexeitamos esta Lei de medidas polo continuísmo no ilusionismo fiscal que se practica no Goberno galego. E digo que é un continuísmo desde que chegaron ao goberno, que hai case dezaseis anos, cunha renuncia de 750 millóns de euros, e que favorecen en gran medida —non digo a todos, evidentemente— os patrimonios e rendas máis altos, non a xente do común, señor Corgos.

Enchen o peito falando do infrafinanciamento galego, cando o señor Rueda o venres pasado foi á Conferencia de Presidentes e negouse a falar da quitación da débeda pública. ¿Por que se negou a falar da débeda pública cando no 2025 a Xunta terá que pagar 1.763 millóns en



xuros, máis que o orzamento en política fiscal? É imposible de verdade nunha cabeza entender esta negativa, evidentemente. Ou ben non sabemos que en vez de responder aos intereses de Galicia, atenda as ordes dese galego en Madrid sen amosar esa altura institucional porque é o presidente de todas as galegas e os galegos.

Incoherencia na política fiscal. ¿Por que? Porque é unha vergoña, mentres se fala de infra-financiamento galego que teñan asfixiados os concellos galegos. ¿Por que? Porque están a piques de quebra polo cumprimento da regra fiscal que teñen que cubrir, señor Corgos, no 2025; sábeo ben. E teñen que exercer competencias —dálle igual, vexo que lle dá igual— como o servizo de atención no fogar, xestión de residuos, comedores escolares, servizos de conciliación, escolas infantís, unidades de atención á drogodependencia. E mentres a Xunta, ¿que fai? Unha esmola de 5 millóns de euros no Fondo de Cooperación Local, pero na parte evidentemente condicionada dese fondo, e que non é respectuoso coa autonomía local dos concellos; evidentemente, iso é apostar, é apostar polos concellos.

Aproben dunha vez por todas, señor Corgos, e apéloo aquí como responsable da Consellería de Facenda a aprobar un plan estratéxico de subvencións para os concellos, incrementar esa parte —digamos— incondicionada do Fondo de Cooperación Local, como fan as deputacións cos plans únicos de infraestruturas.

Incoherencia en política fiscal, porque se vén meter esa bonificación do 50 por cento no imposto de patrimonio, evidentemente renunciando aos preto de trescentos millóns de euros, 17 millóns só no imposto de patrimonio. Mentres se baixan os impostos dos patrimonios máis altos, os galegos e as galegas ven como non teñen acceso á vivenda pública ou, evidentemente, como para acceder a unha praza nunha residencia, o 72 por cento residencias privadas, teñen que pagar preto de dous mil euros mensuais, e, sobre todo, se queren acceder a prazas públicas, pois teñen que esperar —é así de duro— a que se produza un falecemento.

Máis do setenta e dous por cento de prazas residenciais en Galicia son de xestión privada. Máis de 6.556 persoas faleceron nas listas de espera da dependencia. Evidentemente, iso amosa menos investimento público pola dependencia, un 6 por cento este ano 2024 menos en fondos propios e para atender os nosos maiores. Mentres que o Goberno de España incrementou este ano o 40 por cento o financiamento da dependencia. Seguiremos loitando por ese 50 por cento tamén os socialistas de Galicia aquí neste Parlamento. Aumento fronte á diminución. Estes son os feitos, e a falta de aposta do Goberno galego polos coidados desde o corazón do público tamén se amosa nesta Lei de orzamentos e na Lei de medidas.

Falaban antes das residencias da Deputación de Lugo. Consulten vostedes o Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais a ver que figura. As residencias da Fonsagrada, de Castroverde, de Ribas de Sil, de Trabada, de Ribadeo, de Pol...; categoría pública, señorías, ¡categoría publica!

Tamén renunciou o Goberno galego a 22 millóns de euros para prazas públicas de escolas infantís, 3.500 prazas. ¿Por que? Porque apostan polas escolas infantís concertadas privadas. A Xunta dálles 310 euros mensuais de media ás escolas infantís concertadas fronte a 90 euros ás escolas infantís públicas municipais. Iso tamén é cuestión de ideoloxía.



En terceiro lugar, evidentemente, non estamos de acordo coa modificación que se fai en materia de política enerxética e industrial, e actualmente non hai unha política no noso país. Está sumida nunha inseguridade xurídica sen precedentes, que é responsabilidade exclusiva do Goberno galego, que leva dezaseis anos gobernando. Mentres, temos unha Consellería do Medio Ambiente, a señora Ángeles Vázquez, que no foro celebrado en Santiago o pasado 9 de novembro se mofou de que realmente non acudise o maxistrado da Sección 3ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que fora invitado a ese foro, e acode a Bruxelas para tratar de desbloquear a cuestión prexudicial que pende do TXUE cos representantes do PP. Non é unha reunión institucional. Evidentemente, eses comportamentos si son reprochables, intolerables nun estado de dereito.

Pero pensade por un intre na incoherencia, na hipocrisía e no comportamento do PP. Na Comisión de investigación sobre contratacións irregulares do Goberno galego, o señor Feijóo non acode a dar a cara e a dar explicacións por preto de quince millóns de euros adjudicados ao seu cuñado, que era director comercial de Universal Support durante a pandemia, e non acode a responder por máis de mil seiscentas facturas por máis de sete millóns de euros. Claro que a contratación menor é legal, señor conselleiro, pero hai unha marxe de mellora moi importante. E estará comigo en que os indicios de fraccionamento do obxecto son os- tensibles nesta facturación á que acabo de facer referencia. *(Aplausos.)*

E insistirei neste hemiciclo que non podemos normalizar nun estado de dereito, nunha democracia do século XXI, que isto suceda, porque falamos, podemos falar en clave positiva de integridade, de transparencia, de entender e sobre todo asumir que hai unha marxe de mellora moi importante na contratación pública que se fai por parte da Xunta de Galicia, señor Corgos. E apéloo aquí como responsable da Consellería de Facenda para que colla ese guante, porque non me espero tampouco nada das conclusións xa redactadas, como se amosou onte, por parte do grupo do Partido Popular. E ese galego en Madrid, que non quere comparecer na comisión de investigación cando hai contratacións con lazos persoais e familiares da súa familia, pero baixo a orde en Madrid: «*El que puede hacer que haga*».

Esta é a realidade, señor Corgos: España coroándose no 2024 coma a economía máis puxante no mundo, como dicía a miña compañeira Espinosa, segundo o diario *The Economist*, mentres que o PP, fango e máis fango, dando por boas as querelas de pseudosindicatos de extrema dereita, *(Aplausos.)* crendo a delinquentes confesos ou considerando que son proba recortes de bulos de medios pseudoperiodísticos. ¿Por que? Pois a resposta é moi sinxela, entendo eu: porque non hai un proxecto sólido e rigoroso e alternativo do PP no Goberno de España. Eu penso que a xente e os galegos e as galegas empezan a estar xa fartos desta lameira, porque rascas e non hai nada.

Apelamos tamén as socialistas de Galicia a esa colaboración institucional, esa cogobernanza, ese mirar polos intereses de todos os galegos e as galegas.

Pero a política eólica, como dicía ao principio, converteuse nun auténtico Frankenstein. Perdemos o tren. Xa é un feito: ademais de primeira potencia, pasamos agora á sexta de potencia eólica instalada. E pode ter a gala tamén o Goberno galego ter a patronal eólica e as empresas das enerxías renovables totalmente en contra deses parches e bandazos que se fan na Lei de



medidas. Hai no momento actual preto de setenta parques eólicos suspendidos por cuestións medioambientais, non da cuestión prexudicial do TXUE.

Non compartimos evidentemente a tramitación que se fai coa Lei de recursos de Galicia, onde temos un 30 por cento, que, por certo, seguimos pendente de que se nos dea ese expediente de constitución e modificación societaria da Sociedade de Recursos de Galicia.

A modificación da Lei de proxectos industriais creo que é a cuarta vez que se modifica, para reducir os requisitos para declarar os PIE. Once creo que levo contados do Goberno galego, pero todos parados, en *stand by*, ou máis ben, hai proxectos que declara os PIE como o de Xeal en Dumbría, pero declaran PIE polo Consello da Xunta, pero, claro, despois quen aposta é o Goberno de España, que se lle deu parte da descarbonización, 8,7 millóns de euros, 13 millóns de euros de ingresos para consumidores electrointensivos ou 400.000 euros para a transformación dixital. Exemplos de aposta ou nunha aposta.

E voules poñer outro exemplo, señorías, de opacidade, o proxecto Altri. Os galegos e as galegas aínda están pendentes desas respostas, que deben ser políticas, que dea o presidente da Xunta de Galicia. ¿Dálle ao Goberno igual o cambio en política forestal que vai xerar este proxecto? ¿Que liñas de financiamento con fondos propios vai aportar o Goberno galego? ¿por que criterios? Un proxecto que precisa 250 millóns de euros, señor Corgos, ¿é viable economicamente o 25% do seu proxecto de investimento? ¿Que opina vostede? Os socialistas de Galicia sempre apostaremos polas tres patas: sustentabilidade ambiental, sustentabilidade económica e sustentabilidade social. As tres patas indisolubles. escoitar a xente, señorías, escoitar a xente.

En quinto lugar, respecto da modificación que se fai en materia de vivenda, entendemos que son medidas a longo prazo. ¿Por que? Porque se aposta pola construción de novas vivendas públicas, que veremos como moi pronto, non sei, en catro anos, como moi pronto, e repetir os erros do pasado. Como dicía a miña compañeira Espinosa, datos do último informe da execución orzamentaria, terceiro trimestre, programa 4.5.1, «Fomento e rehabilitación de vivenda», o 24 por cento executado. Especular de novo coa construción da vivenda cando se declaran en rebeldía da aplicación da Lei de vivenda estatal en Euskadi; en Cataluña amosouse que se baixaron os alugueiros pola declaración de zona tensionada. E, por certo, a Lei de vivenda estatal ten máis bonificacións no IRPF que a reforma que se fai da Lei de medidas; pode chegar incluso ao 90 por cento de bonificación en IRPF, que non é de 500 euros ao ano como está na Lei de medidas, ou permitiría que os concellos puidesen acceder a axudas directas sen concorrencia competitiva para executar —digamos— programas do Ministerio de Vivenda en vivenda social.

Parches e máis parches na Lei de medidas, como a modificación da Lei de igualdade para deixar fóra o Observatorio de Mulleres Rurais e do Mar ou a representatividade de determinados colectivos feministas, como Mulleres Salgadas, a prol de entidades máis afíns ao PP, ou a modificación da taxa turística pola porta de atrás a través de autoemenda, que de novo deixa os concellos sós completamente sós...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.



A señora IGLESIAS REY: ...practicando a Xunta de Galicia iso que tanto lles gusta: non exercer a competencia exclusiva en materia tributaria baixo a máxima «*Tú te lo guisas y tú te lo comes*».

Outra modificación da Lei de servizos sociais: non hai máis persoal, precísase máis persoal para o apoio dos equipos de valoración. As necesidades de dependencia no noso país soluciónanse con máis recursos e menos bonos, e non hai máis.

En definitiva, o resultado do Proxecto de lei de medidas para o 2025 é unha avalancha normativa sen rumbo definido, incapaz de xerar emprego de calidade, incapaz de fortalecer os nosos servizos públicos —educación, sanidade, dependencia...— ...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: ...sen deixar a ninguén atrás, incapaz de apostar polo medio rural, incapaz de solucionar os problemas industriais e de transición ecolóxica no noso país. Os galegos e as galegas merecemos moito máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos. E benvidas e benvidos tamén as persoas que nos acompañan desde a tribuna de convidadas e convidados.

Efectivamente, abordamos hoxe o debate final desta Lei de medidas fiscais e administrativas, finiquitada xa esa tramitación parlamentaria desta Lei de acompañamento aos orzamentos, a piques xa de que se vote para a súa aprobación definitiva.

E coído que é importante que clarifiquemos para o conxunto da xente deste país que é o que supón este procedemento e, sobre todo, que é o que vai supor este uso abusivo que fai o Partido Popular deste tipo de lei que imos votar hoxe e, sobre todo, o que vai supor para as galegas e para os galegos o medio cento case de reformas que inclúe esta Lei de medidas fiscais e administrativas. Un texto que non cansaremos de repetir unha e mil veces desde o BNG que supón unha modificación de decretos e leis que nada teñen que ver entre si, que nada teñen que ver, que é o máis grave, coa execución orzamentaria, que non seguen un procedemento lexislativo ordinario, que non pasan por ningún órgano consultivo nin no seu conxunto, a través do Consello Económico e Social, nin de maneira parcial, por exemplo, a través doutros órganos de participación, como pode ser o Consello Galego de Benestar, a pesar de que este texto lexislativo inclúe unha reforma substancial do procedemento de tramitación da dependencia.

Tendo en conta isto, simplemente por isto desde o BNG rexeitamos xa total e absolutamente esta forma de proceder, que non por ser legal nin por moito que diga o Tribunal Constitu-



cional vai ser lexítima. E tamén rexeitamos, e por iso votaremos en contra, o seu contido polos prexuízos que carrexará en ámbitos de enorme importancia para o presente, para o futuro de Galiza e, polo tanto, para o presente e para o futuro das galegas e dos galegos.

Entón, vaíamos ao concreto, que é o que inclúe o texto que hoxe se somete definitivamente a debate e votación nesta cámara, que vai ser lei a partir de hoxe en Galiza.

Dunha banda, cunha reforma fiscal regresiva, que beneficia as grandes rendas e grandes patrimonios, detraendo importantes recursos que son esenciais para soste os servizos públicos deste país. Especialmente gravoso este ano é como beneficia o Goberno do Partido Popular a especulación coa vivenda pola vía da bonificación ás construtoras, aos fondos vóitre e ás grandes fortunas, por exemplo, que decidan mercar ou construír pisos para alugar. Rebáixanlles o 75 por cento dos custos notariais de compra, construción, rehabilitación ou división horizontal de edificios que se destinen ao alugueiro durante dez anos, fixando restricións no uso pero non no prezo. Esta medida vai suporlle á Xunta de Galiza deixar de ingresar cos datos do propio Goberno galego case cinco millóns de euros en 2025, sen que vaia beneficiar en absoluto en nada as persoas que están a buscar piso ou unha casa para alugar.

Bonifican tamén para persoas propietarias de até catro vivendas, incluída a súa habitual, a súa particular, independentemente de onde se localicen estas vivendas, e sempre que poñan algunha delas en alugueiro, a un prezo taxado de 700 euros, que é un prezo superior ao que se percibe ou cobra; por dicilo mellor, o prezo medio de alugueiro en toda Galicia, de acordo cos datos do Observatorio de Vivenda da Xunta. Beneficios para quen especula cun dereito fundamental e non medidas reais e efectivas para garantir o acceso a un dereito fundamental da sociedade galega.

¿Que é o que lles ofrece esta Lei de medidas fiscais e administrativas, esta Lei de acompañamento, ás máis de dezaoto mil persoas que hai en Galiza dadas de alta no Rexistro único de demandantes de vivenda, unha parte importantísima delas persoas menores de 36 anos, mozas e mozos que non teñen nin sequera onde ir vivir para poderen iniciar un proxecto de vida autónomo? ¿Que é o que lle ofrece esta Lei de medidas fiscais e administrativas, esta Lei de acompañamento, a esa xente, especialmente a mocidade deste país? Pois pisos de 30 metros cadrados. Trinta metros cadrados e espazos compartidos como alternativa habitacional. ¡Olló!, porque meten neses 30 metros cadrados salón-cociña, habitación e cuarto de baño, logo xa o resto *es compartido*. Basicamente, o que vén sendo un albergue *cuqui* para que ti inicies o teu proxecto de vida autónomo e independente se tes menos de 36 anos no teu país. Esa é a medida estrela que inclúe esta Lei de acompañamento aos orzamentos, a medida estrela que lles ofrece o Partido Popular aos menores de 36 anos.

Calquera día ofrécenlle, eu non sei se coñecen esa figura de «gardiáns da propiedade» que hai no Reino Unido, á chavalada deste país ir vivir por 200 euros pois a un edificio abandonado total, para que non entren ocupas. Esa é a política de vivenda e de garantía de acceso a un dereito fundamental para a mocidade deste país.

Case medio cento de mudanzas ademais destas que se inclúen nesta Lei de acompañamento que hoxe van aprobar vostedes en solitario, señorías do Partido Popular. Unha lei que ori-



xinalmente no texto que se rexistrou neste Parlamento era extremadamente gravosa para este país, pero que aínda empeorou máis con 128 páxinas de emendas que presentou o Grupo Parlamentario Popular e que, por suposto, os demais grupos desta cámara non puidemos emendar, e que en moitos casos cambiaron total e absolutamente o texto orixinal que se nos presentou para debate e tramitación na cámara. Por citar apenas un exemplo: a taxa turística que regula o artigo 8 desta Lei de medidas fiscais e administrativas, que primeiro ía ser unha futura lei e agora temos a lei diante dos fociños, traída a este Parlamento pola vía das emendas do Grupo Parlamentario Popular. *El diálogo, la negociación y el talante político do PP* vense claramente nesa emenda.

Pero hoxe esta lei que temos agora para a súa aprobación, o seu debate e a súa votación definitiva ten moito que ver co que pasou este domingo neste país, ten moito que ver con esa multitudinaria, con esa masiva e con esa histórica mobilización que tivo lugar neste país o pasado domingo. Unha manifestación e un clamor social que foi, si, en contra dun proxecto industrial dunha megacelulosa altamente contaminante, unha bomba ambiental no corazón de Galiza, pero que foi sobre todo un clamor social e popular en defensa da terra e da vida. Un clamor a favor de Galiza fronte ao espolio, a rapina e a depredación dos nosos recursos e do noso medio de vida. (*Aplausos.*) E nesta Lei de acompañamento hai moito diso, nesta Lei de acompañamento reforma o Partido Popular, de novo pola porta de atrás e nese *totum revolutum* de medio cento de cambios normativos, a Lei do sector eólico, para poñer o vento deste país ao servizo do *lobby* eléctrico, como se xa se servise até o de agora pouco del.

E hai que dicir que resulta case entrañable —eu non sei se leron a prensa hoxe pola mañá— esa falsa discusión entre a patronal eólica e o Partido Popular que vimos esta mañá na prensa. Porque miren: todo o que anuncian que van facer, desde esas supostas repotenciacións, que primeiro ían ser obrigatorias, *ahora ya no tanto*; aquí a sinatura de PPA non vai ser de aplicación nos parques eólicos que xa están en tramitación no día de hoxe, senón que serán de aplicación, en todo caso —a ver se chegamos aló—, a partir de 2025.

E se falamos dese anuncio do novo cálculo do canon eólico, aínda teñen menos présa, porque nunha emenda do Partido Popular xa o deixaron en todo caso a partir de xaneiro de 2026. Migallas; podemos dar despois os datos. ¿Por que? Porque o que hai aquí é un engano, un engano e moitísima propaganda, que é o que lle gusta ao Partido Popular, a ver se con iso intenta calmar os ánimos dun enorme rexeitamento social e popular que hai neste país ao modelo eólico, ao modelo e á política de espolio coa que venden neste país a cachos.

Intentan esconder detrás deses anuncios, dese fume, desa propaganda e dunha suposta elaboración dun novo plan sectorial eólico que con esta Lei de medidas, que van aprobar vostedes en solitario hoxe, con esta Lei de acompañamento aos orzamentos converten practicamente todo o país en explotable para a produción de enerxía. Porque antes dese novo plan, que nace morto de tanta excepción que se introduce no articulado desta Lei de acompañamento, antes de que se aprrobe ese novo plan, vostedes xa acordan a autorización de novos parques eólicos fóra das áreas de desenvolvemento eólico, tantos como considere oportunos o Consello da Xunta, porque vai ser quen decida discrecionalmente cales se van declarar de interese público con base na Lei 2/2024. Antes de aprobar ese novo plan sectorial eólico, vostedes xa autorizan a creación fóra dese plan de zonas de aceleración eólica sen



máis límite que o pírrico 12 por cento do territorio que protexe a día de hoxe a Rede Natura 2000.

Entón, eu pregúntome e pregúntolles, señorías do Partido Popular: ¿de que serve anunciar para dentro de tres anos un novo plan sectorial eólico se van abrir a veda fóra del, fóra do que xa hai, antes sequera de empezar a facelo? ¿Onde queda? ¿Con quen van debater? Con ninguén.

E, por se fose pouco, con esta Lei de acompañamento que están a piques de aprobar de maneira definitiva, o PP pasa como unha apisoadora por riba da xente e até por riba do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, só por satisfacer as ansias do *lobby* eléctrico. Créanlle con esta Lei de acompañamento aos orzamentos un subterfuxio para continuar adiante coa tramitación dos parques, paralizada xudicialmente de maneira cautelara polo Superior de Xustiza de Galiza. Porque quen manda, manda.

E a vostedes, señorías do Partido Popular, a masiva voz das cen mil galegas e galegos que resoaron na praza do Obradoiro e nas rúas de Compostela este domingo non lles fan tan sequera nin reflexionar. Tanto lles ten agora, abóndalles o asubío da patronal eólica para modificar a lexislación, póndoa única e exclusivamente aos seus intereses particulares.

Fártanse de dicir —escoitámolo hoxe todo o debate— que en Galiza só saen adiante proxectos industriais ou parques eólicos que cumpran a lei. E, claro, calquera que os escoite pensará que as leis son *las tablas de Moisés: la verdad revelada*. Apareceron un día, non se sabe quen as trouxo, puxéronas aquí encima e son inmutables. Non, cambiáronas e cámbianas hoxe mesmo aquí neste Parlamento e neste debate vostedes ao seu antollo para facer legal hoxe o que até hoxe non o era. Non se poden implantar parques eólicos de acordo coa lexislación vixente fóra das áreas de desenvolvemento previstas no Plan sectorial; a partir de mañá si, sen facerlles nin falta un novo plan sectorial eólico, nin moito menos levalo á negociación nin coa sociedade galega nin cos grupos parlamentarios desta cámara. (*Aplausos.*)

¿Quen fai as leis? Pero o máis importante: ¿ao servizo de que intereses se lexisla? Eu dicía que esta Lei de acompañamento, este debate, que xa adquire a súa tramitación definitiva hoxe aquí, ten moito que ver con esa manifestación do domingo e sobre todo cos dous modelos, cos dous proxectos políticos que temos enriba da mesa no día de hoxe neste país: o do Partido Popular, o da lei da selva, a desregulación, a improvisación, para beneficio das eléctricas, e o modelo do Bloque Nacionalista Galego, no que queremos poñer —e así o defendemos ao longo desta tramitación dos orzamentos e cada vez que trouxemos este debate a este Parlamento— a riqueza eléctrica de Galiza ao servizo da sociedade galega, ao servizo do desenvolvemento social, económico e sustentable de Galiza. Non con esmolos, senón cunha participación real na produción enerxética, a través de figuras que permitan á sociedade galega beneficiarse da riqueza que xera a explotación dos seus recursos.

Nós —e con isto remato por agora— imos votar en contra desta lei porque é un despropósito, é un escándalo democrático, é un subterfuxio legal, unha porta traseira para impedir que se debatan de maneira sosegada e de maneira dialogada medidas de enorme calado e aínda maior repercusión para Galiza e para as galegas e os galegos. Un subterfuxio legal, un coa-



doiro de verdade auténtico para impor as súas políticas, algunhas delas, como acabamos de sinalar, absolutamente lesivas para os intereses xerais deste país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor don Julio García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidenta.

Moi bo día, señorías.

Imos comezar como todos os anos tratando de corrixir as inexactitudes interesadas da oposición sobre a lei que hoxe nos ocupa. Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas: unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter máis normativo, que pola súa natureza teñen que adoptar o rango de lei, tal como precisou o Tribunal Constitucional, e non deben integrarse nas leis anuais de orzamento senón en leis específicas. O debate acerca da natureza destas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional precisamente dicindo que este tipo de leis son leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola legalidade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permite unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno.

Insisto: a sentenza do Tribunal Constitucional, a 36/2013, así o reflicte: «*La Ley de acompañamiento es una ley ordinaria y como tal ley ordinaria puede entrar a regular cualquier materia no solamente asignada a otro tipo legislativo*». Eu non sei por que ao BNG e ao Partido Socialista lles molesta tanto que na Lei de medidas aparezan referencias a distintas leis, distintas correccións que buscan efectivamente que eses presupostos que acabamos de aprobar se poñan desenvolver en tempo e forma.

Tamén acabamos de ver o recurso a dicir que non pasou polo CES. Xa o dixemos no debate á totalidade e volvemos dicilo agora: a norma de constitución do Consello Económico e Social establece precisamente que están excluídos da consulta a ese organismo os proxectos de lei de presupostos das comunidades autónomas, e en particular, tendo en conta que esta lei que nos ocupa se formula como un complemento a esa Lei de acompañamento dos orzamentos, é precisamente —como digo— a que está excluída nesa preceptiva consulta.

Polo tanto, desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos expoñen claramente a Lei de orzamentos e de maneira autónoma para o ano 2025, e co obxecto —insisto— de contribuír a unha mellor eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de medidas referidas ás diferentes áreas, que con vocación de permanencia no tempo van contribuír sen ningunha dúbida á consecución dos obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través desta execución orzamentaria. Polo tanto, total lexitimidade, total dignidade e total habitualidade de utilizar a Lei de medidas para desenvolver estes presupostos.



En todo caso, eu sempre digo que se alguén quere dar exemplo de uso lexislativo, que vaian ao Congreso dos Deputados, e analicen eses 149 reais decretos lei dese mal chamado Goberno do señor Pedro Sánchez.

Falando de cousas concretas, eu creo que estes orzamentos reflicten un modelo fiscal consolidado na comunidade autónoma, propio e previsible, baseado en rebaixas de impostos. Si, facemos rebaixas de impostos —¿que quere que lle diga?— coa intensidade que permite a conxuntura económica en cada momento. Nestes últimos anos, o incremento da recadación acadou o 31 por cento dende o ano 2016, é dicir, case un catro por cento ano a ano. Polo tanto, este modelo fiscal consolidado permite facer rebaixas selectivas de impostos que benefician fundamentalmente as rendas medias e baixas. Deixen xa ese mantra de que benefician as grandes fortunas. Pero ¿liron algo dos orzamentos e da Lei de medidas?, ¿a que grandes fortunas benefician? Este é o mantra típico.

Concretamente, o que digo é que estamos beneficiando as rendas máis baixas e tamén os colectivos especialmente desprotexidos, persoas con discapacidade, familias numerosas, todas multimillonarias, menores de 36 anos, tamén todos multimillonarios, e tamén persoas vítimas da violencia de xénero, sen perder recadación; é máis: aumentando a recadación ano tras ano, un catro por cento de incremento da recadación nos últimos sete anos.

Continuando coa senda xa iniciada estes anos atrás, séguense a consolidar eses beneficios. E por comentar un par deles, primeiro, o imposto de sucesións. Levamos 910.000 persoas que se beneficiaron desta diminución do imposto de sucesións dende o ano 2016. O ano pasado engadiuse neste caso ao tratamento fiscal de herdanzas entre irmáns. E este ano apróbase unha nova mellora aplicable para os irmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados, xenros e noras, que suporá que as herdanzas de ata 25.000 euros a favor da calidade persoal deste grupo de parentes non tribute. Estamos diminuindo os impostos a todo este grupo de familiares. Deste xeito, non só se eleva ata os 25.000 euros a redución, senón que, ademais, se unifica a súa contía, con independencia do parentesco que teña coa persoa falecida.

Esta nova medida beneficiará a máis de nove mil quiñentos galegos cada ano, facendo que deixen de pagar o imposto arredor dun 65 por cento dos parentes do grupo 3. Total, dende o ano 2016, no imposto de sucesións: 941.000 galegos beneficiados, todos multimillonarios. *(Aplausos.)*

Unhas medidas que permitiron aforrar aos contribuíntes galegos 128 millóns de euros dende a súa declaración no ano 2022 e cerca de 280 millóns de euros no caso da declaración do ano 2023. Sendo o máis significativo de todo isto que a maior rebaixa a recibiron as rendas medias e as baixas, os multimillonarios galegos recibiron a maior bonificación, en concreto nos tres primeiros tramos da tarifa, onde se concreta aproximadamente máis do oitenta por cento dos declarantes. Aí o aforro é de 183 millóns de euros, señorías.

¿Vostedes están en contra de que ese grupo de galegos deixe de contribuír 183 millóns de euros? Con isto vou dar un dato específico da renda: a media por cada contribuínte galego, o que paga no IRPF correspondente aos anos 2022 e 2023, é 476 euros menos do que pagaban no ano 2009.



Falamos da vivenda. Este ano vanse establecer efectivamente dúas deducións para estimular as persoas propietarias de vivendas baleiras. Como supoño que saben, en Galicia hai nada máis e nada menos que 506.000 vivendas baleiras, medio millón de vivendas baleiras en Galicia. Alguén dirá que están nas vilas e pobos. Non, non, na Coruña, Santiago e Vigo, nas grandes cidades, 78.000 vivendas baleiras. Pois algo haberá que facer con elas. Outra cousa que habería que discutir é por que están baleiras, seguramente esas quiñentas ocupacións diarias e anuais que se producen en Galicia, ou quince mil en todo o Estado, algo terán que ver coas vivendas baleiras tamén.

En todo caso, a idea é que esas vivendas baleiras se poidan poñer no mercado, e neste caso no mercado de alugueiro. E son medidas, señora Rodil, destinadas a pequenos propietarios, alguén que ten ata catro vivendas, non un gran tenedor nin un fondo voitre —se me permite, eu non coñezo ningún dende logo que teña catro vivendas—, porque con esta norma digo aqueles que posúan máis de dez vivendas destinadas ao alugueiro, descontando a súa propia evidentemente, o alugueiro ten que ser regulado pola lei efectivamente.

E contémplanse dous tipos de doazóns posibles. Por unha banda, a persoas que teñan a vivenda baleira, que para poñela en condición de ser usada se precisen determinadas obras. E para isto vaise permitir deducir o 15 por cento do custo desas obras, ata a unha base máxima de 9.000 euros por vivenda, sempre que o valor no mercado da vivenda non supere os 300.000 euros; vivendas de luxo, todas vivendas de luxo as que se van poñer no mercado.

E, por outra banda, a persoas que conten cun número pequeno de vivendas que non se deciden a poñelas en alugueiro, por entender que non lles compensa, e para incentivar a que o fagan, efectivamente, váiselles permitir reducir ata 500 euros por vivenda o primeiro ano que se alugue, sempre que a renda non supere os 700 euros mensuais. ¿A vostede tamén lle parece que 700 euros mensuais son vivendas de luxo? Eu estou contento de que a renda media das vivendas en Galicia sexa de 600 euros, pero vaia vostede a Vigo, vaia á Coruña ver cantas vivendas atopa vostede 700 euros. Xa lle digo que ningunha vai atopar.

Polo tanto, seguimos traballando nesta política de beneficiar as rendas máis baixas. E quero dicirlles que de todas estas medidas se teñen beneficiado no 2016 máis dun millón cen mil familias, sen ter en conta a rebaixa dese treito autonómico do IRPF.

Polo tanto, agora, con esta lei que vostedes demonizan imos seguir traballando para adoptar medidas tributarias neste imposto coa finalidade concreta de facilitar o acceso á vivenda dos galegos. E faise dúas formas: por unha banda, apoiando a vivenda protexida de promoción pública e, por outra banda, como dicía, estimular as persoas propietarias para que poñan eses bens inmoables no mercado do alugueiro.

No primeiro dos casos, imos tamén traballar na equiparación dos locais comerciais para que se destinen a usos de vivendas. De feito, hai unha autoemenda. Claro, nisto partimos dun problema, que, segundo os grupos da oposición, o Grupo Popular non pode facer emendas á lei. Mire vostede: si que podemos facer, e de feito fixemos. Por certo, as emendas eu prefiro cualificalas por número delas, non ao peso, non por folios. A vostedes xa sei que lles gusta contar os folios, pero nós falamos de número de emendas. E no caso concreto das autoe-



mendas do Partido Popular, pois hai vinte e cinco que están na lei nesa da taxa turística, esa que tanto lle interesa a un concello como o de Santiago Compostela ou a un concello como o do Grove, os dous únicos concellos que mostraron interese por desenvolver a taxa turística. Desenvolveuse iso a través dunha emenda que ocupa moitos deses 128 folios. Pero non pasa nada, léaos con calma, que cando os teña lidos saberá de que van.

Polo tanto, fíxose unha emenda tamén para o tema dos locais comerciais, vaise traballar nesa promoción e construción e rehabilitación de vivendas que se poñan no mercado de alugueiro, para que poidan aumentarse, por suposto.

En conclusión, esta política fiscal que estamos a facer vai permitir crecer ano a ano a recadación impositiva e permitir facer rebaixas selectivas, dirixidas fundamentalmente —insisto— ás rendas medias e baixas, colectivos de especial protección, e dinamizar o mercado inmobiliario, a favorecer investimentos de eficiencia enerxética nas vivendas e coadxuvar ao avance cara a unha mobilidade máis sostible e permitir esa transición interxeracional das pequenas e medianas empresas galegas. E este ano tamén favorecer a posta á disposición de vivendas no mercado do alugueiro para facilitar o acceso a unha vivenda dos cidadáns galegos.

Mención á parte podería ter tamén o tema dos eólicos. Aquí volvemos atoparnos con esa campaña orquestrada sempre, especialmente do Bloque Nacionalista Galego, que ve fantasmas onde non os hai. É que o que vén dicir é tratar de opoñerse a unha idea clara. A Xunta ten clarísimo que a xestión da riqueza dos recursos naturais de Galicia ten que estar ao servizo dos intereses de toda a poboación galega, por iso a política industrial e enerxética da Xunta vai vir determinada pola Lei de recursos naturais, que obriga a que calquera proxecto xere beneficios sociais e económicos no territorio. Por certo, lei debatida nesta cámara sen ningún medio antidemocrático como vostedes din; iso si, aprobada cos seus votos en contra e publicada no *DOG* hai unhas semanas.

Esta lei recolle o modelo enerxético e, por ende, o modelo eólico para os vindeiros anos e garante unha cuestión básica: todo proxecto enerxético que se queira desenvolver na nosa comunidade autónoma ten que asegurar un beneficio social e económico nos territorios nos que se implanta. Iso di a lei que vostede votou en contra pero que se aprobou neste Parlamento, señora Rodil, sen ningunha falta de transparencia democrática.

Eu viña debater a Lei de medidas e, claro, atopeime que aquí se fala da Comisión de investigación, fálase de Altri, no canto de falar da Lei de medidas. Ben, falemos da Comisión de investigación e falemos de Altri.

Na Comisión de investigación quedou moi claro o papel do Goberno bipartito durante o seu mandato; un Goberno que, si, tiña moita vontade de facer o novo hospital, pero non moveu nin un metro cúbico nin un ladrillo. Durante catro anos, tres plans funcionais, un concurso de ideas, e cando chegou o 2009, ¿que tiña feito na parcela de Beade? Non lle gustou a foto que lle ensinamos na Comisión de investigación, esa non lle gustou. E ademais, pois precisamente na Comisión de investigación un alto cargo do Bipartito dixo, efectivamente, para falar dunha SPI cunha empresa mixta 90 por cento de capital privado e 10 por cento de ca-



pital público, que decidiran mellor esperar ás eleccións para publicar esa decisión; que, claro, era unha falta de respecto aos votantes e aos posibles gañadores das eleccións. Iso foi o que se dixo na Comisión de investigación. Entón, ¿con que cara dura veñen aquí falar da Comisión de investigación? *(Aplausos.)*

E no caso de Altri, ben, unha máis: a AP-9, Alcoa... Agora será Altri e dentro de cinco anos ou de dez anos volveremos ter un proxecto estratéxico para os galegos e as galegas ao que o Bloque Nacionalista Galego se opoñerá por si, por definición ou por cuestións políticas.

Hai unha cuestión que dixo claramente a señora Prado: hai un procedemento administrativo, hai unha documentación que si se está estudando minuciosamente —señora Rodil, «minuciosamente»—, e os técnicos que estuden esa documentación establecerán se hai un risco ou non para os veciños da Ulloa, para os veciños do río e para toda Galicia. E se non hai ese risco, o informe correspondente dirá que se pode facer Altri; efectivamente, é que isto é así nun país democrático, non nas repúblicas doutro tipo.

Falaba a señora Iglesias da Deputación de Lugo, e eu non podo deixar de comentar. Claro, en Lugo hai nove residencias, evidentemente, de ámbito público, pero as nove están concesionadas con empresas, as nove, e non pasa nada, nós non criticamos ese modelo. Os que o critican son vostedes, que permanentemente cando nós lle damos a concesión dun servizo calquera a unha empresa privada, privatizamos, e vostedes externalizan. Ben, pois en Lugo nove empresas xestionan seguramente moi ben as residencias públicas que están en Lugo, pero que as xestionan empresas privadas, como ben vimos defendendo durante moitísimo tempo.

Poderíamos falar moitísimo máis dos aspectos da Lei de medidas, eu non quero deixar de falar desa modificación tan importante do procedemento para a declaración de discapacidade e os procesos asociados que van nesta Lei de medidas, que vostedes votan en contra, ou moitas outras cousas, como tamén se teñen que ver coas inundacións. Ben, a todo é non, a todo é non e todo é Comisión de investigación e todo é Altri.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para definírense sobre as emendas. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Moitas grazas, presidente.

Para pronunciarnos sobre as emendas. Anunciar que rexeitamos as emendas parciais incorporadas no ditame do PPdeG e apoiaremos as emendas parciais do BNG ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. ¿Por que? Porque, como dicía ao principio na primeira intervención, evidentemente, é un proxecto sen rumbo definido e que amosa bandazos e máis bandazos. E, sobre todo, cremos desde a socialdemocracia galega que



temos un proxecto útil e propositivo nesas noventa e sete emendas, que ao mellor non se mira ao peso, pero, ben, esforzo á hora de presentalas e facelas houbo por parte moito deste grupo parlamentario.

Entendemos que non se aposta evidentemente polos servizos públicos desde o corazón do público, señor Comesaña: da sanidade, da educación, da dependencia. Os datos están aí. Por iso insistía en que cremos que non hai un proxecto alternativo para Galicia nesta Lei de medidas.

E a min preocúpame tamén como voceira de Industria e Enerxía sobre todo a falta dunha política enerxética recoñecible no noso país e de cambio climático. Creo que non é bo que se fagan trece modificacións da Lei do sector eólico, e xa non digo nada desa autoemenda de 128 páxinas presentadas pola porta de atrás. Realmente, a inseguridade xurídica no sector é tremenda, insoportable, «insoportable», señor Comesaña.

Nós faciamos propostas propositivas: teñen que sacar a ampliación da Rede Natura do caixón; o proxecto sectorial eólico novo do Goberno galego non verá a luz —como dixo a conselleira, a señora Lorenzana— como moito ata dentro de catro anos. ¿Que van facer mentres tanto? ¿E cos setenta parques eólicos e os proxectos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que moitos son por motivos de sustentabilidade ambiental? ¿Que van facer? O sector quere medidas, quere evidentemente solucións xa. E mentres perdemos o tren en Galicia, de primeira á sexta potencia eólica; de primeira á sexta, fagan as contas. A falta de política en vivenda pois é un dos maiores fracasos do Goberno galego nestes dezaseis anos que leva no goberno, e os orzamentos do 2025 así o amosan.

E o señor Rueda, na Lei de medidas, ¿que ofrece? Pois como única resposta unha solución a longo prazo: liberalizar o solo e deixar os problemas de novo na construción de vivenda para as grandes construtoras.

¿E cales son as propostas socialistas en Galicia para resolver a crise da vivenda e impulsar un proxecto progresista, rigoroso, alternativo ao Goberno galego do PPdeG?

Pois dígollas. Evidentemente, reivindicamos —como dixo o noso voceiro José Ramón Gómez Besteiro— unha figura dun banco público de alugueiro de vivendas, cun investimento próximo aos vinte millóns de euros, 17 millóns de euros que se renuncian do imposto de sucesións, da bonificación do imposto de patrimonio, e de 17 millóns de euros contabilizados polo informe da Atriga. Vinte millóns poñeríamos nós no banco público de vivendas públicas. Desa renuncia que se fai dos impostos que non favorecen os patrimonios máis altos, cando o mínimo exento saberá, señor Corgos, que son 600.000 euros de patrimonio neto. (*Aplausos.*) ¿Non sei cantos de aquí temos ese patrimonio neto, señor Corgos? (*Aplausos.*) Son 17 millóns de renuncia e 20 millóns que nós poñeríamos nun banco público de alugueiro.

Sería posible sacar dese alugueiro tamén arredor de cinco mil vivendas baleiras en toda Galicia —como ben apuntou o señor Comesaña—, que hai moitas, evidentemente, e permitiría que tamén a Xunta e o Goberno galego dende o corazón do público pois puxeramos evidentemente como garantía dos contratos de alugueiro que se firman, da duración e do aboa-



mento de rendas aos propietarios, o establecemento de prezos xustos que eviten esa especulación e permitan aos mozos e mozas e ás familias, e moitas mulleres tamén —digamos— de familias monoparentais, poderen acceder a esas vivendas.

Solicitamos o aumento de persoal da valoración da dependencia, isto é preciso. É urxente evidentemente, para un mellor servizo de coidados, modificar a Lei de sanidade, mellorar a sanidade pública incrementando os recursos persoais e atraendo a máis profesionais. Hai que darlle condicións dignas ao persoal estatutario e potenciando a porta de entrada que é a atención primaria, señorías.

Apostar por unha política recoñecible de transición enerxética —como dicía— é urxente. Un liderado, un impulso ordenado e planificado das enerxías renovables no noso país, cun enfoque de colaboración público-privada, non o imos negar, pero desde unha empresa pública cen por cento do accionariado, (*Aplausos.*) como o EVE vasco; copiemos ese modelo, evidentemente.

Impulsar o investimento de I+D nunha Galicia cuxos niveis están por debaixo da media española e buscando subir ese PIB galego en investimento de I+D+I.

Elaborar unha política industrial activa, por unha banda, e reforzar os sectores produtivos tractores do país ante os retos desa transición ecolóxica que está aí; enfoques sectoriais nas políticas agrogandeiras, pesqueiras e de comercios e servizos. E a cadea de valor que quede aquí. Somos grandes produtores de leite, pero tamén queremos en Galicia que se produzan iogures e queixos, señor Comesaña. Queremos que a cadea de valor quede aquí, (*Aplausos.*) e non unha macrocelulosa de produción. E o *lyocell* ou a celulosa, evidentemente, non cumpren ese principio de economía circular, señor Comesaña.

Os socialistas temos moitos exemplos incluso que se están impulsando de proxectos de economía circular. Gústanos, por exemplo, o proxecto industrial das Somozas e a contribución ao Fondo de Transición Xusta que se fixo por parte do Goberno de España en Ferrolterra, que vén de recibir a través do Miteco 3 millóns de euros para a planta de tratamento de residuos do *valogreene*, unha industria que tratará corenta mil toneladas de refugallos, que agora ¿saben onde van, señor Comesaña? A incinerar. Eses proxectos de economía circular son os que queremos as socialistas de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS REY: Apostar polo feminismo e a transversalidade de xénero, e por políticas de loita decidida contra esa lacra social.

En definitiva, desde o PSdeG imos traballar nesta lexislatura moito para que estas medidas que cremos útiles e propositivas, que presentamos nas noventa e sete emendas ao Proxecto de lei medidas, se poñan enriba da mesa nas comisións, nos plenos, como parte dun proxecto rigoroso, solvente, progresista da socialdemocracia. Pensando por e para o noso país e pensando por e para os galegos sen que ninguén quede atrás.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nós, para non esquecerme, imos absternos nas emendas do Partido Socialista. Xa o expliquei tamén no debate en comisión, porque mais alá da cuestión de fondo nalgúns aspectos podemos estar de acordo, pero insistimos en que non nos parece desde o BNG este o procedemento lexislativo nin sequera diante do abuso que fai del o Partido Popular. Entón, non lles daremos o noso apoio.

E o señor Comesaña, que dicía: «o típico mantra dos beneficios fiscais». O típico mantra dos beneficios fiscais do Partido Popular son que se tedes a sorte de ser algunha das persoas agraciadas, con ser algunha das sete mil persoas con máis patrimonio en Galiza, levades unha rebaixa fiscal de 5.400 euros. Se tes, pola contra, a desgraza —porque non se pode atribuír a outra razón— de ter uns ingresos anuais de 12.500 euros, aforras 50 euros, que non che dan nin para *pagarte la cita en el ginecólogo*, basicamente. (*Aplausos.*) Entón, ¡home!, señor Comesaña, mantra, mantra o do Partido Popular en facer unha política fiscal que non é xusta, que non é equitativa, que non é progresiva e que beneficia de maneira notable os grandes patrimonios.

¿Sabe que é o que defende o Bloque Nacionalista Galego? Que pague máis quen máis ten, para ter máis recursos económicos cos que blindar e fortalecer a rede pública de servizos, que son, por certo, os que nos fan a todos igual, independentemente do diñeiro que teñamos na carteira.

E eu que lle vin agora xa ao longo de todo este debate da Lei de acompañamento aos orzamentos un espertar así de preocupación ao Partido Popular pola cantidade de vivendas baleiras que existen en Galiza, ¡benvidas á preocupación polo tema da vivenda e a vivenda baleira, que leva quince anos denunciando o Bloque Nacionalista Galego e quince anos negando o Partido Popular! (*Aplausos.*) ¿E cal é a proposta estrela do PP nesta Lei de acompañamento? Beneficiar a quen teña até catro vivendas, incluída a súa particular. Non será un gran detedor, debe ser unha persoa con moita sorte, ter catro vivendas, ¿a ver quen as ten?, e ademais poñelas en alugueiro por encima do prezo medio de mercado. Collan os datos do Observatorio de Vivenda da Xunta de Galiza —eu traio aquí cifras oficiais—, collan os datos dos prezos medios do alugueiro das sete principais cidades de Galiza e verán que 700 euros está por encima do prezo medio de alugueiro. ¿A ver quen pode pagar —tamén llelo digo— 700 euros cos salarios que cobra a xente? Superior —insisto— á media do que se cobra nas sete principais cidades galegas, sen diferenciar en absoluto —porque na súa emenda non o fan— entre un piso de 50 metros cadrados e un que teña tres habitacións, e moito menos diferencian un piso no centro de Vigo, que é a cidade na que vostede vive, ou no rural de Lugo.

¿Cal é a proposta do Bloque Nacionalista Galego, señor Comesaña, señorías do Partido Popular, para mobilizar vivenda baleira? Presionar a quen a ten e non a pon no mercado, por-



que hai que lembrar que a vivenda é un dereito social e non un ben para especular con el. Poñer a través desa presión fiscal que grave aos grandes detedores de vivenda eses inmobles no mercado, porque é —insisto— un dereito social, e topar o prezo do alugueiro para que a xente poida ter un salario co que pagalo.

E, por último, falamos de Altri, entre outras cousas porque eu quero lembrar que os proxectos industriais estratéxicos como o de Altri están regulados por unha Lei de acompañamento aos orzamentos do ano 2023, que nesta lei do ano 2024, que van vostedes aprobar en solitario hoxe, pasando por riba de todo o mundo, se regulan proxectos industriais para concellos de menos de vinte mil habitantes —que, claro, co tempo que temos non dá para falar de todo—. E están vostedes tan preocupados de verdade polo cumprimento dos informes técnicos no caso de Altri que, desde o día en que saíu publicado o Proxecto Gama no *Diario Oficial de Galiza*, os principais comerciais e valedores dese proxecto están sentados no Consello da Xunta, no Goberno e nas bancadas do Partido Popular. (*Aplausos.*) E remítome ás declaracións públicas da conselleira de Industria, nas que dicía: «*Nada, esto con dos o tres puntualizaciones, pa'lante, como los de Alicante*». Hai cen mil persoas —que logo se di, pero tárdase moito tempo en xuntar unha xente así— que de maneira unánime, que de maneira clamorosa dixeron que non queren un proxecto destas características neste país, porque responde a un modelo que nada ten que ver cos intereses do conxunto da sociedade galega, que nada ten que ver co modelo de desenvolvemento económico e industrial que queremos para este país, que iso si que é vello e non a AP-9. Iso si que é vello: depredación e espolio para poñer os recursos naturais de Galiza ao servizo dun puñado de multinacionais que o único que deixan aquí non son postos de traballo, son a contaminación e a destrución do medio de vida de moitísima xente, que esa así xera emprego e riqueza cada día no sector primario, no sector pesqueiro e no sector marisqueiro deste país.

En definitiva, insisto: nós imos votar en contra polo fondo e pola forma. Porque será moi legal, dirao o Tribunal Constitucional, pero traer aquí unha lei que reforma medio cento de textos legais e decretos, que se debate dun só plumazo, que non pasa por un só órgano consultivo e que nin sequera se permite que o texto que hoxe se somete á votación sexa na súa integridade emendable polos grupos parlamentarios é un atropelo desde calquera punto de vista, tanto na forma —insisto— como no fondo. Con nós para iso non contén.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Grazas, presidente.

Señorías.

Ben, antes de nada, quixera —tamén para que conste no *Diario de Sesións*— agradecer a aceptación dunha corrección terminolóxica que tivemos concretamente no termo «diminuído»



por «discapacitado», consoante co cambio na Constitución. Agradecer logo aos grupos políticos esa flexibilidade, que conste en acta.

A ver, falaba a señora Iglesias das referencias a *The Economist*, de como se falaba da economía española. Ben, vostede esqueceu que tamén nesa revista prestixiosa se falaba de algo como que Pedro Sánchez se aferra ao poder á custa da democracia: «*El prestigioso medio británico describe al presidente como un estratega astuto y despiadado*». (*Murmurios*.) Se falamos de *The Economist*, falemos de todo. (*Aplausos*.)

Falaba vostede, señora Rodil, destes pisos de 30 metros cadrados. ¿Sabe vostede quen foi o cargo público que primeiro falou dos pisos de 30 metros cadrados? ¿Acórdase vostede dunha ministra socialista que se chamaba María Antonia Trujillo? Pregúntelle a ela polos pisos de 30 metros cadrados, ¡pregúntelle a ela! (*Aplausos*.) (*Murmurios*.) Si, pregúntelle a ela.

Dicían que esta lei non aposta polo corazón do público. Ben, pois non sei onde se fala aquí de estatuto marco, señora Iglesias, onde se fala de educación. Si, na lei de emendas fálase de educación para consolidar ese grande acordo que se fixo o ano pasado no ámbito da educación, ou para, por exemplo, darlle seguridade legal á prohibición de usar os móbiles nos centros educativos. Pero de sanidade precisamente na lei de emendas, salvo polo tema de poder incorporar os profesionais sanitarios que non teñan o título fóra da Comunidade Europea, non hai ningunha referencia á sanidade. Non sei por que di vostede que con esta lei non se aposta polo público no ámbito da sanidade.

Fala vostede da I+D. Xa llo dixen o outro día: o I+D+I en Galicia está no 2,4 por cento do presuposto. Diciamos antes que na época do Bipartito apenas rozaba o 1 por cento. Claro que se aposta pola I+D, e hai que seguir avanzando, mais non para chegar a ese obxectivo que vostede di algunhas veces do 3 por cento do PIB, ao que xa renunciou toda Europa.

Tamén fala de Altri. Curiosamente, antes das eleccións si que apoiaban os socialistas o proxecto de Altri e ademais daban os datos de Altri. Falaban dun proxecto, efectivamente, de economía circular; claro, agora falan de «macrocelulosa». É que Altri leva detrás o *lyocell* —que hoxe comentaban vostedes— e que curiosamente pode nutrir unha industria, ben, residual en Galicia como é a industria téxtil. En Galicia, a industria téxtil non pinta nada, e o proxecto de Altri non sabemos que encaixa aquí nesta comunidade. Estean tranquilos, se o proxecto de Altri supera os trámites medioambientais, irá para adiante, como irá para adiante calquera proxecto que cumpra eses requisitos. Polo tanto, deixen xa de facer demagogia.

Falaba vostede, señora Rodil, dos cen mil que apoian o proxecto de Altri, ou que non o apoian neste caso. Ben, é que hai setecentos mil galegos que en febreiro dixeron que apostaban por outro modelo industrial. (*Aplausos*.) (*Murmurios*.) Non, non, o proxecto —que ademais recordará vostede, porque esa fin de semana traballou moitísimo— publicouse unha vez pasadas as eleccións, como xa dixera antes. E os datos coinciden exactamente os que se publicaron na páxina web cos que se dixeron neste Parlamento, os que dixo, por exemplo, o Grupo Socialista, que despois onde «*dije digo, digo Diego*». (*Murmurios*.)



Eu creo que no caso de Altri a foto é clarísima, (*Murmurios.*) e falando de fotos, ata a manipulación das fotos, que diso vostede sabe moito, e poñer chemineas e fume por detrás. É un exemplo claro de como traballan vostedes. Pois sigan nesa liña, nós seguiremos na liña administrativa, na liña técnica, na liña da seguridade xurídica, facendo que as empresas que teñan proxectos realmente innovadores ou de economía circular, veñan a Galicia, pasen os trámites correspondentes e se implanten, como afortunadamente seguen facendo a pesar de vostedes.

E falando da Lei de medidas e de todo o articulado, eu creo —como dicía antes—, e vostede ao final parece que si, aínda que o Constitucional o ampare, si, o Constitucional ampara a Lei de medidas, e estas medidas todas, fiscais e administrativas, están orientadas a desenvolver unha Lei de orzamentos que acabamos de aprobar aquí hoxe por décimo sétima vez nesta época; unha Lei de orzamentos que vai permitir seguir apostando por esas medidas fiscais. Claro, vostede di: non, fíxese se vostede ten a sorte de ser un deses poucos que ten máis de non sei cantos miles de euros. Mire: en Galicia o 80 por cento dos contribuíntes aforraron o ano pasado 183 millóns de euros, que son os tres primeiros tramos do IRPF. ¿Que máis lle podemos pedir aos galegos que aforren eses cartos? Os que vostede di non din iso.

Polo tanto, eu agradezo —insisto— a colaboración dos grupos parlamentarios nestes pequenos detalles. E creo que, efectivamente, a Lei de medidas vai permitir desenvolver o obxectivo fundamental da Lei de orzamentos, que hoxe, unha vez máis, acabamos de aprobar neste Parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Votacións do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas formuladas e mantidas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 39; abstencións, 26.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas formuladas e mantidas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o ditame da comisión coas emendas que foron incorporadas antes, que neste caso non é.

Votamos.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 35.

O resultado da votación é positivo.


En consecuencia, queda aprobada a Lei de medidas fiscais e administrativas.

O señor PRESIDENTE: Aquí remata este pleno.

Pero non, non se movan, mellor, porque abrimos xa o outro, e ademais abrímolos cunha votación. Entón, é mellor quedar aquí.

Remata a sesión ás tres e nove minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

